

Revista GALEGa
de filoloxía

monografía 6

O complemento preposicional en galego

Análise desde
a gramática
de valencias

Xosé Manuel
Sánchez Rei

Revista galeGa
de filoloxía

monografía 6

Xosé Manuel Sánchez Rei

O complemento preposicional en galego

**Análise desde a
gramática de valencias**

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

Subdirector: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretario: Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C 4161-2010

ISBN: 978-84-9749-449-6

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

Índice xeral

Principais abreviaturas non literarias advertidas no texto	7
Prefacio	9
1. Introducción	13
1.1. Cuestións xerais.....	13
1.2. O verbo e os seus complementos	17
1.3. A valencia	23
1.3.1. A valencia e os seus actantes no marco sintáctico-semántico de rexencia..	23
1.3.2. Outras aplicacións do concepto de valencia.....	30
1.3.2.1. Valencia interior e valencia exterior	30
1.3.2.2. Valencia semántica.....	31
1.3.2.3. Dicionarios de valencias.....	32
1.3.2.4. A valencia do texto	32
1.3.3. Actantes e circunstantes, argumentos e satélites	34
1.3.4. Actantes obrigatorios e actantes facultativos	43
2. Caracterización de A_4	47
2.1. Cuestións xerais.....	47
2.2. Preposicións que introducen A_4	54
2.2.1. Inmutabilidade preposicional	61
2.2.2. Alternancia preposicional.....	62
2.3. Os constituíntes de A_4	67
2.4. O tratamento de A_4 nas gramáticas galegas.....	69

3. O verbo e A_4	77
3.1. Verbos bivalentes.....	77
3.1.1. Verbos cunha única posibilidade de construción (A_4).....	77
3.1.2. Verbos con dupla posibilidade de construción (A_2 / A_4 e A_3 / A_4).....	78
3.1.2.1. $V + A_1 + A_2 / A_4$ sen mudanza de significado	79
3.1.2.2. $V + A_1 + A_2 / A_4$ con mudanza de significado.....	86
3.1.2.3. $V + A_1 + A_3 / A_4$	87
3.2. Verbos trivalentes construídos con A_2 e A_4	88
3.3. Verbos de valencia variábel.....	92
4. Conclusións	103
5. Referencias bibliográficas	109

Principais abreviaturas non literarias advertidas no texto

A	Actante
ADX	Adxectivo
B	Bivalente
CC	Complemento circunstancial
CDs, CCDD	Complementos directos
CD	Complemento directo
Cfr.	confróntese
CI	Complemento indirecto
col.	coloquial
CP, CPREP	Complemento preposicional
CPRO	Construción pronominal
CRP	Complemento de rexime preposicional
FN	Frase nominal
FFNN	Frases nominais
FPREP	Frase preposicional
FV	Frase verbal
M	Monovalente
MF	Morfemas flexivos de número e persoa
MMT	Morfema de modo e tempo
MNP	Morfema de número e persoa
N	Nome
O, OBX	Obxecto
OBL	Oblicuo
OD	Obxecto directo
P	Preposición
PA	Portugués americano
PE	Portugués europeo
pop.	popular
S, SUX	Suxeito
s.d.	sen data [de publicación]
s.v.	<i>sub voce</i> ou <i>sub vocibus</i> , para esta voz ou para estas voces.
SUBS	Substantivo
SUP	Suplemento
V	Verbo
vs.	<i>versus</i> , en confronto con
VT	Vogal temática

Prefacio*

Con este contributo pretendemos analizar o que se vén denominando comunmente suplemento (SUP), mais desde unha óptica dependencial, en que se identifica co cuarto actante (preposicional) dos exixidos sintáctica e semanticamente polo verbo (A_4). A importancia dese modelo de análise lingüística, desenvolvido a partir de nomenclaturas como teoría da valencia, gramática de valencias, gramática de dependencias etc.¹, concórdese ou discórdese cos seus principios, non se pode negar: foi amplamente subscrito nos países e nacións que integraban a antiga Unión Soviética e goza na actualidade dunha notoria implantación nalgunhas universidades alemás², cal Leipzig, en que o traballo investigador de Gerd Wotjak, continuador de Helbig, Brinkmann, Schenkel etc., se ten orientado nesta dirección; aliás, posúe un seguimento singular nalgunhas desas institucións homólogas portuguesas, como a Universidade do Porto, mercé ao labor de Mário Vilela, quen introduciu ese marco teórico en Portugal por volta de 1986 (Busse / Vilela 1986). Aínda que desde a publicación xa clásica de Lucien Tesnière, *Éléments de Syntaxe Structurale* (1959)³, a teoría da valencia ten

* Os datos referidos á lingua medieval que figuran neste estudo proveñen dos traballos realizados no marco do proxecto de investigación intitulado *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. I. Cantigas de amor e cantigas de amigo* (código FF12009-08917) e dirixido na Universidade da Coruña polo Dr. Manuel Ferreiro Fernández.

- 1 Con todo, aínda se empregando rendibelmente todos estes nomes, convén notarmos que tales denominacións non son totalmente equivalentes, a teor do que expón Silva (2001: 91): “Inicialmente, a gramática de valencias era quase sinónimo de ‘regime’, no sentido en que permitía determinar o regime do verbo, do adjectivo e do substantivo, cabendo á gramática de dependencias a función mais lata de descrever as relacións de dependencia no interior da frase, nomeadamente no que se refere ás relacións entre o verbo e os complementos da frase. Na verdade, a designação ‘gramática de dependencias’, a que serve de rótulo á teoría seguida pela escola de Leipzig (Helbig e Wotjak) baseada em Bondzio, comporta uma abrangência mais ampla em que ‘valência’ representa já um submodelo de ‘dependência’”.
- 2 Véxase Báez San José (1988: 41) cando indica que é “síntomático el hecho de que la obra de L. Tesnière tuviera durante una década poco éxito en los países románicos, frente a la fervorosa acogida de sus ideas entre los germanistas y romanistas de ambas Alemanias”.
- 3 Temos de notar, no entanto, que, de acordo con Coseriu e como ben sinala Báez San José (1988: 13), a utilización de esquemas e de diagramas de dependencias, os *stemmata* de Tesnière, tivera un precursor na figura do lingüista xermano-romeno Titkin (1850-1936), aínda que sexa difícil demostrar a influencia que este investigador puido exercer en Lucien Tesnière. O propio Tesnière xa adiantara os puntos básicos do que sería posteriormente a gramática de valencias nun traballo de comezos da década de trinta (1934). Son interesantes, outrosí, as palabras do autor (Tesnière 1994, I: 28, nota 8) sobre este particular, en que fai referencia a algúns lingüistas soviéticos que xa percorreran eses derroteiros: “Encontrándome en una misión en la URSS en 1936, y habiendo comprado allí algunas gramáticas rusas, tuve la alegría de comprobar que la idea del estema había germinado allí de manera independiente. La primera cronológicamente de las gramáticas donde encontré estemas es la de Ushakov, Smirnova y Shcheptova, Uchebnaia Kniga po russkomu iaziku, Moscú-Lenigrado, Gosizdat, 1929, 3.ª parte, págs. 6 y 7, 4.ª parte, pág. 5. Me dijeron que los Sres. Barkhudarov y Princip, alumnos de Scherba, habían utilizado el estema desde 1930. Y he descubierto estemas en la Grammatika de Krjuchkov y Svetlaev, Moscú, 1936, págs. 6 y 7”.

experimentado notábeis modificacións e revisións, como a de Stepanova (1967a, 1967b), autores da nosa época insisten en sinalar a relevancia do contributo do autor francés, mesmo, como fai Báez San José (1988), no sentido de indicaren os paralelismos existentes entre a percepción do fenómeno lingüístico por parte de Tesnière e por Noam Chomsky, ao menos, neste último, nalgúns dos seus traballos igualmente clásicos (1957, 1965, 1972).

Con todo, a valorización da teoría da valencia é irregular entre as diferentes escolas e autores⁴, pois en canto algúns estudiosos subliñan a súa relevancia outros, contrastivamente, non fan comentario ningún aos seus contributos. Por exemplo, Malmberg (1985: 225), nun capítulo destinado a expor a historia da lingüística, di que entre

los sucesores en la tradición de Meillet en Francia, nos contentamos, con todo el respeto que debemos a los otros, con mencionar un solo nombre: Gustave Benveniste. Otros dos lingüistas franceses merecen ser citados: Gustave Guillaume y Lucien Tesnière [...]. El segundo ha analizado la sintaxis de una manera que recuerda extrañamente la gramática generativa sin ser idéntica a ella. Las contribuciones de Tesnière son anteriores a las de Chomsky.

En confronto, Domínguez Mujica (1998) non fai ningún tipo de referencias aos contributos desta corrente de investigación, a pesar de analizar o estruturalismo americano, a gramática xenerativa e a gramática funcionalista. Ficamos, en fin, co parecer da profesora Brito (1999: 17), quen sinala que só “será com Tesnière que se começará a desenvolver uma Sintaxe estrutural”, para logo indicar que este autor “é assim o iniciador na Europa das ‘gramáticas de dependências’ ou ‘gramáticas de valências’ que haveriam de dominar a cena europeia nos anos 60, 70 e parte dos anos 80.”

No que respecta á Galiza, e deixándonos de lado algúns traballos específicos que parten da gramática xenerativa, a tendencia maioritaria para a abordaxe lingüística se ten decantado con moito polas correntes estruturalistas e funcionalistas, de forma que as últimas gramáticas publicadas no noso país se enmarcan nesa corrente⁵. Tentamos

4 Sobre a influencia da obra de Tesnière en estudiosos posteriores, véxase Arrivé (1969) e especialmente Báez San José (1988), que será seguido nestas páxinas.

5 Cando ponderamos esta tendencia maioritaria, non estamos, obviamente, a deixar de lado contributos modernos realizados desde postulados teóricos distintos do estruturalismo ou do funcionalismo, e neste sentido son de obrigada cita, entre outros, os traballos de Prieto Alonso (1986) ou de Dubert García (1999). Ora, o primeiro como o segundo, proporcionando ao idioma galego novas perspectivas de estudo, non foron concibidos como gramáticas, mais como senllos monográficos consagrados respectivamente á sempre recorrente disposición dos clíticos no galego e ás particularidades da lingua oral compostelá.

con esta exposición, por tanto, ofrecer unha visión distinta á destas obras por dous motivos principais. Primeiramente, coidamos que a gramática dependencial pode abrir unha nova concepción do que se entende adoito por complemento preposicional (en adiante CPREP) ou SUP e contribuír para a clarificación do conflito que, nalgúns casos, presenta en relación aos outros elementos argumentais exixidos polo verbo. E en segundo lugar, este estudo aspira tamén, aínda que só sexa modestamente, a actualizar a reflexión gramatical sobre o galego no sentido de a abordarmos con outras perspectivas de análise comúns no concerto europeo, de escasa familiaridade entre nós, mais de amplo seguimento para outras linguas⁶.

Finalmente, cómpre sinalarmos aquí que unha primeira versión desta obra, de dimensións moito máis reducidas, foi a que desenvolvemos en Sánchez Rei (2005a). Pesquisas posteriores continuaron a liña comezada con ese traballo até daren enformado o presente texto, o cal, grazas ás lecturas que del fixeron algunhas persoas amigas, mellorou de xeito notábel. Mais, como se torna lóxico, todos os erros que aínda subsistiren son da única responsabilidade do autor.

6 Inclusive no caso do latín, conforme desenvolve Happ (1978) partindo da visión tradicional do ensino e aprendizado desa lingua.

1. Introducción

1.1. Cuestións xerais

Ao se falar das clases de palabras que existen na nosa lingua, tamén denominadas “partes da oración” ou “categorías gramaticais” segundo certas correntes⁷, chama a atención como o verbo mantivo sempre a súa caracterización e a súa singularidade a respecto doutras tipoloxías. Deste modo, por exemplo, en canto aínda hoxe non hai acordo unánime en se o SUBS e o ADX son dúas modalidades do N (o que está en función, en grande medida, das escolas lingüísticas) ou en se, polo contrario, non merecen ser agrupados baixo a mesma etiqueta⁸, co verbo non se deu esta problemática, sempre se considerando un tipo de palabras á parte, identificado e ben delimitado con relación ás outras. Obviamente, non é por un acaso que isto así fose, como tampouco é por unha casualidade que, desde algúns modelos teóricos, exista certa problemática tamén na actualidade para saber se ten capacidade de ser o núcleo da FV ou se, en confronto, é a cláusula a que depende en última instancia del e a que se organiza ao seu redor. Este parece ser o postulado de Fonseca cando fala de que é no verbo onde se acha a centralidade de calquera enunciado, entendido este como a unión dunha predicación lingüística máis unha serie de elementos circunstanciais (*Deille os parabéns na súa casa*); nas ditas estruturacións, segundo o autor, o verbo sempre ten “presenza regular” (Fonseca 1993: 105).

O certo é que na cultura occidental e desde a tradición gramatical grecolatina se vén identificando o verbo como unha clase de palabras á parte, e o mesmo se podería

7 Non carecen dunha certa polémica estas dúas nomenclaturas, xa que a primeira delas, “partes da oración”, ten o inconveniente de se poder confundir con outras “partes” constituintes de unidades sintácticas maiores no enunciado, tales como o SUBX, os complementos etc.; a segunda, as “categorías gramaticais”, por súa vez, presenta unha coincidencia conceptual con outras categorías gramaticais, cal o número e o xénero nos nomes ou o tempo e o aspecto nos verbos. Sobre este particular, Fernández Pérez (1993: 9-10) indica que “no todos los estudiosos han manejado la denominación ‘categoría gramatical’ en un único y/o mismo sentido. Las razones que explican las divergencias hay que buscarlas en este caso en la polivalencia de los términos ‘categoría’ y ‘gramática’. En efecto, según el valor que se dé a la noción de *categoría* y según lo que se entienda por *gramática*, así surgirán diversos usos de la denominación ‘categoría gramatical’. Mientras para unos las categorías gramaticales son clases de palabras, otros autores las identifican con las propiedades de género, número, tiempo, etc., atribuibles a dichas clases”.

8 Di ao respecto Vilela (1999: 57): “As categorias da gramática tradicional (verbo, substantivo, adjectivo, advérbio, pronome, artigo, numeral, preposição, conjunção e interjeição) surgiram em obediência a critérios formais e semânticos, mas em que o semântico, o sintáctico e o formal se entrecruzam de modo inconsequente. Há designações gramaticais ao lado de designações comunicativas. De um modo geral, na base dos substantivos, adjectivos e verbos estão os significados categoriais respectivos, em correspondência com o valor nocional do mundo extralingüístico configurado e os traços morfológicos e modos de uso sintáctico”.

indicar para outras familias lingüísticas alén da indoeuropea: a deixarmos de lado o que se entende por verbo en cada unha das linguas existentes no mundo, e deixando tamén de parte o distinto comportamento que aquel ten en cada unha delas, resulta ben significativo que un dos universais lingüísticos máis emblemáticos sexa aquel en que se estuda a orde de palabras, isto é, SVO, VOS, OVS, SOV, OSV e SOV; e en todas as posibilidades de estruturación, a carón do SUX e do OBX, existe sempre un verbo⁹.

Ao afirmarmos antes que non se trata dun acaso a relevancia que sempre se concedeu ao verbo, estamos, indirectamente, a facer referencia á súa definición, que non pode facerse unicamente tomándonos un único criterio¹⁰. Así as cousas, prestándolles atención en primeiro lugar ás características morfolóxicas, o verbo é unha palabra variábel, composto dun morfema lexical ou raíz e de diferentes morfemas gramaticais, como son a VT, o MMT ou o MNP. Do punto de vista semántico, os verbos son palabras lexicais, como os substantivos e os adxectivos, polo que non se organizan en inventarios fechados: os seus repertorios non teñen límites e sinalan unha significación nocional; esta clase de palabras indica accións (*O Brais bateu no seu irmán*), estados de cousas (*O Xoán permanece sentado*) ou fenómenos procesuais (*No verán anoitece moito máis tarde*) e serve para configurar, en harmonía con Vilela (1999: 60), os procesos da realidade obxectiva no seu encadramento temporal.

Canto ao seu comportamento sintáctico, e aínda que a esta cuestión dedicaremos as seguintes seccións, cómpre ponderarmos que, dunha perspectiva funcional, o verbo é o núcleo da FV (congruentemente, por exemplo, co feito de que un nome ou un elemento que se comporta como tal vai selo da FN), ao paso que, desde unha óptica valencial, o verbo é o nó da cláusula. Baixo este prisma, todos os demais elementos fican subordinados ao dito nó, mesmo o SUX e os tradicionais complementos. Isto é de veras importante, non tanto polo que supuxo (e supón) de innovador face á visión tradicional e mesmo xenerativista (“unha oración é a unión dun SUX máis un

9 Sobre as posibilidades da orde de palabras, véxase Inchaurrede / Vázquez (1998: 245-246) ou Comrie (1989: 127-151), quen afirma que “el orden de los constituyentes de la oración, es, sin duda, uno de los parámetros tipológicos del orden de palabras más importante”, até o punto de que “algunos lingüistas lo consideran el parámetro tipológico principal (Comrie 1989: 129).

10 Véxase Vilela (1992), quen propón unha abordaxe da tipoloxía verbal a tomar como base esencialmente catro modelos identificativos: “as clasificacións (fundamentalmente) sintácticas, as clasificacións (fundamentalmente) semánticas, as clasificacións sintáctico-semánticas” e “as clasificacións (fundamentalmente) pragmáticas” (Vilela 1992: 4). O autor conclúe, no entanto, a subliñar a dificultade que supón unha catalogación de toda a clase verbal: “A clasificación do verbo en si parece ser (quase) imposible. E uma classificação conjunta e completa, em que se tome em consideração o morfológico, o sintáctico, o semântico e o pragmático (no verbo), ou não passa de uma vaga proposta de..., ou apenas efectua a classificação de um número muito restrito de verbos. Uma proposta de classificação completa que seja capaz de abarcar todos os verbos [...] pertence, na melhor das hipóteses, apenas ao mundo dos ‘possíveis’”.

predicado”)¹¹, senón por situar o SUX nun nivel correlativo en relación ao CD ou ao CI, identificándoos, respectivamente, como primeiro actante (A_1), segundo actante (A_2) e terceiro actante (A_3).

Partindo desta premisa, a gramática dependencial ten sido criticada por igualar eses tres elementos, ou sexa, por os identificar como actantes, concedéndolles o mesmo status na categoría de argumentos, coloquialmente a lle “renderen preitesía” a un elemento, o verbo, que serve de enlace ou núcleo rexente para todos eles¹². Sendo isto certo, con todo, tamén se pode alegar o seguinte a favor da análise dependencial:

1. En primeiro lugar, no modelo de valencias o SUX tamén está, dalgún modo, hierarquizado con relación aos demais complementos, pois é realmente significativo que se lle asigne, con independencia do tipo de verbo que for, o primeiro actante (A_1). A proposta de Williams (1981: 87) é tamén interesante ao diferenciar entre un *argumento externo* ao verbo (SUX) e uns *argumentos internos* (complementos); aquel desenvolve co nó verbal unha relación de predicación, ao paso que estes aparecen no interior da proxección máxima do elemento lexical (o verbo)¹³.

2. Por outra banda, a diátese, nos verbos en que se manifesta quer na voz activa quer na pasiva, demostra que a hierarquización funcional entre SUX e OBX se modifica (non así o rol semántico de axente, que se mantén), de onde se infire que a supremacía sintáctica do SUX, como teñen sinalado algúns autores¹⁴, non parece ser tan relevante:

11 Véxase tamén Macambira (2001: 163), que se refire ás partes da cláusula do seguinte modo, até desde un posicionamento estruturalista: “Os termos essenciais da oração são o sujeito e predicado; se faltar este ou aquele, não pode haver oração no sentido lingüístico da palavra. Saímos então do plano gramatical para ingressar no terreo da lógica ou da psicologia”.

12 Afirma Báez San José (1988: 21) sobre este aspecto que “rechazado el concepto de la oración como la unión de un sujeto y un predicado, la segunda idea cardinal del pensamiento tesneriano consiste en poner en pie de igualdad todos los elementos dependencialmente subordinados al núcleo central. En este sentido, se rechaza la primacía del sujeto que, desde ahora, se considera como uno más de los complementos regidos por el núcleo necesario de los eventuales núcleos no obligatorios de la oración, es decir, como regente máximo directo o indirecto de todos los elementos de la frase”.

13 Tamén en Campos / Xavier (1991: 166-169) se baralla a nomenclatura “argumento externo” e “argumentos internos”, pois na “relação estrutural entre SN sujeito e SV predicado não existe dependência de um deles para com o outro mas antes uma relação de igualdade que é o comando-mútuo. De facto, não se verifica regência lexical, ou seja, dependência lexical do SN sujeito em relação ao verbo, porque o sujeito se encontra numa posição externa ao SV –ele é o argumento externo, não é dominado por SV e não é um constituinte irmão à direita de V”.

14 O mesmo Tesnière (1994, I: 173-174) indica sobre este particular que a “oposición entre sujeto y predicado impide así captar el equilibrio estructural de la frase, ya que conduce a aislar como sujeto a uno de los actantes, excluyendo a los demás, que se encuentran relegados al predicado y mezclados de

1. (a) *O Brais* _[AXENTE] planta as patacas
 (a') As patacas son plantadas *polo Brais* _[AXENTE]
 (b) *O secretario* _[AXENTE] envioulles a carta onte
 (b') A carta foilles enviada onte *polo secretario* _[AXENTE]

3. E en terceiro lugar, o verbo concorda co SUX obrigatoriamente mediante os seus morfemas flexivos de número e persoa (MNP), mais tamén é certo que pode concordar, non no plano morfolóxico mais no sintáctico, cos complementos canto á asignación de funcións sintácticas. En tales casos achámonos coas coñecidas construcións pleonásticas con clítico redobrado¹⁵:

2. (a) Dei unha aperta ao novo veciño
 (a') Deille unha aperta ao novo veciño
 (b) Entregou ao alumnado as cualificacións
 (b') Entregou ao alumnado as cualificacións
 (c) Esa medida económica traerá ao colectivo traballador novas sorpresas
 (c') Esa medida económica traeralle ao colectivo traballador novas sorpresas

cualquier manera con el verbo y todos los circunstantes. Esto supone otorgar a uno de los elementos de la frase una 'importancia desproporcionada', que ningún hecho estrictamente lingüístico puede justificar". E acrescenta: "La oposición del sujeto y del predicado enmascara concretamente el 'carácter intercambiable de los actantes', que está en la base del mecanismo de las voces activa y pasiva".

- 15 Véxase Cidrás Escáneo (1992). A este respecto, Castro López (1998: 88) sostén que a utilización deste tipo de estruturas ten moito que ver coa influencia do español: "De facto, aínda hoje se conserva [a construción sen pleonismo] em falantes nativos, face á geral introdução de um uso sintático tomado, mais umha vez, do espanhol". No entanto, nótese en primeiro lugar, que o portugués popular e dialectal tamén coñece presentemente a posibilidade de redobro de pronome clítico, embora non sexa tan habitual como no galego; cfr., neste sentido, os seguintes versos tradicionais lusitanos, provenientes do distrito de Bragança: *já lhe deixo vinte contos a essa infeliz, desgraçada* (RT I, 50); *—Guardai o vosso dinheiro, que me não pertence a mim* (RT I, 85); *—Três filhas que eu tenho, todas três te as dou a ti* (RT I, 86); *—Não quero as tuas filhas, que me não convêm a mim* (RT I, 95); etc. E en segundo lugar, no percurso diacrónico portugués, tamén se coñeceron tales estruturas dentro da normalidade, como o parece verificar o feito de seren reivindicadas por Francisco José Freire, que, en finais do século XVIII, clarificaba que tales construcións non eran senón "graças" da lingua, tirándolles a carga pexorativa que supuña o cualificas de "redundantes": "Chamam igualmente redundancia a estoutro modo de fallar: '*Deram-lhe a Pedro*', devendo-se dizer '*deram a Pedro*': '*elle via-nos a nós, postoque nós o não vissemos a elle*', bastando que se dissesse '*elle via-nos postoque nós o não vissemos*', &c. Porem os que fallam do primeiro modo tem sempre em seu favor a Vieira [...]. No tom. 5 pag. 314 diz tambem: '*Deram-lhe a S. Gonçalo*' &c. E no tom. 7. pag. 39. '*Elle via-nos a nós em quanto Deus*'. Estes modos de falar, longe de serem redundancias, são graças da indole da nossa lingua" (Freire 1842, 3ª parte: 123).

Cando non se producir o pleonasmo coas formas do pronome persoal, o resultado é agramatical, conforme se verifica nos seguintes exemplos¹⁶ de (3):

3. (a) *Viu a min saíndo da casa
- (b) *Dixo a el que non fose de ferias
- (c) *Comentou a nós que quería viaxar ao Caribe

Esta singularidade non tería a súa importancia de non repararmos en que os actualmente coñecidos como morfemas de número e persoa foron, nalgún tempo, pronomes que acabaron por se aglutinar ao predicado para marcaren, xustamente, un determinado tipo de concordancia en relación ao SUX. A concordancia, subsecuentemente, sendo certo que é moito máis evidente no plano morfolóxico, non deixa de se manifestar con relación aos complementos.

Por outro lado, e tamén desde o marco da concordancia, os complementos predicativos concordan co SUX e co CD, ou sexa, entre si canto ás flexións de xénero e número como se mostra nos exemplos seguintes:

4. (a) Encóntrome *cansada*
- (a') Encontro os teus amigos *cansados*
- (b) Considérome *infravalorizado*
- (b') Considero os novos musicos *infravalorizados*

1.2. O verbo e os seus complementos


Deixando de lado a problemática de A₁-SUX no marco teórico valencial, resta falarmos da caracterización sintáctica dos verbos, isto é, do seu comportamento canto á necesidade de levaren algún tipo de complementación para teren significación

16 Na lingua medieval, con todo, tratábase dunha solución bastante representada nos textos, conforme o verifican as mostras seguintes: *A min dan preç*, e non é desaguisado (LP, I 75); *nen voss'amor nunca foy meu, / e, poi'lo Deus a min non deu* (LP, I 77); *-Amiga, estad[e] ora calada / um pouco, e leixad'a min dizer* (LP, I 178); *Amor faz a min amar tal señor / mais fremosa de quantas og'eu sei* (LP, I 126); *outra viña de Janrozo que nos deramos a uos* Martin Perez en duas partes (HGP 48); *arrendamos a uos*, Loppo Rrodriguez de Caldelas, caualeyro, por en uossos dias tan sola(m)ente a nossa grania de Queyrogdá (HGP 50); *et se alguu for asy de mia parte como d'estraya que a uos queyra cõtrastar seya maldito et peyte a uos mill y CCC.^{os} soldos* (HGP 73-74); *A uos Aras Perez e a uosa molier Maria Mëdiz. uẽdemos quanta herdade auemos en Uerãde en todos seus terminos [...]* así como a nos auemos así a *uendemos a uos* que a aiades uos et toda uosa uoz (DGP 123); *vẽdemos* essa herdade *a uos* e a tuda uossa uoz que á ágades pur erdamentu sempre (DGP 131); etc.

plena. A gramática tradicional falaba comunmente dunha dupla distinción entre verbos transitivos e intransitivos¹⁷, visión hoxe superada ao se estableceren varios tipos de transtividade e de eventual gradación dese concepto. A influencia da visión clásica déixase sentir, con todo, nalgúñas obras emblemáticas de lingüística, cal o dicionario de Lewandowski, en que se identifica o concepto de “transitividade” como primeira noción coa necesidade dos verbos de levaren un CD e que o antecitado concepto posibilita a transformación diatéctica para pasiva:

Categoría sintáctico-semántica del verbo; verbos que exigen un acusativo complemento y permiten la conversión por pasiva. La interpretación del contenido del suceso, por la que la acción de la actividad expresada en el verbo pasa a una meta es acertada en muchos casos, pero no en todos (Lewandowski 1992: 363-364, s.v.).

Outros autores conceden á transitividade unhas dimensións máis extensas e fana corresponder a unha das subfuncións da *participación* (Halliday 1973: 29-40), que establece precisamente o xeito en que se axe por parte duns determinados elementos na acción ou no estado de cousas que indica o verbo. A outra subfunción dentro do dominio participativo corresponde ao concepto da *ergatividade*, diferenciándose das construcións transitivas polo feito de que o elemento marcado non é o obxecto, mais o SUX, que adoita ter certo tipo de morfemas que contribúen para súa identificación a respecto do absolutivo (o elemento non marcado)¹⁸. Esquemáticamente, resulta o seguinte cadro:



17 Sobre o termo “transitividade” na gramática tradicional, nas correntes estruturalistas e nas escolas xenerativas, véxase Cano Aguilar (1981: 15-45). Véxase tamén a obra DIC (2001: 599, s.v.), cuxa definición está próxima da achegada por Lewandowski: “Chama-se transitividade a propriedade de um verbo transitivo, isto é, de um verbo seguido de um sintagma nominal complemento de objeto não precedido de uma preposição”. Por súa vez, Martins (2000: 134) parte fundamentalmente na súa exposición de verbos transitivos e intransitivos.

18 Véxase García-Miguel (2001: 374), quen salienta que nos “sistemas acusativos el participante marcado de las cláusulas transitivas es el objeto y el sujeto comprende tanto al participante único de las cláusulas transitivas como al participante agentivo de las transitivas. En cambio en un sistema ergativo resulta marcado morfológicamente el equivalente del sujeto transitivo (el participante ergativo) y reciben la foram absolutiva, no marcada, tanto el sujeto de las cláusulas intransitivas como el equivalente del objeto transitivo (el participante no agentivo)”.

A partir desta bifuncionalidade do concepto de participación, os autores que se dedican á tipoloxía e aos universais lingüísticos adoitan clasificar as linguas en transitivas e en ergativas, aínda que, como sinala Moreno Cabrera (1987: 62), logo de expor casos de construcións de ambos os tipos, non existen idiomas transitivos puros nin ergativos puros, senón que o que realmente acontece é que nalgunhas linguas predominan os primeiros (o galego, o francés etc.) e noutras os segundos (como por exemplo o éuscaro), ao que habería que acrecentar, igualmente, os idiomas híbridos canto á transitividade-ergatividade (nepalés, hindi etc.), en que conviven as dúas posibilidades¹⁹. A este respecto, García-Miguel (2001), a falar da ergatividade e da transitividade, distingue fundamentalmente dúas tipoloxías de “sistemas actanciais”, unha debida ás linguas ergativas e outra ás linguas transitivas.

A depender da primeira das subfuncións, distínguense as construcións transitivas, construcións intransitivas e construcións impersonais²⁰. O verbo, palabra sobre a cal recaen todos estes conceptos, organízase segundo criterios sintáctico-semánticos en virtude desa tripla estruturación dos elementos que rexe. Así as cousas, o predicado verbal divídese en tres grandes modalidades²¹, para cuxa exposición seguimos o sinalado en Freixeiro Mato (2006, II: 306)²²:

1. Verbos transitivos, que son aqueles que precisan dun(s) complemento(s) para a súa significación; por súa vez, os verbos transitivos poden dividirse en *directos* (os que se constrúen con CD ou con SUP), *indirectos* (aqueles que

19 En relación á transitividade e á ergatividade, véxase tamén Lyons (1986: 362-385), que as estuda dentro do que el denomina funcións gramaticais.

20 Adaptamos a exposición de Moreno Cabrera (1987: 48-58), que distingue as diáteses transitivas (subdivididas en construcións de CD e construcións hipertransitivas ou causativas) e as diáteses intransitivas (en que figuran o concepto de pasividade e de impersonalidade).

21 Conforme aparece en Campos / Xavier (1991: 189), onde se clasifican os verbos en transitivos, intransitivos e inacusativos ou ergativos. Véxase tamén o exposto en GRA (2003: 295-316), traballo en que, no entanto, se distinguen fundamentalmente os seguintes cinco tipos de verbos: 1) os verbos principais (subdivididos en ditransitivos, transitivos de tres lugares, transitivos-predicativos, transitivos, verbos de dous lugares cun argumento interno como CI, verbos de dous lugares cun argumento interno OBL, verbos inergativos, verbos inacusativos e verbos de cero lugares); 2) os verbos copulativos; 3) os verbos auxiliares; 4) os verbos principais de alternancia (subdivididos en verbos de alternancia causativa, verbos de alternancia locativa, verbos simétricos e verbos transitivos que admiten a queda do obxecto); 5) finalmente, verbos leves e semiauxiliares.

22 Cada lingua presenta un comportamento singular canto ao concepto de transitividade. Para o caso do inglés, por exemplo, resulta de interese o sinalado en Inchaurrealde / Vázquez (2000: 92) a respecto do que eles denominan “patrones oracionales”, entre os cales distinguen: a) padrón sintáctico copulativo, que serve só para unir un complemento a un SUX; b) padrón sintáctico intransitivo, que consta só de SUX e verbo; c) padrón sintáctico transitivo, que require un obxecto directo; d) padrón sintáctico ditransitivo, caracterizado por dous obxectos; e) padrón sintáctico de complemento, que demanda un complemento preposicional como elemento obrigatorio; e f) padrón sintáctico transitivo con complemento, fusión, segundo os autores, dos modelos (c) e (e).

necesitan dun CI), *duplos* (os que precisan dun CI ou dun CD e dun SUP), *predicativos* (os cales levan unha grupo nominal en función de complemento predicativo), *circunstanciais* (os que exixen un CC) e *reflexivos* (aqueles que demandan un pronome reflexivo a desenvolver as funcións dun CD). Son exemplos de cada tipo os seguintes:

5. (a) O Xoán sempre fala de música
- (b) Telefonei onte ao teu pai
- (c) Obrigounos a lavaren a louza
- (c') Obrigoulles a lavaren a louza
- (d) Encontro os teus amigos cansos
- (e) Vive en Betanzos
- (f) A María pentéase todos os días

2. Verbos intransitivos, caracterizados por non necesitaren de ningún complemento para teren significación plena²³, e que, segundo apunta Martins (2000: 134) desde o marco da estilística, presentan “um sujeito isolado, cuja ação fica restrita a ele próprio, não se estendendo a outros seres ou ao seu ambiente”, como os exemplos a seguir:

6. (a) A nena adormeceu sen ningún problema
- (b) A herba medrou este inverno
- (c) Os carballos silvestres nacían antes por todas as partes

23 Véxase, tamén, Soto Andión (2001: 283-284), quen, a falar dun modelo de base de datos para analizar a intransitividade, distingue, dentro do carácter semántico dos verbos, un total de trinta e unha clasificacións: verbos de movemento (*correr*), de chegada (*vir*), de entrada (*penetrar*), de aparición (*agromar*), de acontecemento (*suceder*), de permanencia (*durar*), de carencia (*escasear*), de inicio (*principiar*), de presenza (*abondar*), de localización (*residir*), de proceso (*apodrecer*), de relación ou alternancia (*combinar*), de predominio (*dominar*), de percepción (*ouvir*), de visibilidade (*fitar*), de son (*renxer*), de brillo, luminosidade ou cor (*alborecer*), de lingua (*parolar*), de existencia (*ser*), de coñecemento (*cavilar*), de comparecencia (*asistir*), de funcionamento (*funcionar*), de afección psíquica ou emotiva (*aledarse*), de afección física (*espirrar*), de conduta (*comportarse*), de progreso (*prosperar*), de actividade (*traballar*), de renuncia (*abdicar*), de dimensión (*alongo*), de meteoroloxía (*amañecer*) e de coincidencia (*converxer*). Repárese, porén, en que algúns dos verbos que son citados pertencen na realidade aos transitivos, cal *cavilar*, *abdicar*, *vir* etc., moitos destes índices da transitividade circunstancial. Por súa vez, Martins (2000: 134) distingue, entre os verbos transitivos, os que “exprimen os fenómenos existenciais (*viver, nascer, crescer, morrer, sofrer*), manifestações emonicionais (*chorar, rir, suspirar, gemer*), processos mentais (*pensar, sonhar, raciocinar*) ou emissões de voz (*gritar, falar, cantar, cantar, rosnar, latir, balbuciar*); aínda nela se inclúen verbos de movemento, podendo-se indicar ou não o lugar em que se dá a deslocação do sujeito (*ir, chegar, caminhar, correr, dançar, nadar, pular, fugir, viajar*)”.

3. Verbos impersonais, os que non posúen SUX e que adoito veñen coincidir, en liñas xerais, cos verbos metereolóxicos ou atmosféricos:

7. (a) Agora neva moito
- (b) Está a chover na Coruña
- (c) Orballa todas as mañás

Do confronto das modalidades verbais do primeiro grupo é de notar o feito de os verbos englobados baixo o común cualificativo de “transitivos” non presentaren o mesmo grao de transitividade no que se refire á necesidade de complementación ou, dito con outras palabras, canto á obrigatoriedade de levaren un tipo determinado de complemento. Desde o carácter intransitivo do segundo grupo até ao transitivo dos verbos do primeiro, algúns autores falan de *continuum* ou gradación da transitividade. Deste modo, Pottier (1975: 101), deixando de lado algunhas “circunstancias do discurso” como eventuais factores que poden alterar o carácter transitivo ou intransitivo dos verbos, marca os seguintes catro estadios gradativos²⁴:

1. Non hai transitividade:

8. (a) Chove moito
- (b) Ventou toda a noite

2. Existe transitividade, mais moito débil, grandemente lexicalizada e próxima do CD interno:

9. (a) Dorme a sesta todos os días
- (b) Subimos a escada con dificultade

3. Hai transitividade con posibilidade de economizar o obxecto:

10. (a) Ese rapaz nin come nin deixa comer
- (b) Sempre come caldo polas mañás

24 Véxase tamén Moreno Cabrera (1987: 51), quen, tras afirmar que a subfunción da transitividade se plasma en estruturas que van da compoñente lexical até á sintáctica, dependendo do maior ou menor grao de dependencia do obxecto a respecto da acción denotada polo verbo, establece seis graos de transitividade, de menos (1: verbo sen obxecto) a máis (6: verbo con obxecto). Entre estes dous pólos sitúa como gradacións 2: verbo con obxecto incorporado; 3: verbo con obxecto en caso non marcado; 4: verbo con obxecto en caso marcado (acusativo); e 5: verbo con obxecto en caso oblicuo (xenitivo, dativo, instrumental).

4. Encóntrase a transitividade con expresión practicamente obrigatoria do obxecto:

11. (a) A Ana quebrou un oso
(b) O Iago ten moitos libros

Por súa vez, Vilela (1992: 49-50) indica que transitivos son todos os verbos “que tenham um ou mais complementos –obrigatórios ou facultativos– e a transitividade surge aquí como algo que é ‘graduável’, em que os traços fundamentais são a qualidade semântica do lexema verbal, a existência de um complemento directo, a capacidade de passivização e a chamada ergatividade”, para concluír sinalando que se distingue entre “uma ‘transitividade forte’ e uma ‘transitividade fraca’”. O profesor da universidade portuense exemplifica os dous tipos de transitividade mediante o seguinte esquema:

Transitividade forte:	Transitividade fraca:
dous ou máis complementos	un complemento
presenza de acción	ausencia de acción
presenza de direccionalidade	ausencia de direccionalidade
intencional	non intencional
axente capaz de acción	axente non activo
obxecto totalmente afectado	obxecto non afectado
obxecto ben individuado	obxecto non individuado

O carácter transitivo ou intransitivo dun verbo, por tanto, non está isento de se graduar a termos en conta os elementos que ilustra Vilela, do que resulta que se trata dun trazo que se non presenta como estático. A este respecto, o xa clásico contributo de Blinkenberg (1960) refírese á transitividade como unha función que se caracteriza, precisamente, pola súa variabilidade. Nas súas propias palabras, interesa “regarder la transitivité comme une qualité normalement variable des mots qu’elle affecte. Ces variations peuvent être simplement des variations dans le degré de la cohesion; elles peuvent affecter aussi le mode de rattachement du régime au mot transitif” (Blinkenberg 1960: 45).

Obviamente, o concepto da transitividade non se esgota con esta introdución, pois aínda se poden facer outras clasificacións, como transtitividade preposicional / transitividade non preposicional, sobre as cales voltaremos máis adiante.

1.3. A valencia

1.3.1. A valencia e os seus actantes no marco sintáctico-semántico de rexencia

En contraposición á gramática tradicional e ás escolas xenerativistas, segundo as cales da unión do SUX e do predicado xorde a oración, para o marco teórico da gramática de valencias corresponde ao verbo a estruturación da cláusula e el é o verdadeiro nó capaz de pór en relación, mediante as súas características semánticas, un SUX, un CD, un CI etc²⁵. O significado do verbo determina a súa “valencia”, termo collido da química, que posibilita sabermos cantos actantes ou argumentos ten o antedito verbo, se son obrigatorios ou facultativos, a súa caracterización semántico-funcional canto aos roles desempeñados por eles e, tamén, a indicación das súas funcións sintácticas. O termo “valencia”, pois, defínese como o número de lugares baleiros que precisan de ser preenchidos lexicalmente para un verbo conseguir unha total significación, estando ese número determinado polo propio predicado verbal. A gramática de valencias, por tanto, fundaméntase en dous pólos, como son a descrición sintáctica e a semántica, segundo Busse / Vilela (1986: 7).

Para a teoría da valencia tense unicamente en conta o nome substantivo, o nome adxectivo, o verbo e, en ocasións, o adverbio, isto é, palabras da compoñente lexical capaces de teren un significado constante; outras tipoloxías de palabras, como a preposición ou a conxunción, por exemplo, son excluídas deste marco teórico de acordo con Busse / Vilela (1986: 14), principalmente por a súa significación pertencer máis ben ao dominio do contido gramatical antes que ao lexical. A través do tipo de valencia pódese en afirmar que (12a) e (12b) son agramaticais, en canto son válidos os exemplos de (12c) e (12d):

12. (a) *O Iago mora (cfr.: O Iago mora na vila)
- (b) *Ese instrumento pesa (cfr.: Ese instrumento pesa dous quilos)
- (c) Entregueille o agasallo
- (d) Veño de París

25 Véxase Lyons (1993: 100): “Hasta hoy el término ‘valencia’ (tomado de la química) no se ha empleado mucho en la bibliografía británica y americana sobre lingüística. Pero la noción se encuentra latente en buena parte de la teoría gramatical, aunque no aparezca funcionalmente el término. El aspecto más controvertido y novedoso de la noción de valencia [...] consiste en que desvirtúa, por así decirlo, las distinciones tradicionales entre sujeto y predicado (de la cláusula), por una parte, y entre sujeto y objeto (del verbo), por otra”. Para varias definicións, algunhas críticas, do concepto de “valencia”, véxase tamén Lewandowski (1992: 367, s.v. *valencia*).

A razón de non seren válidas (12a) e (12b) explícase porque a valencia de *morar* e de *pesar* exige en cada caso respectivo un outro elemento que complete o significado do verbo (*Morar nalgures*; *Pesar algo*) cousa que si acontece en (12c) e en (12d) (*Entregar algo a alguén*; *Vir dalgures*). Ora, nin todos os verbos existen eses elementos nin tampouco todos os verbos demandan o mesmo número de elementos ou actantes (Tesnière 1994, I: 175): en (12a), (12b) e (12d) precísase da información antes apuntada para seren gramaticais, isto é, necesitan de dous actantes, en canto en (12c) o verbo exige obrigatoriamente tres actantes. De acordo, por tanto, con estas necesidades ou valencia, os verbos son susceptíbeis de se clasificaren do modo que se expón máis abaixo, en que se aprecia unha nula exixencia actancial (no primeiro dos casos) até á máxima encomenda de actantes (nos últimos exemplos); segundo levan indicado varios autores, como Wotjak (1994: 72-73) ao falar do “potencial actancial” ou “actancia” ou mesmo García-Miguel / Cabeza (2000: 571), tanto o número canto as propiedades gramaticais dos argumentos depende de cada predicado:

1. Verbos avalentes, en que non se exige ningún actante; no galego popular e dialectal, con todo, existe a tendencia a dotar estes verbos dun SUX en entradas como *amañecer*, *anoitecer*, *chover*, *chuviñar*, *entardecer*, *nevar*, *orballar* etc., fenómeno que, como é evidente, se mantén nese tipo de rexistros e a eles é comunmente asociado²⁶:

13. (a) Chovía moitísimo
 (a') El chovía moitísimo (pop.)
 (b) Orballou durante toda a noite
 (b') El orballou durante toda a noite (pop.)

26 O fenómeno está vivo tamén na linguaxe popular lusitana, a teor das palabras de Vilela (1999: 212): “Na linguagem popular ocorre um pronome *ele*, funcionando como um sujeito de verbos impessoais, com forte ênfatização e de sabor nitidamente popular”. Por outra parte, no galego medieval algún destes verbos avalentes, cal é o caso de *chover*, podía ir acompañado dun elemento actancial que funcionase como SUX, tal e como indica López Leizán (1999), quen, logo de analizar un *corpus* de obras escritas na altura, conclúe a indicar que na lingua antiga “aínda se lles trataba de dar unha orixe a este tipo de fenómenos tentando buscalles un axente creador” e que co transcurso do tempo esta posibilidade “comezouse a considerar redundante e innecesaria (López Leizán 1999: 121). Algúns dos exemplos que expón este investigador son os que seguen: *et cómo chouē as nu(u)es*; *ca nō chouera Deus*; *foy Deus cōtra elles moy sanudo*, *et choueou sobre elles*; *enque el esto mandaua*, // *trageria odeluvio et choveria sobrela terra* (López Leizán 1999: 115); etc. Son interesantes, igualmente, os exemplos e as reflexións que para o portugués contemporáneo achega Amaral (1945: 252-256) a respecto de *chover* (*Choveu muita água*; *Chovem abundantes chuvas*; *Choveram raios e coriscos*; etc.) ou de *trovejar* (*Trovejaram impropérios*; *Ele fartou-se de trovejar pragas*; etc.), para os cales acrecenta exemplos literarios provenientes de Camões, Vieira, Gonçalves Crespo ou Antero de Figueiredo. Sobre estas particularidades, véxase tamén Buescu (1984: 115), que documenta o fenómeno dialectalmente en Monsanto, na Beira.

- (c) Nevará mañá
(c') El nevará mañá (pop.)

A respecto dos verbos destas características, tense acudido á súa existencia na lingua desde a teoría da valencia para defender que a visión tradicional de a oración ser a unión dun SUX e un predicado carece de fundamentación, téndose moito en conta que “há frases sem sujeito, como em *Chove*” (Busse / Vilela 1986: 42)

2. Verbos monovalentes, en que ten de haber obrigatoriamente un actante como nos casos *adormecer*, *danzar*, *dormir*, *espirrar*, *ladrar*, *morrer*, *nacer*, *voar* etc. En tales casos, corresponde ao verbo, mediante os seus MNP, identificar a persoa gramatical a que se fai referencia:

14. (a) (O Pedro) Dorme mal
(b) (Ela) Adormeceu logo de ver o filme
(c) (Eses páxaros) Voan moito baixo

Dado que o concepto da transitividade, como viamos máis arriba, non é unha característica estática, mais graduábel ou variábel, certos predicados tipicamente monovalentes poden ampliar o seu cadro actancial e pasar deste xeito a presentaren dous actantes, en que un corresponde ao SUX (A_1) e o adicionado ao CD (A_2)²⁷. En ocasións, o único que muda é a acción, como *adormecer*, mais ás veces tamén se modifica a semántica do verbo, cal *voar*:

15. (a) A Aldara adormeceu os nenos
(b) Voou a ponte cunha bomba caseira

Relacionado moito de perto con ese acrecentamento de actantes, tamén pode darse que algún destes verbos, como *voar*, ao formar novos lexemas por derivación prefixal, poida perder o seu carácter monoactancial e pasar a engrosar

27 Certamente, trátase dunha posibilidade xa atestada na lingua medieval. É o que se verifica para o caso de *morrer*, que normalmente é un verbo monovalente mais que en determinadas situacións consegue acrecentar un CD ou A_2 : *morreron máá morte sopitania de menaçon* (CI 71); *senõ lida cõmigo et morreras tu maa morte* (MS 107); *caera de cima de seu sobrado en fondo et mor[r]era maa morte* (MS 182); etc. Corresponde a unha mudanza equivalente á detectada para o verbo *dormir*, que ocasionalmente adiciona de parecido xeito un A_2 : *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias* [...]. / *Levad', amigo, que dormide'-las frias manhãas* (LP, II 688); etc.

as listaxes de verbos bivalentes. A prefixación, que crea “palabras novas que pertencen á mesma clase morfolóxica da súa base” (Freixeiro Mato 2006, III: 254), pode, por tanto, modificar a clase semántico-sintáctica no que se refire ao número de actantes, tal como sinala Vilela (1992: 62). É o que acontece co derivado *sobrevoar*, conforme se aprecia nos exemplos seguintes:

16. (a) Eses páxaros voan moito baixo
- (b) O aeroplano voou sobre a comarca
- (c) O aeroplano sobrevoou a comarca²⁸

3. Verbos bivalentes, que, a carón dos monovalentes, constitúen os esquemas clausais básicos que se encontran en toda a lingua (Cidrás Escáneo 1998: 570). Á diferenza dos predicados verbais monovalentes, os que necesitan de preencher eses dous lugares baleiros (ou tres, no caso dos trivalentes), son adoito denominados como “predicados de relación”, en confronto cos monovalentes, os cales son identificados como “predicados de atribución” (Busse / Vilela 1986: 88). Nos verbos bivalentes é posíbel diferenciarmos dous grupos canto á condición do segundo actante:

–cun actante obrigatorio e outro facultativo:

17. (a) O Xerardo escribe todos os días
- (a') O Xerardo escribiu unha carta
- (b) Comemos ás dúas
- (b') Xa comemos os caramuxos
- (c) O Manuel bebe
- (c') O Manuel bebe auga

–cos dous actantes obrigatorios:

18. (a) O Xoán ten uns libros do século XIX.
- (b) As restricións pesqueiras afectarán os mariñeiros
- (c) Onte pescamos dúas xardas

28 Na realidade, é notábel o parentesco entre determinados afixos prefixais e as preposicións, até ao punto de algúns prefixos e preposicións teren a mesma orixe latina. Véxase o exemplo exposto en Iordan / Manoliu (1989, I: 385, nota 14) ao falaren de rexencia no uso preposicional: “también en latín existían casos de obligatoriedad de este género, como, por ejemplo, entre el prefijo del verbo y la preposición (*decedere de vita*)”. Outros exemplos de ampliación de valencia na lingua actual son os que se dan co verbo *correr* e algúns seus derivados, cal *percorrer*, *incorrer en*, *recorrer* etc.

4. Verbos trivalentes, que son os máis complexos canto ao número de elementos argumentais e que Cidrás Escáneo (1998: 570) prefire interpretalos como expansións a partir de modelos predicativos máis elementares²⁹; os verbos con esta tripla posibilidade presentan tamén dúas modalidades principais:

—con dous actantes obrigatorios e un facultativo:

19. (a) Sempre merca dous queixos
(a') Sempre lle merca o queixo a aquela xente
(b) Deu en amosar o novo libro
(b') Deu en nos amosar o novo libro

—cos tres actantes obrigatorios, tal como acontece nos casos de *colocar*, *dar*, *entregar*, *introducir*, *prometer* etc:

20. (a) A Luísa colocou os libros na biblioteca
(b) Imos introducir o parafuso nese oco
(c) Déronlles un agasallo bonito

Así pois, tres actantes é o máximo de expansión que pode ter un predicado verbal e será o noso punto de partida básico neste traballo. Para algúns autores, porén, existen tamén verbos tetravalentes, isto é, con catro actantes. Así se indica en Lewandowski (1992: 369, s.v. “verbo”) ou en Peres / Móia (1995: 52) para os casos de *arrastrar*, *levar*, *pasar*, *traer*, *transferir*, os cales son identificados por estes dous autores como “predicados quaternarios ou de catro lugares”. Aínda así, estes investigadores apuntan a rodapé que a consideración de verbos tetravalentes ou cuaternarios non é secundada por todos os especialistas, xa que tamén existe a tendencia a considerar tales verbos como ternarios ou trivalentes e identificar o presumíbel cuarto actante, en consecuencia, como un circunstante á marxe da estruturación actancial do verbo. É a postura que prefire, entre outros, Dik (1989: 100-106), cando indica as funcións semánticas nucleares a distinguir unicamente tres actantes ou argumentos ou, máis explicitamente, cando sostén:

In terms of quantitative valency, we distinguish one-place (or monovalent), two-place (or bivalent), three-place (or trivalent), and in general n-place

29 Parecida idea de adiciónamento de actantes tamén se encontra en Lyons (1986: 381): “La cuestión general que hay que sentar consiste en que, así como las construcciones de dos lugares pueden derivarse de construcciones de un lugar por medio de la noción de ‘causatividad’, también las construcciones de tres lugares pueden derivarse de construcciones de dos lugares por medio de una aplicación ulterior de la misma”.

predicates. In natural languages, however, the maximum quantitative valency of basic predicates seems to be 3, and that of derived predicates 4.

Tamén Lyons (1986: 362-363) se expresa con similares termos, ou Rábade Castiñeira (2004: 142), que, do mesmo xeito, compartilla a existencia de verbos cun máximo de tres valencias: habendo autores “que falan de verbos tretravalentes (*traducir: alguén, algo, de un idioma, para outro*)”, matiza que en tales casos “talvez sexan propiamente trivalentes (no exemplo citado *de un idioma* é discutíbel que sexa exixido polo verbo)”. Se catro actantes, aínda, resulta unha cifra problemática canto á súa consideración como elementos exixidos polo verbo, non faltan casos en que se baralla inclusivemente un número maior; neste sentido, Wotjak (1994: 75) pondera como nalgúns estudos se ten sinalado a posibilidade da existencia de verbos con cinco actantes, concretamente nos verbos que indicaren desprazamento.

* * *

Como dicíamos ao nos referirmos aos verbos monovalentes, a organización valencial dos verbos non é estática. Aínda que en 1.2.1 falaremos das diferentes tipoloxías de actantes, adiantamos aquí que a valencia verbal pode ser modificada, o que nos leva, certamente, a estruturacións actanciais distintas para un aparente mesmo verbo, pois hai “verbos cun número de argumentos [= actantes] variable, dependendo do contexto ou do sentido adoptado” (García-Miguel / Cabeza 2000: 771). Nalgúns dos denominados comunmente como verbos causativos (ou hipertransitivos de acordo con Moreno Cabrera), dáse, de feito, a alteración da valencia³⁰, como nos casos a seguir:

21. (a) A planta secou (M = monovalente)
 - (a') O sol secaba as plantas (B = bivalente)
 - (b) O carro parou na estrada (M)
 - (b') O piloto parou o carro na estrada (B)
 - (c) As mazás apodreceron (M)
 - (c') A humidade apodreceu as mazás (B)
 - (d) As árbores fenderon (M)
 - (d') A riada fendeu as árbores (B)

30 Véxase Vilela (1999: 74) cando matiza que a “tipicidade destes verbos [os causativos] consiste em que os verbos bivalentes, na construção causativa (ou transitiva), são monovalentes (intransitivos) na construção não-transitiva”.

- (e) O pan está a cocer no forno (M)
- (e') Agora coceremos o pan no forno (B)
- (f) Esa auga non ferve (M)
- (f') Ferveron o leite na pota nova (B)
- (g) O caldo xa quenceu (M)
- (g') Non quenceron o caldo (B)
- (h) O balón rebentou (M)
- (h') O futbolista rebentou o balón (B)
- (i) Aquele empresario empobrecería co paso do tempo (M)
- (i') Aquele empresario fixo empobrecer os seus operarios (B)
- (l) O seu pai marchou para Cuba e alí enriqueceu (M)
- (l') A pesca da sardiña enriqueceu os pescadores galegos (B)

Noutras ocasións, a posibilidade de duplo emprego en estruturas pronominais cos verbos, algunhas delas aínda non completamente fixadas polo uso lingüístico (do tipo *cansar* / *cansarse*, *despertar* / *despertarse* etc.), determina tamén un distinto esquema valencial, como tamén condiciona a consideración de verbos monovalentes cando usados como transitivos directos:

- 22. (a) Despertei cedo (M)
- (b) Desperteime cedo (B)
- (c) O Uxío despertoume cedo (B)

Varias destas predicacións, canto ao número dos seus actantes, poden resultar algo problemáticas para a análise, debido á situación lingüística en que se acha o galego, isto é, influenciado polo español nestas exemplificacións sintácticas (e non só). Boa proba da foraneidade dalgunhas estruturas é o empeño que puxo Manuel LUGRÍS FREIRE cando trataba “algunhas particularidades do réxime do verbo”, seguindo de perto os exemplos que expuña en pleno Rexurdimento o ourensán Saco Arce (1868: 184-185):

Empréganse en galego como intransitivos, en vez da forma reflexiva, os verbos cando a súa acción se refere ao suxeto, v. g.: “O reló xa *parou*”. “O fidalgo de Pazos xa *emprobeceu*”. “A roupa xa *enxoitou*”. E non debéra dicirse: “O fidalgo xa se *emprobeceu*”. “O reló xa se *parou*” [en *itálica* no orixinal] (Lugrís Freire 1931: 98).

En resumo, e como recapitulación, partíndomos da existencia de catro grupos de verbos (avalentes, monovalentes, bivalentes e trivalentes), pódese concluír este apartado sinalando que a valencia verbal non está isenta, aliás, de se considerar baixo dous tipos principais: (i) os verbos presentan un número sempre constante de elementos actanciais, o que levaría a falarmos de verbos con valencia estática ou invariábel; (ii) esa cualidade sintáctico-semántica pode sufrir alteracións canto ao seu número de actantes e canto á tipoloxía destes, en cuxo caso habería que se referir á valencia variábel.

A valencia en ocasións pode ampliarse ou reducirse na mesma entrada lexical e esa “variabilidade de construción de un mesmo verbo deixa-nos, por veces, na dúbida sobre se estamos perante o mesmo verbo ou verbos diferentes” (Vilela 1999: 345). Así pois, estaríamos perante unha valencia invariábel, cun número fixo de actantes, e ante tamén unha valencia variábel, en que ese número pode ser modificado; exemplo do primeiro caso sería o verbo *debuxar* e mostra do segundo o predicado *dar*:

23. (a) O teu amigo debuxou unha casiña branca (B)
 (a') *O teu amigo debuxou (M)
 (b) Xa lle demos os parabéns (T = Trivalente)
 (b') Xa dei co libro (B)

1.3.2. Outras aplicacións do concepto de valencia

1.3.2.1. Valencia interior e valencia exterior

Levamos falado até aquí da valencia verbal canto a principios sintáctico-semánticos, que ten sido, con todo, a perspectiva máis común entre os investigadores, ou cando menos o seu punto de partida. Mais ficaría incompleta, ao noso ver, esta visión da teoría valencial se non fixésemos referencia a outras tipoloxías que non corresponden estritamente á organización sintáctica que estrutura o verbo: con efecto, desde as primeiras achegas de Tesnière até aos nosos días, a teoría da valencia ten percorrido diversos camiños, para alén daquel centrado estritamente na sintaxe. Un deses derroteiros que orientou este marco de análise é o da *valencia interior* oposto ao da *valencia exterior*, seguíndomos aquí o desenvolvemento que fixo Stepanova (1967a, 1967b). De acordo con esta autora, as palabras posúen certas posibilidades de combinación morfemática, cuxas relacións serían valenciais; os denominados como morfemas ligados son, neste sentido, os exemplos máis emblemáticos, ao paso que a valencia exterior, contrastivamente, indica que as palabras precisan de se ligaren con outras clases de palabras. Segundo esta lingüísta, todos os elementos lingüísticos, coa excepción dos fonemas, presentan sempre características valenciais.

Son exemplos de valencia interior (morfemática) os seguintes casos, seguidos doutras posibilidades de combinación sufixais e prefixais imposíbeis por se non daren as condicións relacionais canto á valencia dos seguintes morfemas:

24. (a) xog-a-ria-mos (*xogariamos*) (cfr.: *gat-a-mos, *gat-mos)
- (b) super-delgad-o (*superdelgado*) (cfr.: *re-delgad-o)
- (c) a-bretem-a-r (*abretemar*) (cfr.: *brétem-s)

E corresponden a mostras de valencia exterior as que seguen:

25. (a) Veño de París [alguén vén dalgures]
- (b) Pai do Brais [pai de alguén]
- (c) Cheo de sono [cheo de algo]

1.3.2.2. Valencia semántica

Máis unha outra vía de aprofundamento consiste na *valencia semántica*, segundo a cal os lexemas, unidades mínimas morfolóxicas dotadas de significación nocional ou conceptual, implican e posúen de seu certas posibilidades de combinación, correspondentes ás necesidades comunicativas. O concepto de valencia neste sentido non é entendido como unha relación directa de rexencia entre o verbo e os actantes, mais cal unha relación de dependencia semántica que presentan os lexemas entre si e tamén como unha característica do significado desas unidades lexemáticas (Báez San José 1988: 96), pois “o significado do verbo é esencial para o concepto de valencia” (Busse / Vilela 1986: 85). A valencia semántica comprende non unicamente as chamadas restricións de selección, mais tamén as funcións semánticas dos actantes, para o cal ten sido decisiva a figura de Fillmore e a súa gramática de casos (véxase 3.1.2).

Así as cousas, a construción de unidades clausais ou oracionais non se sostén na observación das relacións dunha determinada serie de elementos (palabras) e das unidades que conformaren, mais presupón un nivel de “factores relevantes no directamente observables” (Báez San José 1997: 96), como poden ser as relacións semánticas de dependencias que teñen uns lexemas con outros. Cada clase de palabras presenta unha valencia típica, e son os elementos máis importantes canto á posibilidade de implicaren implícita unha determinada valencia o verbo, o substantivo e o adxectivo. Se o verbo forma cláusulas, os substantivos e os adxectivos convértese nos mellores expoñentes dos constituintes desas cláusulas, que por súa vez tamén levan intrinsecamente unha caracterización valencial: a palabra *pai*, por

exemplo, sempre implica un elemento rexido *de alguén*, como a palabra *fillo* denota igualmente *de alguén*³¹ ou mesmo o adxectivo *orgulloso* obriga a presenza dunha complementación *de / por algo* ou *de / por alguén*.

1.3.2.3. Dicionarios de valencias

Estarían incompletos os desenvolvementos da teoría valencial se non fixésemos referencia ao labor levado a cabo durante os anos finais dos sesenta e a década seguinte na universidade alemá de Leipzig, que deu como froitos, entre outros, os *dicionarios de valencias*. Como indica Báez San José (1988: 42), unha primeira fase dese traballo estivo centrada nos verbos do alemán³², para, posteriormente, analizar con metodoloxías análogas os substantivos e os adxectivos. A partir do que se fixo para ese idioma, outras linguas foron incorporando proxectos de elaboración dos dicionarios de valencias, como é o caso do español, nomeadamente polo traballo de Wotjak (1979). No caso da nosa lingua, porén, bótase en falla algunha proposta neste sentido e será labor de futuros investigadores daren equiparado o galego a algunhas linguas dos países veciños en que si existen, de feito, tales propostas.

Para os traballos centrados no alemán, cada entrada no dicionario constaba, a continuarmos con Báez San José, dunha determinada descrición que presentaba como informacións os seguintes datos: (i) unha paráfrase descritiva do significado da unidade ou do ámbito de aplicación; (ii) o número de valencias obrigatorias da unidade obxecto de análise; (iii) a distribución desas valencias; e (iv) as marcas subcategorizadoras dos elementos que constituían tal distribución.

1.3.2.4. A valencia do texto

Desde a década de oitenta do pasado século, por outra banda, véñse falando dunha *valencia textual*³³, moito relacionada coa valencia sintáctica e coa semántica.

31 De aí que tamén se fale de valencia do substantivo e valencia do adxectivo, conforme aparece en Busse / Vilela (1986: 119-126).

32 Nesta liña de investigación é que se centra un dos traballos compilados en Vilela (1995), aínda que consagrado unicamente aos “verbos de afecto” e a perfilar criticamente como ten sido o seu tratamento por parte do *Dicionário Gramatical de Verbos*. O autor, a ter como punto de partida a cláusula, contempla para tales verbos “três níveis: o sintático, o semântico e o comunicativo-informativo. A estrutura sintáctica é definida em função de certos conteúdos na cláusula e como determinada selecção na estratégia discursiva (integrando os mesmos níveis)” (Vilela 1995: 167).

33 O que resulta coherente co desenvolvemento da corrente lingüística coñecida como “gramática do texto” ou “lingüística do texto”, modelo teórico que parte do texto como unidade de análise, superando así as unidades máis ou menos tradicionais como o morfema e a palabra (dentro do ámbito da morfoloxía) ou a frase e a cláusula (no dominio estritamente da sintaxe). Aínda que se trata dunha liña de investigación recente, o galego conta xa cunha obra específica destinada a este modelo teórico, como é o caso do traballo de Freixeiro Mato (2006, IV).

Considerando o texto como unidade lingüística que implica polo menos unha función textual, un acto ilocutivo, pártese do feito de o texto facer sempre referencia a uns determinados contextos, como son: (i) a situación de actualidade da persoa falante e da ouvinte, (ii) outros textos e (iii) o saber lingüístico e non lingüístico actualizado, presuposto polas persoas falantes e ouvintes (coñecemento enciclopédico, cultural, histórico etc.).

Deste xeito, a palabra pasa a ser susceptible de se analizar desde o binomio palabra-(con)texto, de onde se torna necesaria a distinción entre os conceptos *necesidade estrutural* e *necesidade comunicativa* (Báez San José 1988: 137-139): elementos necesarios para a estrutura poden non o ser para optimizaren a comunicación, e inversamente, elementos precisos para validaren un acto comunicativo non teñen de ser obrigatorios polas necesidades estruturais. Repárese nos exemplos seguintes:

26. (a) –Décheslle o libro á María?

–Dei.

(b) O Brais pensou en vós todo o día. Tanto pensou que deu en chorar

O contexto, nestes dous casos, axiu como factor fundamental para que na resposta de (26a), sendo *dar* un verbo trivalente (A_1 , A_2 e A_3), se omitan, sen ningún obstáculo que impida a comunicación e a comprensión, os dous actantes que faltan (A_2 e A_4) a través dunha estruturación con anáfora implícita³⁴. No segundo dos exemplos, a termos en conta que *pensar* corresponde neste caso a un verbo bivalente (A_1 e A_4), sería esperábel que se construíse facendo uso destes dous elementos argumentais, mais noutra ocasión a exixencia transitiva do verbo fica aparentemente diluída precisamente polo mesmo recurso deíctico que o anterior exemplo (anáfora implícita), determinada polo contexto³⁵. A valencia contextual, por tanto, ten moito que ver coa distinción entre actantes e circunstantes, de que falaremos en 1.3.3.

34 Véxase tamén sobre este particular o exposto en Rábade Castiñeira (2004: 147).

35 Véxase Dik (1989: 74): “If the setting (= context and situation) is sufficiently specified, even arguments may be left out without affecting the acceptability or the meaning of remainder, as in:

(12) a. What shall we do? Buy or sell?
b. Jump!

Nobody will contend, on the basis of (12a-b), that *buy*, *sell*, and *jump* are zero-place predicates (= predicates without argument positions). But this implies that even necessary arguments need not be overtly present in the actual linguistic expression, provided they can be reconstructed from the setting in which expression is used”.

1.3.3. Actantes e circunstantes, argumentos e satélites

Acabamos de ver como a valencia determina o número e o tipo de actantes ou argumentos que un verbo precisa. Xorde aquí unha outra cuestión, como é podermos identificar o que realmente vén exixido polo núcleo verbal e aquilo que non é obrigatorio. Para Tesnière (1994, I: 169-171), unha predicación lingüística simple expresaba un pequeno drama ou obra teatral, en cuxo proceso interveñen, exixidos polo desenvolvemento da acción, os actores, e onde tamén toma parte, certamente con menor importancia, unha serie de circunstancias que ornamenta ese proceso; transposto todo isto para a análise sintáctica, o proceso convértese no verbo, os actores resultan ser os actantes e o ocasional adorno maniféstase nos circunstantes. Mais esta orixinal concepción das construcións sintácticas non resulta na práctica tan sinxela como podería parecer, pois xorde inmediatamente a cuestión de podermos identificar realmente no proceso os verdadeiros actores e as simples circunstancias. O problema da distinción entre actantes e circunstantes, isto é, entre argumentos e elementos adverbiais de acordo con algunhas terminoloxías³⁶, leva merecido, como indica Vilela (1999: 339), varias reflexións, sen que haxa, a día de hoxe, conclusións definitivas que permitan diferenciarnos entre os primeiros e os segundos³⁷. García-Miguel (1995: 31-33) sinala catro criterios que posibiliten identificármolos:

1. Os actantes non están marcados adoito morfoloxicamente, ao paso que outros complementos verbais están comunmente sinalados por medio de adposicións; o autor, a se basear en Andrews (1985: 82), indica como o inglés, por exemplo, distingue elementos centrais e laterais coa oposición entre frases nominais e frases acompañadas de partículas prepositivas.
2. Os verbos costuman concordar ou tenden a esbelecer referencias cruzadas con algúns elementos centrais, mais non cos laterais ou periféricos; en galego concorda o verbo co SUX en número e, ás veces, concorda, como vimos máis arriba, co CD e CI a través das estruturas con clítico redobrado:

36 Véxase, por exemplo, Dik (1989: 72-75, nota 4), que engade, en nota a rodapé, que “some such distinction as between argument and satellite is made, in one or another, in different grammatical theories. Thus, Tesnière (1959) distinguishes between *actant* (= argument) and *circonstantiel* (= satellite). In German grammars we find the terms *Ergänzung* (“completion”) and *freie Angabe* (“free adjunct”).

37 Inclusive, desde modelos teóricos distintos, fálase de “relacións gramaticais oblicuas”, entendendo estas como aquelas que “não são centrais”, aínda que teñan “relações gramaticais obliquas tanto argumentos obrigatórios e opcionais do predicador verbal (i.e., complementos do verbo) como adjuntos” (GRA 2003: 294). Algúns exemplos con que se ilustran estas impresións son os seguintes: *O João pôs o livro na estante*; *O cobrador foi alí*; *Os pais autorizaram a Rita a acampar*; etc. (en que son identificados como oblicuos elementos cal *na estante*, *alí* ou *a acampar*).

27. (a) Dálle iso ao teu irmán

(b) As casas construíronas hai cen anos

3. Os argumentos son comunmente valenciais e están, subsecuentemente, exixidos polo verbo, situación que non se encontra cos elementos que non estiveren controlados por este.

4. No plano do contido, o que caracteriza os actantes “es su versatilidad semántica”, até ao extremo de que “adquieren especial prominencia en el contenido de la cláusula en parte con independencia de su papel semántico específico”.

No entanto, García-Miguel (1995: 33) conclúe a ponderar que a distinción central / non central, isto é, actante / circunstante non sempre é definitiva do punto de vista da expresión, pois hai linguas en que todos ou algún dos actantes levan algún tipo de marca, ao paso que tamén existen idiomas nos cales os procedementos de concordancia no predicado non separan claramente funcións nucleares e periféricas. Ao noso ver, para o caso do galego parece ser o criterio (3) un dos máis relevantes para podermos distinguir entre elementos actanciais e circunstanciais. Así as cousas, os actantes, en contraposición aos circunstantes ou satélites, están instalados no mesmo significado do verbo, ou sexa, están rexidos pola súa estruturación actancial; os circunstantes, polo contrario, non dependen do núcleo verbal e a súa inclusión na cláusula é facultativa ao non seren exixidos polo rexente³⁸. A transitividade obriga uns a complementaren o significado verbal, no caso dos actantes, e deixa en liberdade os outros para, se os eventuais interlocutores o así quixeren, acrecentaren algún tipo de información que non incide directamente na significación do verbo. Reparemos por un momento nos seguintes exemplos:

28. (a) O Xoán mora *naquela urbanización*

(a') O Xoán regalou á súa nai un libro *naquela urbanización*

(b) Están apañando *nas patacas novas*

(b') Viron unha cóbrega *nas patacas novas*

(c) Tirou *cos apuntamentos* logo de aprobar o exame

(c') O Xurxo obtivo boas cualificacións *cos apuntamentos*

38 Sinala Dik (1989: 72) ao respecto que “Arguments are those terms which are required by some predicate in order to form a complete nuclear predication. They are essential to the integrity of the SoA designated by the predicate frame. If we leave them out, the property / relation designated by the predicate is not fulfilled or satisfied. Satellites are not in this sense required by the predicate; they give optional further information pertaining to additional features”.

No primeiro par, *naquela urbanización* é de presenza obrigatoria en (28a) porque así o demanda o predicado *morar* e corresponde a A_5 , ao paso que en (28a') é un simple circunstante que achega un dato non exixido pola estruturación actancial do verbo. Na segunda parella, *nas patacas novas* ten función de actante (A_4) en (28b), en canto que en (28b') proporciona información outravolta non demandada por *ver*. Finalmente, nos dous últimos exemplos *cos apuntamentos* vén exixido por *tirar* en (28c), co que máis unha vez estamos diante dun elemento actancial (A_4), mentres que ten un comportamento secundario para o verbo obter en (28c').

A parecidas conclusións chega Silva (2001: 94), quen exemplifica nun cadro as diferenzas entre os elementos actanciais e os circunstantes, que nós reproducimos máis abaixo. Destes dí, de igual modo, que non fican subcategorizados polo verbo, isto é, “não definem o modelo frásico do verbo” con que ocorren. Eis o esquema reflectido por esta estudiosa, que nós adaptamos parcialmente ao galego:

Actantes	Circunstantes
obrigatoriedade	non obligatoriedade
latencia	non latencia
restricións estreitas de compatibilidade	libre coocorrancia con calquera predicado
substitución por proverbo	coocorrancia con proverbo
argumentos	especificacións de argumentos
específicos de clases	non específicos de clases
valor proposicional	carácter non proposicional

Doutro lado, na distinción entre actantes e circunstantes merecen obrigadas palabras algúns usos dos pronomes átonos, de fundamental función pragmática, como poden ser o dativo de solidariedade, o dativo de interese ou aínda o dativo posesivo, os cales resultan en ocasións problemáticos canto ao seu rango actancial ou circunstancial con relación ao verbo. Repárese nos seguintes exemplos:

29. (a) O rapaz *ténchevos* carácter
 (b) O rapaz non *me* estuda nada
 (c) Morreulle a avoa

E compárense cos tres a seguir:

30. (a) De*uche* unha labazada / Deuvos unha labazada
 (b) Non *me* dixo esas palabras
 (c) Prometeu*lle* un bo regalo

Na primeira tríade (29), *che* / *vos*, *me* e *lle* corresponden, respectivamente, ao dativo de solidariedade, dativo de interese e dativo posesivo. Nos restantes exemplos (30), os mesmos pronomes desempeñan funcións sintácticas correspondentes a A₃, porque así o exige o verbo para poder ter significación plena. Subsecuentemente, ao non estaren os primeiros exemplos de clíticos demandados polo predicado verbal, a súa condición é a de circunstantes, aínda que, do punto de vista pragmático, si poidan de feito desempeñar algún tipo de función: identificaren o interlocutor, amosaren certo interese no desenvolvemento da acción verbal ou indicaren relacións de parentesco. A este respecto, algúns de tales usos pronominais son considerados como “actantes exteriores” á cláusula, especialmente o de interese, de acordo con Vilela (1999: 335); para este autor, o dativo ético “representa um actante que está fora da frase: trata-se de uma entidade exterior á frase, mas que tem especial interesse na acção implicada no significado do verbo”³⁹.

De igual modo, dativos con función sintáctica ou de concordancia que non viñeren demandados polo nó verbal teñen todas as posibilidades de se adicionaren ás tabelas de circunstantes, pois a súa presenza, que pode proporcionar certo tipo de informacións mesmo de notoria relevancia para o proceso expresado polo verbo, non se encontra exixida por este:

31. (a) O vento partiul*le* a póla a *esa* árbore
 (b) Xa *che* ten os resultados das túas análises
 (c) Lin*lle* un conto para que adormecese

Ora, que elementos axen como fundamentais para diferenciarmos un actante dun circunstante? A nos basearmos nos estudosos anteriores, pódense, no entanto, establecer algúns criterios que permitan distinguilos nunha predicación lingüística. En primeiro lugar, contamos coa xa citada rexencia ou exixencia do verbo para

39 Unha opinión non totalmente coincidente con Vilela (1999: 335) é a que se encontra en Busse / Vilela (1986: 27): en desenvolvendo “o problema dos ‘dativos’”, afirmase que ocorren “frequentemente membros da frase sob a forma *a alguém* ou a forma pronominal (‘dativo’) *me, te, se, lhe*, que não podem ser considerados como actantes”, mais como “membros frásicos *secundários*”

cos actantes e, en confronto, coa facultade de optarmos ou non por incluírmos un circunstante; os actantes, deste xeito, “sofrem o controle do verbo” e os circunstantes “ao transportarem o seu próprio conteúdo independentemente do verbo, têm uma ligação menos estrita” con este (Vilela 1994: 197):

- 32. (a) O Xoán mora na Coruña
- (b) O Xoán ten moitos amigos (na Coruña)
- (c) *O Xoán reside

En segundo lugar, non se facilita unha fenda entre o verbo e o actante que imposibilite o seu significado, mais si é factíbel, polo contrario, quebrar esa linearidade semántica (e mesmo discursiva) no caso de circunstantes, de onde se infire, segundo Porto Dapena (1997: 11), que posúen unha maior mobilidade no interior da cláusula. As diferentes curvas entonativas que se desprenden da alteración de grupos fónicos son, neste particular, notorias:

- 33. (a) *O Xoán mora, na Coruña
- (b) O Xoán mora, con moitos problemas, na Coruña
- (c) ? Na Coruña, o Xoán mora
- (d) O Xoán ten moitos amigos, na Coruña
- (e) Na Coruña, o Xoán ten moitos amigos etc.

En terceiro lugar, retomando o apuntado da rexencia do verbo, unha proba fidedigna consiste en realizarmos unha análise semántica do núcleo verbal e vermos deste xeito se inclúe, entre os trazos relativos á súa combinación semántico-sintáctica, o elemento en condición de actante. Isto é, trataríase de descubriremos “su contorno definicional, que no es otra cosa que el conjunto de los rasgos determinantes de su combinatoria sintáctica” (Porto Dapena 1997: 13). Dos verbos con que expuxemos os exemplos anteriores, *morar* e *ter*, resultan as seguintes caracterizacións:

- 34. (a) *morar*: morar / vivir [alguén], [nalgures]
- (b) *ter*: posuír / dispor [alguén], [algo, alguén]

Para o caso de *ter* non é preciso contarmos cun trazo [nalgures] como acontece con *morar*, de onde se conclúe que nas cláusulas en que o verbo *ter* for acompañado dunha información que diga respecto a [nalgures] será, en tales casos, un circunstante ou satélite.

E en cuarto lugar, e como unha das características dos elementos circunstanciais é a súa supresión, resta aínda a proba da conversión da predicación lingüística nunha “oração adverbial ou coordinada, mediante a aplicación do pró-verbo, cuja gramaticalidade indica a presenza de um circunstante” (Silva 2001: 95). Repárese, a respecto da recorrencia ao proverbo, nas seguintes estruturacións:

35. (a) O Xacobe dáballo agasallos *con frecuencia*
 (a') O Xacobe dáballo agasallos e facía iso *con frecuencia*
 (b) Os amigos viñeran de París
 (b') *Os amigos viñeran de París e fixeran iso *con frecuencia*

No primeiro par de exemplos, o grupo *con frecuencia* é un circunstante en (35a) por ter ficado a construción gramatical após a aplicación do proverbo *facen*; polo contrario, o segmento *de París* en (35b') áchase nunha predicación lingüística agramatical ou incorrecta por, precisamente, se tratar dun actante con relación ao verbo *vir*, o que fica verificado mediante a forma proverbial.

* * *

Os casos expostos até ao de agora para identificarmos actantes e circunstantes son, ao noso ver, explícitos e non deixan lugar a dúbidas entre o carácter dos primeiros e dos segundos. Mais que a distinción entre ambos non é doada de establecer, tal e como indicabamos un pouco máis arriba, acha unha ilustrativa abordaxe nalgúns traballos que se ocuparon, en maior ou en menor medida, destas cuestións: o postulado de Cervoni (1991: 115-116), por exemplo, prefire falar dun *continuum* entre dous puntos, o dos elementos nucleares e o dos facultativos, e marcar unha tripla diferenciación en que se isolan tres categorías no marco da transitividade, a saber: (i) actantes, (ii) pseudocircunstantes e (iii) circunstantes. Aceptada esta gradación, “il restera à introduire dans le **continuum** les divisions et subdivisions qui lui paraissent les plus pertinentes”. Neste sentido, talvez os dativos de solidariedade, de interese ou de pose puidesen recibir a denominación de pseudocircunstantes a termos en conta o seu carácter facultativo⁴⁰; deixamos aberta a cuestión para futuras pesquisas.

40 Parecidas dúbidas semella ter Wotjak (1994: 72), segundo transparece das súas palabras: “hay que preguntarse, primero, si en el entorno verbal en un sentido muy amplio, es decir, en la oración entera o en un enunciado más extendido aún, hay otros elementos que no dependen del verbo, que no son ni actantes ni circunstantes. Siguiendo a TESNIÈRE, podríamos admitir que todos los elementos que aparecen en una oración o un enunciado y que acompañan al verbo o bien son actantes o bien son circunstantes. Habría que preguntarse, entonces, cuándo se trata de actantes ya que, automáticamente, los restantes serían circunstantes. Habría que determinar, también, cuándo se trata de elementos acompañantes del verbo y dónde aparecen elementos que no están en relación suficientemente directa con el verbo y que podrían llamarse periféricos, oracionales, etc.”.

Voltando á tipoloxización de elementos nucleares e de circunstantes, conviría salientarmos que, nun primeiro momento, Tesnière (1994, I: 178-183) só diferenciou tres actantes, que distinguen as tres clásicas nocións de SUX, CD e CI, e baixo cuxa visión o complemento axente é perspectivado como unha caste de A_2 . As revisións e as modificacións da gramática dependencial por parte dos seguidores do lingüista galo levaron a que o número de actantes se fose acrecentando, sempre a se poren en relación coa caracterización semántica do propio verbo. Así as cousas, desde perspectivas actuais enmarcadas dentro da teoría da valencia, temos os seguintes dez actantes ou argumentos na estruturación actancial do predicado. Para a súa exposición, seguimos o exposto en Vilela (1999: 332-339)⁴¹, tamén reflectido en Silva (2001: 93):

A_1 : SUX tradicional

36. (a) *Esta cidade* posúe unha grande oferta cultural
 (b) *Alguén* dorme no sobrado
 (c) *O libro* conta a súa vida

A_2 : CD tradicional

37. (a) Vin *o teu pai* hai moito tempo
 (b) As novas noticias non afectaron *o teu avó*
 (c) Lava *os pés* antes de te deitares

A_3 : CI tradicional

38. (a) Os partidos políticos sempre lle deron *a esta cidade* un trato privilexiado
 (b) Onte telefonamos *ao teu avó*
 (c) Obedécelle e non terás problema

A_4 : CPREP

39. (a) Sempre pensaban *naquelas xentes*
 (b) Non repares máis *niso*
 (c) Dubidamos moito *das túas posibilidades*

41 Véxase tamén Rábade Castiñeira (2004: 145), quen ofrece unha revisión do traballo de Busse / Vilela (1986: 35-41) a manter o mesmo número de actantes, mais reagrupándoos hierarquicamente dun outro modo.

A₅: Actante locativo / situativo

40. (a) As túas amizades xa non viven *nesta casa*
(b) O espírito dos antigos galegos mora *nos nosos montes*
(c) Son amigos e moran *na Coruña*

A₆: Actante locativo / direccional

41. (a) As antigas invasións sempre se dirixiron *a esas terras*
(b) Vai *ao cinema* todos os sábados
(c) Marchou *para América* moito noviño

A₇: Actante temporativo

42. (a) Non queremos adiar o exame *para a próxima sexta feira*
(b) Marcaron o encontro *para dentro duns días*

A₈: Actante cuantitativo

43. (a) O Uxío xa pesa *oito quiliños*
(b) Aquel teu concerto durou *dúas horas*
(c) A ponte romana medirá *cen metros* aproximadamente
(d) Iso custa *vinte euros*

A₉: Actante modativo

44. (a) As rosas da madriña cheiran *moito ben*
(b) Os pequenos non se comportaron *mal*

A₁₀: Actante predicativo⁴²

45. (a) Encontro o teu irmán *altivo*
(b) Achas o meu namorado *intelixente?*
(c) Considero o teu pai *moito agudo*

42 Con relación aos complementos de carácter predicativo, escribe Martins (2000: 135) que un “tipo de predicado complexo, simultaneamente verbal e nominal, é o que se pode explicar como resultado da fusão de dois predicados ou duas oracións”. A lingüista brasileira expón com exemplos, entre outros, unha cláusula como *As crianças brincavam contentes*, para que supón a confluencia de a) *As crianças brincavam* e b) *As crianças estavam contentes*.

Con todo, aínda que será esta a división que se manterá neste traballo, somos conscientes de que algúns destes actantes poden ser reagrupados baixo un denominador común ou que, en todo o caso, non están isentos de se entenderen, non sen problemas, como dúas especificidades dentro dunha mesma unidade argumental. Neste sentido, hai quen diga que A_8 e A_2 son, na realidade, variantes dun mesmo actante, como tamén en A_6 e A_5 se posibilita seren considerados dous tipos dun mesmo argumento. Algunhas das probas que se achegan son de índole deíctica, como a substitución dos actantes por unha unidade que esencialmente indique algún tipo de deíxe (indicial, textual ou transposta)⁴³:

46. (a) O Xoán reside *aló* (A_5)
 (b) O Xoán vai cara *aló* (A_6)

Ou, dentro aínda dos parámetros da deíxe, mesmo a anaforización mediante un pronome de acusativo⁴⁴:

47. (a) A Uxía colleu *os libros*
 (a') A Uxía colleunos (A_2)
 (b) A Uxía pesou *catro quilos*
 (b') A Uxía pesounos ($A_8?$, $A_2?$)

Mais hai que ter en conta, porén, que o sentido de A_5 e de A_6 vén determinado polo significado do verbo, dun lado, e, doutro, polo carácter obrigatorio dunha preposición específica con cada actante. Na mesma liña, o que distingue A_2 de A_8 non ten que ver con ningunha marca preposicional, que non se empregan en ningún das dúas construcións, mais, outra vez, coa semántica do núcleo verbal; nestes

43 Sobre as tipoloxías de deíxe e unha súa actualización na nomenclatura desde o imprescindíbel e xa clásico contributo de Bühler, véxase Irene Fonseca (1996).

44 A este respecto, en determinados usos lingüísticos a teoría clásica da diversidade ou tipoloxización de palabras semella esquecer unha parte da súa congruencia canto á delimitación de formas e até é posíbel detectarmos esta perda de distinción no ámbito da pragmática: *Limpa a mesa* / *Límpaa* / *Limpa iso* vs. *Limpa aí*; *Fecha a porta* / *Féchaa* / *Fecha iso* vs. *Fecha aí*. Repárese, sobre este particular, no seguinte exemplo literario: *¿Queres, meu amigo, perguntar comigo, pola alma inmortal de Hamlet? Aperta aquí, máis enriba, máis embaixo, a ver si podes apreixala e detela* (Cunqueiro, OGC, I 209). Hai que notar que, formalmente, o adverbio espacial *aquí* continúa a pertencer á tipoloxía en que é adoito incluído, mais dunha abordaxe informativa é cuestionábel que forme parte deses paradigmas precisamente polo seu carácter deíctico, que lle permite comportarse (case) como un pronome nas anteriores cláusulas. De aí que, segundo Porto Dapena (1986: 7), a noción de pronome admite ser considerada como unha categoría transversal en que están agrupadas unidades distintas como os substantivos, os adxectivos e certos adverbios.

casos, a valencia do texto é a que pode discernir achármonos perante unha ou outra modalidade de actantes.

1.3.4. Actantes obrigatorios e actantes facultativos

Cando máis arriba se facía unha clasificación dos verbos canto ás súas posibilidades de estruturación valencial, foron empregados os termos *actantes obrigatorios* e *actantes facultativos*⁴⁵. Aínda a estaren inscritos no significado do verbo, tornándose deste modo en complementos esenciais para a correcta comprensión do predicado, nin todos son obrigatoriamente realizados, de modo que a súa omisión non provoca agramaticalidades (Vilela 1999: 342). A este respecto, téñense sinalado dous niveis de análise para harmonizaren en elisións de actantes, como aparece en Busse / Vilela (1986: 84), onde se diferencia un nivel da lingua (onde ten pertinencia falarmos de actantes obrigatorios e facultativos) e un nivel pragmático-textual (que explica en moitos casos cando e como se pode prescindir dun actante). A partir, pois, deste segundo marco, é certo que nos centrando exclusivamente na significación verbal e nos elementos que esta rexe non se poden explicar os casos en que nos encontramos perante un actante eliminábel; mais, a termos en consideración a valencia textual antes comentada, existen casos denominados por Vilela (1999: 342) de “elisión contextual” nos cales o actante obrigatorio é recuperábel polo propio contexto comunicativo:

48. (a) Fomos ao teatro, mais fomos tarde [ao teatro]
 (b) –Liches os dípticos da greve?
 –Lin [os dípticos da greve]
 (c) Comentámoslle que fixese o traballo de lingua e ela concordou [con
 facer o traballo de lingua]

Noutros casos, o profesor da Universidade do Porto refírese á “elisión sentencial”, que é aquela que se encontra nas fraseoloxías, sentenzas, refráns tradicionais, proverbios etc. Con efecto, estas tipoloxías presentan, non raro, construcións sintácticas cunhas características lingüísticas que non teñen de coincidir obrigatoriamente coa linguaxe corrente:

45 Bechara (2002: 413), por súa vez, prefere referirse a “termos argumentais opcionais e não-opcionais” e explica as coas seguintes palabras: “Muitas vezes um termo argumental, isto é, condicionado pelas características sintáticas e semânticas de recção ou regência do termo regente, pode ser dispensado, apagado ou eliminado da oração pelo falante ou porque já foi referido anteriormente e, por isso, é facilmente subentendido pelo ouvinte, ou porque, graças ao conhecimento que temos das coisas e do mundo, a nossa experiência também facilmente entende aquilo de que estamos falando”.

49. (a) –Fuches ver a Aldara? Como está?
 –Non está nada ben. Está *vou non vou*⁴⁶
 (b) *Compra* na praza e *vende* na casa⁴⁷
 (c) Cando o vello comeza a hinchar e o novo a fraquear, sinal de logo *marchar*⁴⁸
 (d) Mellor *dar* que *pedir*

Un outro caso exposto en Vilela (1999: 343) ten como protagonista certa sorte de elipses empregadas para “focalizar uma acção habitual” ou aínda predicados con “complementos genéricos incorporados, que são realizados discursivamente quando houver necessidade de especificação”:

50. (a) Hai moito tempo que *bebe*
 (b) Os rapaces sempre están *inventa* que che *inventa*
 (c) O Xoán gosta inmenso de *comer*

Máis un exemplo de elisión é a metalingüística (Busse / Vilela 1986: 84), en que un predicado verbal ocorre a desempeñar responsabilidades sintácticas funcionais distintas ás que adoito desenvolve, isto é, converténdose en exemplo de transcategorización funcional; os suxeitos das seguintes mostras son verbos que están a ser empregados non como eixos estruturadores dunha predicación, mais como auténticos actantes (A_1):

51. (a) *Comer* escríbese con “c”
 (b) *Dar* pertence aos verbos da primeira conxugación
 (c) *Matar* implica sempre un A_1 e un A_2
 (d) *Beber* leva dous “bes”

Finalmente, convén referirmonos aos cadros actanciais ou *frames*, na terminoloxía de Dik (1989: 68-72). O cadro actancial defínese polo número de actantes que presentan os verbos, o que posibilita termos predicados verbais avalentes, monovalentes etc., xa comentados máis arriba; o tal cadro condiciona que poidamos contar en ocasións

46 Extraído de Martínez Seixo (2000: 89, entrada 0602).

47 Tirado de Rielo Carballo (1976: 208).

48 Baseado na colección de Rielo Carballo (1976: 216).

con predicacións fechadas ou abertas, segundo se empregaren todos ou apenas un(s) dese(s) actante(s). Repárese no verbo *comprar* e nas cláusulas seguintes:

52. (a) A Antía compra nesa tenda desde que era pequena
(b) A Antía compra todos os días queixo
(c) A Antía cómpralle todos os días mais sempre se queixa do prezo
(d) A Antía compra todos os días queixo ao tendeiro

Nos primeiros casos achámonos perante predicacións abertas, en que, sempre se contando con A_1 , omítese A_2 e A_3 en (52a), A_3 en (52b) e A_2 en (52c). No derradeiro dos exemplos, *comprar* figura cun cadro actancial en que, ao contrario de (52a-b), é usado como núcleo dunha predicación fechada. Nótese, por último, que a predicación aberta, cos seus actantes facultativos, non debe ser confundida cunha estruturación en que, habendo un verbo que rexe un determinado número de actantes, pode levar, tamén facultativamente, algún tipo de circunstantes. Como xa tivemos ocasión de notar, estes, identificados como elementos periféricos, non veñen exixidos polo significado do verbo, en confronto co outro tipo de complementos, que, sendo obrigatorios ou facultativos, están contidos na significación do predicado verbal.

2. Caracterización de A_4

2.1. Cuestións xerais

Vistos, pois, os tipos de verbos e de actantes que podemos encontrar, ímonos centrar nun deles, como é A_4 . Talvez conveña expormos, antes de máis, que a súa existencia non era contemplada por Tesnière, quen, como dixemos, só consideraba actantes A_1 , A_2 e A_3 ⁴⁹. Na exposición de Vilela, porén, aparece incluído entre os argumentos do verbo, mais rexido por unha preposición, non fixa, que é unha das súas características máis notábeis. Así pois, a simple vista, é obvio a estreita ligazón existente entre A_4 e os verbos preposicionais, mais esa presenza do nexa relacional non está carente de problemática: en primeiro lugar, trátase dun fenómeno tamén detectábel nalgúns circunstantes ou complementos circunstanciais que non foren deicticamente anaforizados (*Véxote na casa*), mais tamén nalgúns tipos de actantes en que se exige esa marca relacional, igualmente sen deixes textual anafórica (A_5 e A_6 , por exemplo: *Moramos naquela casa; Vai para a cidade*).

En segundo lugar, a proximidade entre a transitividade de A_2 e de A_4 é certamente notoria, sobre todo nalgúns casos en que a construción é dupla (*Tírao no chan / Tira con el no chan*). A dita ligazón ten levado certos autores a identificaren A_4 como “obxecto preposicional” en confronto co “obxecto directo”⁵⁰, ou aínda, como veremos máis adiante, a se referiren a A_4 como un “complemento directo con preposición”; neste sentido, é interesante o traballo de Rivas (2002), sobre o cal voltaremos, onde se considera que o A_4 de certas predicacións lingüísticas bivalentes é unha tipoloxía de CD (o equivalente a un complemento directo periférico)⁵¹.

Mais, sen pretendemos desalicerzar as semellanzas entre ambos os actantes, é certo que non se deben confundir nin facer equivaler, a teor doutras realidades análogas existentes na lingua canto á proximidade entre os actantes. Por exemplo, no galego existe a posibilidade de empregarmos tanto un clítico de acusativo como de dativo cando esa partícula se comportar como suxeito dun infinitivo, nomeadamente en predicados verbais causativos (*Deixeina saír / Deixeille saír, Mandeina saír / Mandeille saír*), e non por iso se postula unha certa “identidade” ou similitudes entre dous casos, acusativo e dativo pronominais (anaforizacións de A_2 e A_3),

49 Circunstancia que ten servido para certa sorte de reflexións críticas, como a de Báez San José (1988: 30) ao indicar que “no incluye dentro de las relaciones valenciales el complemento preposicional obligatorio”.

50 Véxase Martínez García (1986: 57, n. 5), quen cita autores como Blinkenberg, Pottier ou Cano Aguilar.

51 Sobre os diferentes tipos de CD, tamén non deixa de ter interese o traballo de Vilela (1992: 43-115).

que fican ben diferenciados na lingua⁵². Do mesmo xeito, algúns verbos parecen tolerar tanto unha construción con CD como con CI, nalgúns casos sen o núcleo mudar de significado, como *perdoar* (*Perdoeino* / *Perdoeille*), *axudar* (*Axudouna* / *Axudoulle*), e noutros adquirindo novas significacións e valores, cal *imitar* (*Imítaa* ‘Compórtase como se ela comporta’ / *Imítalle* ‘Paréceselle fisicamente’), *chamar* (*Chamouno* ‘Telefonoulle’, ‘Dixolle que viñese’ / *Chameille parvo* ‘Púxenlle nome’ etc.⁵³; tampouco a partir destes casos, de obvias dificultades para a análise sintáctica, se defende teren acusativo e dativo o mesmo comportamento sintáctico-semántico.

Na realidade, faládomos en termos de transitividade, nada hai que permita afirmar que un A_2 goza dunha relación transitiva co verbo máis profunda da que pode manifestarse nun A_4 , como transparece a partir do *continuum* exposto en García-Miguel (1995: 96); para este investigador, o carácter máximo desta cualidade vén dado pola construción $V + A_1 + A_2$ e o mínimo pola estrutura $V + A_1$, entre os cales sitúa as predicacións tipo $V + A_1 + A_4$. O certo é que a noción de transitividade non ten por qué depender do feito de o predicado precisar ou non dun nexo preposicional, o que en todo o caso sería unha diferenza formal, máis do que unha distinción no plano semántico (Gutiérrez Araus 1987: 381). Con todo, esta diferenciación non debe facernos pensar que A_2 e A_4 son dúas manifestacións formais dunha mesma función sintáctica, a pesar de corresponderen a dúas manifestacións distintas do mesmo fenómeno sintáctico da transitividade: con efecto, todos os demais actantes serven como testemuños de transitividade, aínda que as diferenzas sintáctico-semánticas entre si talvez sexan máis acusadas do que as que se producen entre A_2 e A_4 .

Para solucionar os casos de transitividade preposicional non reducíbel a A_3 , a demandada polo verbo, introduciuse no discurso lingüístico hispánico desde postulados funcionalistas a noción de “suplemento”, debida a Emilio Alarcos Llorach, que goza

52 Aínda que, como indica Cidrás Escáneo (1998: 577), entre A_2 e A_3 é notoria certa proximidade a termos en conta a hierarquía de funcións sintácticas exposta neste traballo (SUX > OD > OI > OBL), o que leva o investigador da universidade compostelá a falar dun “principio de veciñanza” nesa hierarquización sintáctico-semántica.

53 Tamén existe unha construción con *chamar* + A_1 + A_4 , segundo sinala Hermida (2004: 188), equivalente a ‘reclamar a presenza’: *—¿Qué quères á San Antonio / que tanto chamas por él?* (CPG, III 274). Esta estrutura sintáctica foi considerada como un galeguismo no español pretendidamente falado polos galegos e as galegas de fins do século XIX, como o demostra a crítica que lle dirixe Álvarez Giménez (1909: 67-68): “Muchos dan al verbo *llamar* un régimen que no tiene en castellano, v. gr.: *Llame V. POR la criada; ¿Han llamado POR mi?* debe ponerse la preposición *á* en vez *por*” [sic]. Por seu turno, Valladares (1970: 124), curiosamente, censuraba esta estrutura no galego a se basear nas impresións deste autor: “Además de los defectos de lenguaje atrás mencionados, otros hay que publicó también el señor Álvarez Giménez y de los cuales indicaremos aquí algunos, sin omitir los que á nosotros se nos ocurren. Dicese, así en gallego como en castellano *chama po-l-os jornalheiros*, v.g.; *chama po-l-os veciños; créo que chaman por min*”.

hoxe en día dunha notoria implantación tamén no ámbito galego, segundo teremos ocasión de comprobar máis abaixo. En contrapartida, perspectivas anteriores, como é o caso da tradición gramatical, levaban considerando este actante como un tipo de CC, auténtico “caixón de xastre”, onde os gramáticos foron introducindo “todo aquilo que no les encaja en outros espacios funcionales de la cláusula mejor definidos”⁵⁴, en palabras de Rojo (1990: 153). Nun primeiro momento, Alarcos (1987) distingue, pois, o implemento (A₂), o CI (A₃) e máis o suplemento (A₄), auténticos adxacentes do verbo, do aditamento, que nós denominamos máis arriba como circunstante ou satélite⁵⁵. O lingüista español, inicialmente, sinalaba algúns trazos do carácter de A₄, como é, poñamos por caso, a posibilidade de non aceptar a substitución por adverbios ou mesmo o feito de nunca poder aparecer simultaneamente cun Implemento (Alarcos 1987: 157). Mais posteriores revisións das súas propias investigacións levárono a modificar en certos aspectos a antecitada noción de SUP e a acrecentar os seus dominios transitivos, reparando na existencia de verbos que rexen algúns complementos obrigatorios conmutábeis por adverbios (*Moran en Betanzos / Moran ali*). Segundo Alarcos (1990), pois, distínguense as seguintes modalidades:

1. *Suplemento indirecto*, complemento que pode aparecer con implemento e que vén demandado conxuntamente tanto polo verbo como por este argumento; é o que explica que nun exemplo cal *Encheu o vaso de auga* sexa inadmisíbel unha construción como **Encheu de auga*.

2. *Suplemento inherente*, que se encontra en predicacións do tipo *Moran en Betanzos* ou *Introduciu o parafuso na madeira*, nas cales, respectivamente, *en Betanzos* e *na madeira* son testemuños de A₅⁵⁶.

3. *Suplemento atributivo*, en que un CPREP obrigatorio presenta carácter de asignación de cualidades; sería o caso de estruturacións do tipo *Téñeno por intelixente*, *Acusárona de homicida* etc. Nótese que, de acordo coa noción de SUP revisitada polo propio Alarcos, nesta modalidade, como tamén en (a) e en (b), son perfectamente compatíbeis cun implemento.

54 Véxase tamén Porto Dapena (1997: 38), quen se expresa con parecidas palabras: “Como es sabido, todo complemento que no sea directo ni indirecto es considerado en la gramática tradicional –excepción hecha del llamado complemento o ablativo agente– como circunstancial, denominación con la que en realidad se pretende abarcar una variedad heterogénea de elementos, que resulta harto difícil atribuirles unas características comunes como no sea, claro está, el simple rasgo negativo de no ser ni complementos directos ni indirectos”.

55 Xunto ao SUP ou CPREP, existen tamén outras nomenclaturas para A₄, como a que aparece en Báez San José (2002: 239) co nome de “complemento oblicuo”.

56 Discrepa Gutiérrez Araus (1987: 376) coa denominación “suplemento inherente”, pois “puede resultar redundante porque un complemento de régimen preposicional ya indica que es inherente al verbo por ser rección del mismo”.

4. *Suplemento propio*, que mantén as primeiras caracterizacións propostas polo lingüista ovetense e que se encontra en construcións como *Carece de auga*, *Dubidan das túas ideas* etc.

Ora, desde o marco teórico da valencia non son totalmente asumíbeis estas subdivisións dos argumentos exixidos polo núcleo verbal. Deste modo, o caso de (2) corresponde a un A_5 , isto é, un complemento locacional ou situacional, ao paso que os exemplos de (3) non son senón exemplificacións de A_{10} , isto é, dun complemento predicativo⁵⁷. Os únicos tipos de suplemento que distingue Alarcos e que poden, sen problemas, enmarcarse dentro da teoría dependencial a corresponderen a A_4 son, por tanto, o (1) e o (4). Na nosa opinión, teríase de ponderar sobre este particular a inexactitude da equivalencia funcional entre A_2 e A_4 a termos moito en conta as tipoloxías de (3) e de (4), en que non se percibe, como non sexa a obrigatoriedade do seu aparecemento, ningún punto en común con A_2 .

Así pois, dado que a visión de Alarcos non é completamente satisfactoria a repararmos na confusión entre A_4 con A_5 e A_{10} , dun lado, e doutro, dado que tamén se torna un bocado complexo (por non usar o adxectivo “imposíbel”) facérmola cadrar coa gramática da valencia, xorde a pregunta de cales é que son os trazos que permiten distinguirmos A_4 doutros tipos de actantes e, dentro destes, en relación a A_2 . Ao noso ver, tales características son as que seguen:

1. Do punto de vista formal, é relevante o carácter obrigatorio dunha preposición, co que nos achamos perante a denominada transitividade preposicional, aínda que non se trata dunha trazo inherente a A_4 porque algúns complementos tamén a exixen (A_3 , A_5 , A_6 e A_7), ao paso que noutros se encontra en ocasións (A_2 , A_{10}). Nótese que tamén existen circunstancias que a piden (*Viu os amigos na Coruña*) e outros en que se lexitima tanto o seu uso como a súa omisión (*O vindeiro verán imos a Praga / No vindeiro verán imos a Praga*). O emprego dunha preposición, unha das características elementares de A_4 , aínda tendo tendencia para a selección dunha determinada unidade desta índole, non condiciona, ao noso ver, unha partícula fixa, como indica Vilela (1999: 336), mais pode darse unha relativa flutuación, segundo teremos ocasión de vermos máis abaixo.

2. No que se refire á presenza da preposición en A_2 e A_4 , temos de notar que unha das diferenzas entre ambos os actantes consiste nas unidades sintácticas que o dito nexos pode formar: un A_2 ou CD é unha FN que non costuma levar

57 Rylov (1989: 81) denomina os verbos trivalentes construídos con A_1 , A_2 e A_{10} “enlaces sintácticos dobres”, dos cales di que “se materializan unas relaciones sintácticas bastante complicadas: el sintaxema pseudopreposicional (o sin preposición) denota el objeto de la acción, mientras que el sintaxema preposicional reúne significados atributivo y circunstancial (de causa)”.

preposición, ao paso que un A₄ constitúe unha FPREP que necesariamente leva relator. Aínda no caso de A₂ se construír con preposición, o carácter desta como núcleo dunha FPREP fica esvaecido até ao punto de se non comportar como marca funcional desa unidade sintáctica, o que non acontece con A₄. Pola nosa parte, sen negarmos que o carácter da preposición que acompaña un CI e ocasionalmente un CD esmorece como marcador dunha FPREP, parécenos que tamén con A₄ se dá esta circunstancia⁵⁸, aínda que talvez non na mesma medida que con A₂ ou A₃; o feito de *a* marcar CI e esporadicamente CD, isto é, unha única partícula desta natureza, debe ter axido para se non comportar como núcleo dunha FPREP, ao paso que un A₄ pode estar introducido por unha gama maior de tales unidades, o que sen dúbida ten feito que non perdesen completamente os seus valores semánticos iniciais (véxase 2.2.2).

3. En canto A₂ é comunmente deictizábel cun clítico de acusativo (e, por súa vez, A₃ mediante un de dativo), A₄ non tolera a dita transformación e bota man dun pronome tónico para esta finalidade (*Pensou neles / Pensou niso* etc). Convén subliñarmos a circunstancia de que o correspondente clítico oculta tamén a preposición en A₂ e en A₃ (*Aman a Deus > Amano; Telefonou ao seu pai > Telefonoulle*), situación que tampouco se produce con A₄, pois, aínda se substituindo por unha forma pronominal tónica, continúa a figurar a marca prepositiva. A₄ diferénciase de A₅ ou A₆, por exemplo, en que estes argumentos son substituídos por formas adverbiais tipo *aquí, acá, acó, aí, alí, alá, aló* ou *acolá*, sen perderen A₅ e A₆ o seu carácter actancial.

4. Como consecuencia directa do anterior, algúns autores, como Porto Dapena (1997: 15) ou Bechara (2002: 414), prefiren referirse a A₂ (e tamén a A₃) como uns complementos *integrábeis*, pois, se se deictizaren, pasan a depender, do punto de vista fonético e sintáctico⁵⁹, do verbo que o exige; en contrapartida, A₄ sería un actante obrigatorio mais non integrábel ao non se

58 firma sobre este particular Vilela (1999: 251) que o “valor das preposições fica diluído (= preposições incolores) quando as preposições são exigidas por verbos, substantivos, adjetivos ou advérbios: nesses casos, as preposições fazem parte das respectivas palavras autosemânticas”. Din tamén ao respecto Hernanz / Brucart (1987: 263) que cómpre salientarmos “el carácter semánticamente vacío de la preposición que encabeza el CP [complemento preposicional], la cual actúa como mero asignador de caso, frente a lo que ocurre con los complementos circunstanciales”. Véxase igualmente Pensado (1995a: 22), quen, a se fundamentar en Coseriu e Mori / Thun (1984), indica que as preposicións non posúen trazos semánticos, senón que elas propias son trazos semánticos.

59 Sobre as tipoloxías de vínculos fonético-sintácticos entre un pronome átono e o verbo, véxase Lausberg (1981: 330), quen distingue *próclise* (“subordinación fonético-sintáctica de uma ou várias palavras a uma palavra seguinte, sobre a qual recai a pressão respiratória mais forte”), *ênclise* (“subordinación fonético-sintáctica de uma ou várias palavras a uma palavra precedente, sobre a qual recai a pressão respiratória mais forte” e *anfíclise* (“combinação da próclise e da ênclise: é portanto a subordinación fonético-sintáctica duma palavra tanto a uma palavra precedente como a uma seguinte”).

producir esta situación de vínculo fonético-sintáctico. A clitización non tolera ser aplicada a unidades fonoloxicamente acentuais e de aí que *neles*, *niso*, *nisto*, anaforizacións posibles de A_4 ⁶⁰, fiquen á marxe doutras substitucións, normais en A_2 , como *o*, *a*, *me*, *te* etc.

5. Ligado ás posibilidades de un actante se deictizar está o seguinte trazo de A_4 : ao paso que unha modificación da orde de palabras máis habitual con A_2 vai comunmente obrigar a presenza dunha estrutura con redobro de clítico (*Viu onte os rapaces / Os rapaces viunos onte*), no caso de A_4 unha alteración desta índole non implica o aparecemento de ningún pronome: nin do átono por lle non corresponder nin dun tónico por non ser necesario, como se deixa ver nos seguintes exemplos:

53. (a) Pensou nos amigos toda a mañá
 (b) Nos amigos pensou toda a mañá
 (c) *Nos amigos pensou neles toda a mañá⁶¹

Repárese en que (53c) se converte nunha construción imposíbel a termos presente que a única interpretación é o predicado verbal exixir dous A_4 como dous constituíntes sintácticos. Así pois, os procesos de alteración da orde de palabras para A_2 e A_4 non se manifestan do mesmo modo en ambos os actantes. En canto un A_2 , conforme o visto, pode figurar á esquerda do verbo e ser recuperado mediante un pronome átono de acusativo, A_4 presenta unha situación algo máis complexa⁶², pois hai casos en que a modificación da lineariade discursiva é perfectamente posíbel:

60 Afirmo sobre este particular Bechara (2002: 414) que termos “argumentais podem não ser integráveis: é o que acontece com o complemento relativo [o equivalente, entre outros, ao CPREP na nosa terminoloxía]. Neste caso, a expresión que substituí esta función está representada por un sintagma prepositivo que repete a mesma preposición seguida dos pronomes *ele*, *ela*, *eles*, *elas* ou *isso*: Não pensava *nos amigos* / Não pensava *neles*. Assistimos *ao jogo* / Assistimos *a ele*”.

61 Aínda así, a fala coloquial coñece estruturas con anacolutos sintácticos do tipo *Pro eu nunca me cadrou de vela* (adaptado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 31). Mais en tales linearidades, á parte de non se producir a concordancia casual ditada polos gramáticos (cfr. *Eu* [nominativo] / *me* [dativo]), non parece pertinente falarmos de construcións redobradas, mais de tópicos externos á propia predicación lingüística que como tales non coinciden sintacticamente coas partículas ou formas con que aparentemente van en correlación. Sobre construcións análogas a estas, en Mateus / Brito / Duarte / Faria (1989: 228-229) prefírese denominalas como estruturas de “Deslocação à Esquerda de Tópico Pendente”, que presentan como un dos seus trazos a falta de “conectividade de caso nem de función semântica entre o tópico e a expresión interna ao comentario com ela referencialmente conectada”.

62 Véxase Freixeiro Mato (2006, II: 640) cando indica que o CD “é facilmente topicalizado, entanto que o suplemento é de difícil topicalización”.

54. (a) Depende de vós
 (a') De vós depende
 (b) Ela dubida diso
 (b') Diso dubida ela

E, contrastivamente, existen estruturas en que esa inversión non parece poderse producir:

55. (a) Tirou cos libros
 (a') ?Cos libros tirou
 (b) Agarrou de porta e marchou
 (b') ?De porta agarrou e marchou

6. A conversión en pasiva dun enunciado activo é factíbel con algúns verbos transitivos e A₂ (*O Antón comeu as mazás / As mazas foron comidas polo Antón*), ao paso que con outros predicados, como sinala Bechara (2002: 417), resulta imposíbel (*O Antón ten mazás / *As mazás son tidas polo Antón*)⁶³. No entanto, como norma xeral, con A₄ non é posíbel esta mudanza diatética, aínda que certas construcións con este actante non parecen rexeitar completamente tal modificación. Neste sentido, Gutiérrez Araus (1987: 380) non ten dúbidas en afirmar que, habendo enunciados transitivos en que figura A₂ e en que se non admite a súa conversión en pasiva, poden darse casos en que sexa efectivamente posíbel con A₄; os exemplos a seguir están inspirados nas súas apreciacións:

56. (a) Despediuse deles con moita amabilidade ao remate da festa
 (a) Foron despedidos con moita amabilidade ao remate da festa
 (b) Eles esquecéronse das súas raíces
 (b') As súas raíces foron esquecidas por eles
 (c) Ese malandro burlouse da policía
 (c') A policía foi burlada por ese malandro

7. Finalmente, hai que ponderar a posibilidade de que aparezan tanto A₂ como A₄ como complementos exixidos polo verbo, o que redunda na súa pertinente diferenciación neses predicados trivalentes: *O Luís (A₁) obrigou os amigos (A₂) a saíren (A₄)*, *Ela (A₁) encheu o copo (A₂) de auga (A₄)* etc.

63 A pesar de con algúns procedementos de formación de palabras esta situación non ser a mesma, como se observa coa derivación prefixal nos casos de *ter* e *conter* ou *reter*: *O garda retivo os malandros* → *Os malandros foron retidos polo garda / Os malandros foron contidos polo garda*.

2.2. Preposicións que introducen A₄

Anteriormente, falando do comportamento da transitividade dos verbos, chegamos á conclusión de esta ser unha cualidade graduábel, non estática, en que se diferencian dous pólos: o da transitividade forte e o da fraca. Á parte destas dúas distincións máximas, é certo que aínda se poden establecer outras clasificacións dentro desta subfunción da participación indicada por Halliday. Con efecto, os complementos das cláusulas *Moito pensou as súas palabras* e *Moito pensou nas súas palabras*, a estaren exixidos polo predicado *pensar*, non se comportan do mesmo xeito. Para alén de nocións xa comentadas máis arriba, tales como transitividade directa ou indirecta, dupla etc., convén facermos unha distinción entre os conceptos de *transitividade preposicional*⁶⁴ e *transitividade non preposicional*, a primeira demandando un nexos prepositivo entre o complemento e o verbo e a segunda sen ningún destes elementos relacionais. Neste sentido, tamén se podería pensar nunha outra significación dos termos *directa* / *indirecta*⁶⁵, conforme Blinkenberg (1960: 20), e restrinxirmos aquel somente para casos en que non se precisa da preposición e este para os casos en que se demanda o nexos; mais, existindo como posibilidade, tan directo é o complemento da primeira cláusula como o da segunda e, neste caso, parece ser máis adecuado insistirmos na distinción *preposicional* / *non preposicional*.

Non todos os elementos que necesita o verbo axen de modo similar canto á existencia de levaren unha marca desta índole, pois existen diferenzas notorias como teremos ocasión de ver máis abaixo, e, do mesmo modo, nin todas as preposicións se comportan de maneira idéntica. A principiarmos polos complementos obrigatorios, é notábel unha gradación dos actantes, sen contarmos co SUX⁶⁶, no que di respecto ao uso da preposición; como regra o CD non leva en galego preposición⁶⁷, agás nalgúns

64 Así se emprega en Gutiérrez Araus (1987), García-Miguel (1995) ou en Rodríguez Guerra (1997).

65 Gutiérrez Araus (1987: 381), por exemplo, diferencia transitividade directa e transitividade preposicional, cuxas diferenzas veñen dadas polo “plano formal, máis que en el semántico”. Por súa vez, en Hernanz / Brucart (1987: 250) distínguese unha transitividade directa (construcións con CD), dobre transitividade (construcións con CD e CI) e transitividade de rexime preposicional (estruturas sintácticas dependentes do verbo rexidas por unha preposición). Véxase tamén Hjemlev (1976: 130) cando indica que as preposicións como marcas de transitividade ilustran unha “rección complexa”.

66 O SUX nunca se acompaña de preposición; aparentes exemplos do contrario, como *Fixeron o almorzo entre os dous* ou *Até eles fixeron o almorzo* e aínda outros análogos, non constitúen casos de SUX con preposición, mais un complemento periférico de modo, na primeira cláusula (cfr.: *Así fixeron o almorzo*), e na segunda, de acordo con Mateus / Brito / Duarte / Faria (1989: 234), un marcador focal (cfr.: *Mesmo eles fixeron o almorzo*).

67 Ao noso ver, a grande recorrencia que na oralidade e mesmo na literatura que presenta modernamente a preposición *a* é debida á presión do español. Concordamos así con Freixeiro Mato (2000: 388) cando di que “a norma do galego debe acentuar o ton prescriptivo sobre a non utilización da preposición *a* co CD como criterio xeral, admitindo o seu emprego só naqueles casos tamén contemplados na norma portuguesa e que veñen coincidir coa realidade histórica e mesmo actual da nosa lingua unha

casos moito singulares (inversión da orde de constituíntes, coa palabra *Deus*, para desfacer a ambigüidade entre SUX e CD etc.), en que se bota man de *a*, identificada por Cidrás Escáneo (1998: 569) como a marca “canónica da transitividade preposicional”; o CI, pola contra, demanda sempre esa mesma partícula, ao paso que A₄ obriga outra serie de preposicións (*a, de, en, con* etc.) a sinalaren formalmente a transitividade; os coñecidos tradicionalmente como CC, por súa vez, encóntranse en similares parámetros do que o A₄, pois a gama de marcadores preposicionais transitivos é relativamente abundante; finalmente, o complemento axente da voz pasiva exige como norma o nexa *por*.

Alíás, tamén nin todas as preposicións son quen de indicaren transitividade en igualdade de condicións⁶⁸: en canto hai partículas que non se encontran en estruturas transitivas, cal é o caso de *agás, segundo, sob* etc., outras, en contraste, gozan dunha notábel recorrencia, como *a*; neste sentido, indica Freixeiro Mato (2006, II: 645) que a partícula *con* introduce un A₄ “en poucos casos”, ao paso que constitúen un número reducido as atestacións de “suplemento introducido pola preposición *por*”; para outras linguas próximas, como o español, parece que non hai un punto de vista unánime canto á capacidade de marcaxe transitiva por parte dunha preposición, xa que se ten falado de catro, cinco ou mesmo sete unidades⁶⁹. Por outra banda, como trataremos máis abaixo, existen casos de flutuabilidade canto á utilización de un ou doutro nexa preposicional, tanto con A₄ como con outro tipo de unidades actanciais, cuxas consecuencias ora acrecentan algúns novos valores e matices, ora producen unha mudanza semántica. Aínda que parte doutros postulados, Gutiérrez Araus (1987: 376) considera certa caste de rexencias preposicionais como complementos de rexime preposicional (CRP) en oposición a complementos circunstanciais (CC), isto é, como

vez depurada de interferencias alleas”. Sobre esta partícula e o CD en galego, véxase tamén López Martínez (1993, 1994). Nótese, finalmente, que algúns autores da nosa tradición filolóxica percibiron a escasa utilización de CD antecedido de preposición, como Saco Arce (1868: 199-200) cando afirmaba que esta “no es entre nosotros usada con tanta frecuencia como en castellano, pues unas veces se suprime [...] con el término de acción de los verbos activos, por ejemplo [...]: Os facciosos mataron o xeneral”; con similares palabras, Carré Alvarellos (1967: 156) sinalaba que “[a preposición *a*] No se usa tan frecuentemente como en castellano. Según ya hemos dicho, se suprime en algunos casos de acusativo, en los cuales se emplea solamente el artículo”.

68 Igualmente, tampouco todas as preposicións ou partículas que expresan relación se comportan identicamente canto aos elementos pronominais tónicos que rexen, pois formas como *a, ante, até, de, en, para* etc. existen unha oblicua, ao paso que partículas cal *baixo, exclusive, excepto* etc. demandan un pronomine recto (véxase Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988: 257-258). Para un estudo profundo das preposicións, aplicado ao francés, véxase Cervoni (1991), nomeadamente a parte consagrada á súa definición (1991: 59-126); é tamén de utilidade Pavón Lucero (2003), onde se aborda, xunto ao adverbio e a conxunción, o funcionamento sintáctico das preposicións no español.

69 Véxase, por exemplo, Cano Aguilar (1981: 368) cando indica que “sólo hay cuatro preposiciones que parezcan cumplir la función de marca formal de una rección transitiva: *a, de, en y con*”. Igualmente, López García (1990: 185) cita como habituais con A₄ *a, con, de, en, para, por e sin*. E por súa vez, o traballo de García-Miguel (1995) contempla as mesmas partículas que Cano Aguilar, mais engade a preposición *por*.

elementos argumentais, salientando a posibilidade de apareceren varias preposicións indicando esa cualidade de rexime; eis algúns exemplos de A_5 , A_6 :

57. (a) Viven *na* Coruña / Viven *pola* encosta abaixo
 (b) Moran *en* Betanzos / Moran *por* Betanzos
 (c) Veñen *de* Lugo / Veñen *desde* Lugo
 (d) Van *á* vila / Van *para* a vila / Van *até* á vila / Van *cara* á vila / Van *na* vila⁷⁰

Por outro lado, como o galego non puido contar até épocas recentes con estudos gramaticais serios e rigorosos, nin cunha necesaria norma padrón que unificase todos os tipos de variacionismo lingüístico, existen algunhas unidades prepositivas (partículas ou locucións preposicionais) que goza(ro)n dunha rendíbel produtividade literaria e/ou que proceden de rexistros populares ou de variantes dialectais e que se proxectaron na lingua escrita. Pertencen a este grupo formas como *cas* (< ‘casa’)⁷¹, *deica* (< dial. *de eiqui a* ‘de aquí a’), *des*, *dende* (< DEX, DE + IN + DE, variantes de *desde*), *encol de* (< ‘en colo de’) *sobor de* / *sobre de* (< SUPER DE) etc.⁷²:

70 A respecto da construción *ir en* + FN hai que notar que, sendo moito común na Galiza, é considerada polos gramáticos lusitanos como máis un exemplo de brasileirismo sintáctico. Así se acha en Mateus / Brito / Duarte / Faria (1989: 33), figurando na tabela de diverxencias entre o portugués europeo e o americano. A similares conclusións chegan Cuesta / Luz (1989: 558), xa que se indica que “na lingua familiar brasileira, o emprego de *em*” con verbos de movemento é moito frecuente, situación que ilustran co exemplo “Cheguei *na* cidade por Cheguei *à* cidade”. Cfr. tamén Vasconcellos (1987: 134), quen, salientando os trazos do portugués americano, indica que a “préposition *em* s’emploie pour *para* et *a* avec des verbes de mouvement: ‘leve-i-o *na casa*’, au lieu de ‘leve-i-o *para a casa*’”. Igualmente, nalgúns crioulos de base lexical portuguesa é coñecida esta construción, como no de Cabo Verde, segundo nos informa Silva (1984: 178), que pondera que se trata dunha “prática que vem da língua antiga”.

Sobre esta construción en concreto, temos de sinalar que, dado o desenvolvemento da lingüística galega no século XIX, non faltaron críticas ao seu uso, tal como fixo Valladares (1970: 111), que inxustamente a consideraba unha estrutura reprobábel: “Los gallegos, si no todos, muchos decimos: *vai á Santiago*; *vai á vila*; *vai à feira*; *vai à romaría*; *vai ò muiño* [...]. Y también *vai en Santiago*; *vai n’a vila*; *vai n’a feira*; *vai n’a romaría*; *vai n’o muiño*. Lo primero, supone que la persona, de quien se hable, piensa ir, salir, ó camina á uno de los puntos indicados; pero que no há llegado todavía: lo segundo, supone que há llegado ya, que está allí. En el primer caso, no hay defecto del lenguaje; en el segundo si lo hay y consiste en tomar un tiempo por otro y una preposición por otra; pues si la persona, de quien se hable, há llegado á uno de dichos sitios, si está allí ¿como hemos de poder decir que vá, cuando este vá, ó *vai* es tiempo presente? El pretérito, ó pasado, es el tiempo que debe usarse y decir há ido, no *en*, sino á, preposición que en este caso rige el verbo ir. Mas, como el gallego, por carecer de tiempos compuestos, no tiene equivalente para há ido y, de emplear el pasado perfecto *foi* = fue, dá á entender que la persona há regresado, lo que no es su ánimo significar; de ahí que lo mejor, en casos tales, es valerse de otros verbos, decir, por ejemplo, *marchóu á...*; *saëu pra...*”.

71 Repárese no exemplo seguinte, tirado da literatura tradicional: *Aquela miniña / á quen Diol’a axude / iba en cas d’o crego* (CPG II, 241).

72 Para a xénese destas formas populares e dialectais, algunhas dunha notábel rendibilidade literaria durante o século XX, véxase Ferreiro (1999: 364-367).

58. (a) Os rapaces van *cas (de)* Filipe
 (b) A fraga chega *deica* aquel outeiro
 (c) Viñeron *dende* Lugo
 (d) Colocou a louza *encol da* mesa
 (e) O Uxío colocou os libros *sobor do* armario

De calquera modo, estas posibilidades de utilización dialectais, literarias ou de rexistro, non afectan o carácter da transitividade, mais o da capacidade expresiva da lingua, que se ve felizmente adicionada mercé ao uso facultativo de tales partículas relacionais. Tampouco desmerece o carácter transitivo dun elemento argumental se en certos casos se deren algunhas condicións de variabilidade no que se refire ao uso específico das preposicións; a este respecto, Peres / Móia (1995: 108) enumeran tres tipos de circunstancias arredor de tales utilizacións, como son: (i) “supressão indevida de uma preposição que deveria acompanhar determinado argumento”; (ii) “adição indevida de uma preposição a um argumento que não deveria ser preposicionado”; e (iii) “uso de uma preposição distinta daquela que deveria acompanhar um determinado argumento”⁷³. Os seguintes exemplos ilustran esta tripla tipoloxía de alteración:

59. (a) Aquel profesor gosta de que o louven
 (a') ?Aquel profesor gosta que o louven
 (b) O Brais dixo que iría ao cinema
 (b') *O Brais dixo de que iría ao cinema⁷⁴
 (c) Convenceume de que teño de ler esa novela
 (c') ?Convenceume que teño de ler esa novela

73 Din tamén Peres / Móia (1995: 108) que o estudo de todo este tipo de variacións “constitui uma área bastante problemática do português contemporâneo, onde é frequente a alteração das normas partilhadas pela comunidade”; en moitos casos, “é particularmente difícil determinar a agramaticalidade ou marginalidade de determinados usos”, pois existen “frequentemente distintas possibilidades de escolha no que respeita ao uso de preposições argumentais, que podem variar na frequência ou suscitar dúvidas que os dicionários não esclarecem”. Precisamente coa intención de solucionar algunhas desas hesitacións de rexencias é que se publicaron os traballos de Nunes / Sardinha (1999) e de Ventura / Caseiro (2003), dicionarios dos reximes preposicionais dos verbos portugueses, o primeiro preliminar indicando que “se a relação do verbo com o seu complemento depende de uma preposição, a escolha incorrecta pode provocar uma distorsão da ideia de a formular” (Nunes / Sardinha 1999: 3).

74 Fenómeno coñecido por “dequeísmo”, sobre o cal escribe Vilela (1995: 146, nota 19): “Com a febre do **dequeísmo** –introduzir ‘de’ em muitas construções, como ‘é evidente de que...’, etc.– por pessoas com muita (diria mesmo: muitíssima) responsabilidade política e cultural, talvez o povo e a própria língua acabem por ‘virem a cair também nessa esparrela’”.

É discutíbel se os exemplos de (59a') e (59c') se achen realmente fóra da corrección lingüística, pois, por un lado, son bastante comúns na oralidade actual e, por outro, teñen un correlato xa na lingua antiga en predicacións con incorporación de obxecto, do tipo *ter medo que* ou *estar seguro que*; para estas posibilidades apunta Cidrás Escáneo (1994: 116), contravindo o exposto en García Montañés (1992: 16) no caso da linguaxe xornalística, a súa atestación xa na época medieval⁷⁵ e pregunta se, efectivamente, non se deberá a prexuízos gramaticais a circunstancia de viren sendo consideradas fóra do gramaticalmente aceptábel. Aínda así, o carácter do actante preposicionado e o feito de constituír unha frase ou unha cláusula determinan, con todo, que outras utilizacións do elemento empregado con partícula prepositiva sexan as únicas válidas. As dúbidas sobre a marxinalidade ou a agramaticalidade do primeiro e do terceiro par de exemplos desaparecen se no canto dunha cláusula introducida por *que*⁷⁶ se tiver un nome ou un pronome, que “são obrigatoriamente preposicionados” (Peres / Móia 1995: 113):

60. (a) Aquel profesor gosta de que te comportes ben
 (b) Aquel profesor gosta dese teu comportamento
 (c) Aquel profesor gosta diso
 (d) *Aquel profesor gosta iso
61. (a) O Brais convenceume de que xa viñeras
 (b) O Brais convenceume da túa chegada
 (c) O Brais convenceume diso
 (d) *O Brais convenceume iso

Relacionado intimamente cos tres supostos de fluabilidade no uso das preposicións a que se facía referencia en Peres / Móia está a posibilidade de que algúns verbos, nomeadamente na oralidade coloquial, reciban novas significacións ou maticen o seu sentido orixinal se acompañados de preposicións a rexeren actantes realizados

75 Velaí algúns exemplos do galego-portugués medieval tirados da exposición de Cidrás Escáneo (1994: 117): *Chegou recado ao conde que fosse aas cortes; Como se ouvesse medo que lle faleceria; Enton houveron acordo que fosse logo queimada; etc.*

76 O fenómeno da supresión dunha partícula prepositiva, especialmente *de*, está tamén presente noutros sistemas lingüísticos ibéricos, como o español. Neste sentido, Hernanz / Brucart (1987: 264.265) din que nesa lingua “el comportamiento de los verbos que se construyen con CP puede experimentar oscilaciones importantes según si dicho complemento es un SN o bien una subordinada”. E conclúen a dicir que “la preposición se mantiene habitualmente ante la conjunción *que*, si bien esta tendencia cuenta con notables fluctuaciones en la lengua hablada”.

a través de infinitivos⁷⁷. Do punto de vista da mudanza canto ao tipo de actantes, o que se produce nestes casos é a conversión de A₂ en A₄ en determinados rexistros que mesmo pode chegar a ser especialmente produtiva. A partícula prepositiva por excelencia nestes complexos verbais é *de* e os predicados verbais en que se documentan estes usos son, entre outros⁷⁸, *coidar*, *dispor*, *estimar*, *falar* ou *ordenar*, como se ilustra a seguir:

- | | |
|--|---------------------------|
| 62. (a) <i>Coidarás de</i> que o fagan | ‘Procurarás que o fagan’ |
| (b) <i>Dispuxo de</i> arranxar a casa | ‘Decidiu arranxar a casa’ |
| (c) <i>Estimaba de</i> o saber ⁷⁹ | ‘Gostaría de o saber’ |
| (d) <i>Falaban de</i> ir ao cinema | ‘Propuñan ir ao cinema’ |
| (e) <i>Ordenou de</i> facer o xantar | ‘Decidiu facer o xantar’ |

Talvez haxa que pór en relación estas construcións populares, en primeiro lugar, con estadios antigos da lingua en que se apreciaba un uso distinto do actual, como se verá máis adiante, e, en segundo lugar, con algúns fenómenos de flutuabilidade no uso das preposicións que se documentan en certas modalidades de portugués extraeuropeo. A este respecto, Vázquez Cuesta (1994: 641), a desenvolver algúns dos trazos máis representativos da linguaxe literaria de Mia Couto⁸⁰, salienta como

77 E non unicamente, mais tamén, minoritariamente, mediante outras unidades morfolóxicas e sintácticas; nótase o seguinte exemplo, en que figura unha cláusula con *ordenar*: *Unha vez había un matrimonio nunha aldea, que tiña un neno pequeno. Como eran probes, ordenaron de que o home marchase polo mundo a ganar a vida* (CLU 11).

78 Saco Arce (1868: 169) salienta tamén construcións análogas con outros verbos, cal *apostar* (*Apostemos de correr*), *apetecer* (*Apeteceume de comer carne*) ou *pensar* (*Pensei de poder decírlle o*), para os cales di que o galego “emplea con certa preferencia la preposición *de* con verbos que en castellano se construyen con *otra* ó *sin ninguna*”. Por outra parte, que estas construcións son máis ben propias da lingua popular vén demostrado polo feito de algunhas delas posuíren unha atestación notoria en certas compilacións de lirica tradicional; é o caso da estrutura *estimar de*, que goza dunha considerábel documentación no *Cancionero* de Pérez Ballesteros compilado no devaldo do século XIX: *estimaba de levar* / *Marica de par de min* (CPG I, 82); *o que estime de saber* / *que se propoña axustar* (CPG I, 88); *estimaba de saber* / *si me ti queres tamén* (CPG II, 6); *Estimaba de te ver* / *trinta días cada mes* (CPG II, 10); *Estimara de saber* / *onde a rula ten o niño* (CPG II, 27); *contéstame sin reparo* / *qu’estimaba de saber* (CPG, II 131); etc. Outras construcións, análogas canto á estrutura da anterior, son as seguintes, tamén tiradas do antecitado *Cancionero*: *qu’unque son moza solteira* / *espero de ser casada* (CPG I, 73); *ti, ordena de pagar* / *ou de deixar a chaqueta* (CPG, I 95); *cóida de comprarmo grande* / *unque coste un realíño* (CPG I, 197); *fün por ver os meus amores* / *¡deseaba de os ver!* (CPG II, 12); etc.

79 Nótase a tamén posíbel *Estimaba sabelo*, con parecido significado a *Estimaba de o saber*.

80 Sobre o portugués deste prosista, di tamén Vázquez Cuesta (1994: 636) que “se embrenhara na apaixonante aventura de criar uma nova língua literária partindo dos desvios da norma, das supostas incorrecções da falada na sua pátria”, de modo paralelo a “como há tempos Gumirães Rosa no Brasil ou mais recentemente Luandino Vieira em Angola” trasladaron para a escrita a oralidade popular deses países lusófonos.

típico do seu portugués “a utilización abusiva da preposición *de*” en casos como *Começaram de construir uma ponte de cimento, A sobrinha, coitada, conseguiu de carregar o pilão*, entre outros máis afastados de tales usos na Galiza (cfr.: *Não subir das escadas* ou *Não chegou de ouvir* etc.). A autora termina de falar das preposicións ponderando “uma certa anarquia” na súa utilización, ora no que se refire ao uso, ora no que di respecto á súa omisión⁸¹.

Deixando de lado o escritor angolano, cómpre tamén facermos mención a outras áreas do espazo lingüístico galego-portugués, como é o caso da brasileira. Nun traballo destinado a abordar os problemas de ensino e aprendizaje da lingua “na encruzilhada das normas” lusitana e americana, Vilela (2002: 327-328) salienta o conflituoso que pode ser, en ocasións, decidirse por unha tendencia diverxente que se detecta “na regência verbal, adjectival e nominal”, xa que “estão a definir-se algumas divergências”⁸². Algúns dos casos con que ilustra estas apreciacións son os seguintes, en que non hai coincidencia entre o portugués europeo (PE) e o portugués americano (PA): *contribuir para* (PE) / *contribuir com* (PA), *assistir* (PE) / *assistir a* (PA), *namorar* (PE) / *namorar com* (PA), *brincar a* (PE) / *brincar de* (PA), *precisar de* (PE) / *precisar* (PA) etc.

Voltándonos a A₄, e visto que un dos trazos deste actante é ir precedido dunha partícula preposicional, imos centrar a nosa atención xustamente neste tipo de unidades coa finalidade de verificarmos cantas preposicións poden desempeñar esas funcións. Para este obxectivo parece pertinente facermos, antes de máis, unha distinción entre aqueles nexos que son os únicos cuns determinados verbos capaces de expresaren esa rexencia e aqueloutros que, sendo algúns usos máis usuais ou habituais do que outros, permiten a posibilidade de mudaren por unha outra partícula que continúa a sinalar a complementación verbal. En apartados anteriores xa fomos indicando algunhas notas a respecto deste tema e corresponde agora concedérmolle algo máis de tratamento dada a importancia que toda a preposición ten como marca de A₄, até o punto de que algúns estudiosos denominan este actante como “complemento preposicional”.

81 Véxase, para as preposicións *de* e *a*, Xavier (1993: 810-811), quen expón unha tabela de exemplos do portugués antigo coincidentes en varios casos coas construcións do galego e quen, igualmente, toma como base tales estruturas para facer un confronto entre a lingua das dúas marxes do Miño a ponderar unha presumibel utilización distinta na Galiza, en Portugal e mesmo na España: *começou a chorar / começou de chorar / comenzó a llorar, pensei (em) dizer-lho / coidei de llo decir / pensé en decírselo* etc.

82 O antedito artigo conclúe a ponderar outras variedades de lingua para alén da estándar, tradicionalmente lateralizadas ou infravalorizadas en relación a esta: “Haverá razões de fundo para a gramática, os manuais se aterem apenas ao padrão ‘standard’ ignorando completamente os outros padrões? Nos exemplos que apresentei servi-me tanto de um corpus oral como de corpus escrito: a diferença não é assim tão grande. A noção de ‘correcto’ e ‘incorrecto’ tem de ser novamente aferida: o ‘uso’ também tem o seu peso na definição da norma” (Vilela 2002: 334).

2.2.1. Inmutabilidade preposicional

Con este termo estamos a nos referir a aqueles verbos que se constrúen sempre coa mesma partícula prepositiva, non habendo, subsecuentemente, ningunhas outras posibilidades de alternancia coa clase preposicional. Deixando de lado o particular caso da preposición *a* con A₃ e esporadicamente con A₂, as preposicións máis frecuentes para introduciren A₄ son *a*, *de* e *en* (García-Miguel 1995: 99)⁸³, tal como se ilustra cos seguintes exemplos:

- 63. (a) A sentenza agradou *á* reitora da universidade
- (b) O conferencista aludiu *a* ese asunto
- (c) O Iago accedeu *a* uns libros do século XIX
- 64. (a) A cualificación xa non dependía *de* vós
- (b) Xactábase *do* seu pasado en repetidas ocasións
- (c) Abusaron *dos* seus súbditos
- 65. (a) A cea consistiu *nunhas* filloas preenchidas de queixo
- (b) Insistiu *no* asunto durante toda a reunión
- (c) Aquelas decisións repercuten hoxe *na* nosa vida diaria

Mais que esas tres partículas sexan as máis recorrentes non implica que non se poidan achar usos en que se utilizan preposicións distintas, algunhas certamente minoritarias (cal *contra*, *para* ou *sobre*), outras cunha frecuencia de aparecemento algo maior:

- 66. (a) A prensa arremeteu *contra* o alcalde da cidade
- (b) Iso non obsta *para* os teus intereses
- (c) A conferencia versou *sobre* a música tradicional
- (d) Colaboraches *cos* teus compañeiros na preparación da festa?
- (e) Concordou *coas* túas pesquisas
- (f) Pugnabamos *por* un posto de traballo digno

83 Véxase tamén Iordan / Manoliu (1989, I: 377), onde, dunha perspectiva panrománica, se indican diferenzas de frecuencia no emprego das preposicións: “Como consecuencia de esta proliferación del empleo de preposiciones [no paso do latín vulgar ás linguas neolatinas], su frecuencia creció considerablemente en las lenguas romances. Así se ha comprobado, por ejemplo, que la preposición *de* tiene en francés y en español, como el inglés *of*, el rango 2 (después del artículo definido, palabra de rango 1); el fr. *à*, rango 3; el esp. *a*, 5; el esp. *en*, 6, y el fr. *en*, 18, después de *dans*, palabra de rango 17”.

Estes exemplos, unidos aos que se van expor en 2.2.2, parecen aconsellar un reformulamento da clasificación das preposicións que introducen A_4 , de tal modo que se prioricen e se secundaricen aquelas en virtude das súas ocorrencias. Provisoriamente, propomos unha división en dous grandes apartados: (i) preposicións (relativamente) frecuentes como partículas preliminares de A_4 , en que figurarían *a*, *de* e *en*⁸⁴; e (ii) preposicións infrecuentes como elementos introdutivos de A_4 , do tipo *con*, *contra*, *para*, *por* ou *sobre*.

2.2.2. Alternancia preposicional

Non é moito habitual que se marque a transitividade entre unha mesma entrada lexical e A_4 a través de varias preposicións, mais, aínda así, existen algúns verbos que toleran alternativamente máis dunha partícula prepositiva a indicar esa cualidade⁸⁵. En xeral, é un fenómeno que tamén se atesta noutros tipos de elementos, como determinados actantes, algúns xa indicados (cfr.: *Vai á cidade* / *Vai na cidade* / *Vai para a cidade*; *Colocou os libros na mesa* / *Colocou os libros sobre a mesa*; etc.), e mesmo en circunstantes (cfr.: *Tes o prato na mesa* / *Tes o prato á mesa* / *Tes o prato sobre a mesa*). Non pretendéndonos expor aquí a casuística enteira de tales situacións para A_4 , limitáremos a sinalar algúns exemplos desta posibilidade de utilización. Nalgúns casos que imos expor a seguir, o uso dunha determinada preposición entra máis nos dominios da expresividade e da estilística do que en mudanzas no plano do significado, e noutros, contrastivamente, a facultade no emprego dun deses elementos arrastra importantes modificacións semánticas. O conxunto destas, porén, non adquire as dimensións que se manifesta noutras linguas, cal o inglés, en que un dos temas máis complexos da súa gramática, en especial para os que aprenden este idioma, ten que ver cos denominados comunmente *phrasal verbs*⁸⁶.

84 Cómpre ponderarmos que, embora desde abordaxes non estritamente destinadas a dar conta da transitividade, existe en xeral a idea de haber unhas preposicións máis importantes ou relevantes do que outras do punto de vista do uso. Así, Teyssier (1989: 339) identifica *a*, *de*, *em*, *para* e *por* como “fundamentais”; nótese que as tres primeiras son as mesmas que nós denominamos como frecuentes a introduciren A_4 .

85 Véxase Busse / Vilela (1986: 68), que, a falaren da variación dos tipos de valencia, indican que “vários verbos admitem que o seu objecto directo seja substituído por um complemento preposicional ($A_2 \rightarrow A_4$) [...] e que vários A_4 se substitúan entre si [...] ou a substituição de A_3 por A_6 ”.

86 Véxase O’Dowd (1998), quen distingue entre “preposition” e “particle” e as cales representa simbolicamente por P: “This group of words, which I will call ‘P’, has defied linguistic description for several hundred years. The descriptive problems have centered traditionally on the issues of how to categorize P syntactically and how to account for its many meanings” (O’Dowd 1998: 3). E, referíndose ao seu aprendizaje por parte de neofalantes, afirma que estes “find prepositions and particles (and P-forms in particular) among the most difficult, but also the most intriguing, forms that they have to master in learning the English language” (O’Dowd 1998: 6). O emprego dunha desas partículas determina que esteamos perante predicados verbais distintos, como se aprecia nos exemplos

Eis algúns exemplos de flutuabilidade no galego⁸⁷:

1. Alternancia *a / de*:

67. (a) Non renunciés á túa ideoloxía
(b) Non renunciés da túa ideoloxía

2. Alternancia *a / con*:

68. (a) Atinou a lle dar na man
(a') Atinou coa porta logo de varias horas
(b) Esa filosofía corresponde a unha maneira de ver o mundo
(b') Esa filosofía correspóndese cunha maneira de ver o mundo

3. Alternancia *a / para*:

69. (a) Contribuíron ao seu alzamento
(b) Contribuíron para o seu alzamento

4. Alternancia *a / por*:

70. (a) O Luís opta a unha praza de funcionario
(b) Optou por unhas vacacións máis tranquilas

5. Alternancia *con / contra*:

71. (a) Loita co narcotráfico desde hai moitos anos
(a') Loita contra o narcotráfico desde hai moitos anos
(b) Os romanos batallaron cos galaicos polo ouro

a seguir: *to look at* 'ollar', *to look for* 'procurar'; *to agree to* 'consentir', *to agree on* 'convir en', *to agree with* 'concordar'; *to consist of* 'comporse de', *to consist in* 'consistir en' etc. Neste sentido, queremos agradecer as observacións do Prof. Carlos Loureiro Veira, quen amicalmente nos brindou a súa desinteresada axuda sobre este particular.

87 Algúns dos casos aquí expostos están inspirados en Nunes / Sardinha (1999) e outros baseados en Martínez García (1986).

(b') Os romanos batallaron contra os galaicos polo ouro

(c) Querelouse coa empresa

(c') Querelouse contra a empresa

6. Alternancia *de* / *con*:

72. (a) Beneficiáronse da baixa de impostos

(a') Beneficiáronse coa baixa de impostos

(b) Gozou da súa parella até que marchou

(b') Gozou coa súa parella até que marchou

7. Alternancia *de* / *contra*:

73. (a) O Xosé testemuñou do que vira

(b) O Xosé testemuñou contra o acusado

8. Alternancia *de* / *en*:

74. (a) Falou da pesca galega

(a') Falou na pesca galega

(b) Dubida de o facer axiña

(b') Dubida en o facer axiña

9. Alternancia *de* / *por*:

75. (a) Tira da corda para a tensares

(b) Tira pola corda para a tensares

10. Alternancia *de* / *sobre*:

76. (a) Ese libro trata de política internacional

(a') Ese libro trata sobre política internacional

(b) Falou da pesca galega

(b') Falou sobre a pesca galega

11. Alternancia *con* / *por*:

77. (a) Tira con el, que xa non vale
 (b) Tira por el, a ver se o deres estirado

12. Alternancia *en* / *con*:

78. (a) Estivo a pensar e xa deu na solución correcta
 (a') Estivo a pensar e xa deu coa solución correcta
 (b) Bateu no neno até que se desmaiou
 (b') Bateu co neno nunha congostra escura

13. Alternancia *en* / *entre*:

79. (a) Dubida en ir á Coruña ou a Lugo
 (a') Dubida entre ir á Coruña ou a Lugo
 (b) Non hesites en ceares unha torta ou un chourizo
 (b') Non hesites entre ceares unha torta ou un chourizo

Do confronto dos casos anteriores, que non esgotan as posibilidades de exemplarios⁸⁸, tíranse algunhas conclusións, de que gostaríamos de salientar dúas: en primeiro lugar, canto ás preposicións que máis e mellor se prestan para seren substituídas por outras, semella que é *de* a máis rendíbel nestas flutuacións, con independencia de se se producir ou non unha alteración semántica ou de se só vir afectada a compoñente expresiva da lingua. Aínda que tal impresión está baseada na lingua contemporánea, temos de subliñar que o uso lingüístico non escolleu sempre, do punto de vista diacrónico, a mesma partícula preposicional, pois, segundo o exposto en Coutinho (1976: 67, 161, 215) ou en Xavier (1993: 813), “alguns verbos seleccionam, ao longo da história, uma ou outra preposição”; aínda escapando aos nosos obxectivos, determinados usos do galego-portugués medieval citados neste traballo apuntan nesa dirección, como os seguintes, en que transparece *de* a alternar con *a* se perspectivadas historicamente⁸⁹:

88 Xunto a outras posíbeis alternancias de preposicións, debería facerse tamén referencia ás locucións prepositivas, das cales algunhas delas tamén poden aparecer neste tipo de contextos: *Falou acerca da pesca galega*, *Falou arredor da pesca galega*, *Falou en torno á pesca galega* etc.

89 Sobre esta cuestión, Freixeiro Mato (2006, II: 642) sinala que “a preposición *a* mantería unha máis ou menos dura competencia con outras (*en*, *de*, *con*, *para*, *por*) que tamén introducían o obxecto ou

Medievo:	Época actual:
comprar <i>de</i> alguém	comprar alguém / algo (A ₂), comprar <i>a</i> alguém (A ₃)
deita-lhe <i>do</i> mel e <i>do</i> azeite	deita-lhe mel e azeite
ousar <i>de</i> + infinitivo	ousar + infinitivo
obrigar <i>a</i> / <i>de</i> + infinitivo	obrigar <i>a</i> + infinitivo
dever <i>a</i> / <i>de</i> + infinitivo	dever (<i>de</i>) + infinitivo

E en segundo lugar, no que se refire ao propio fenómeno da alternancia preposicional, o feito de que determinadas partículas poidan ser reempazadas por elementos da mesma clase gramatical parece verificar, en contraposición aos verbos en que se non produce esa situación, que o seu contido semántico non está completamente esmorecido, cousa que non se dá con outras marcas funcionais de transitividade. A termos presente o exposto no apartado anterior, podemos afirmar que se constata unha proporcionalidade inversa sobre este particular, pois a maior uso ou frecuencia dunha preposición a introducir un A₄, menor é a súa significación orixinaria, e viceversa, a menor utilización dun elemento prepositivo maior é a súa carga semántica primaria. Apropíámonos do expresado por García-Miguel (1995: 100) cando desenvolve precisamente estas cuestións:

Otras preposiciones, como *sobre* o *contra*, que también aparecen a veces en el suplemento tienen una frecuencia mucho menor y su sentido en el suplemento parece estar claramente relacionado con el que adquieren estas preposiciones en complementos marginales [= circunstantes].

No entanto, aínda asumindo ese principio de inversalidade proporcional, cómpre indicarmos que existen diversas opinións entre as persoas que investigaron estes temas. A falar da transitividade preposicional e das partículas con que se marca esa relación entre o verbo e os actantes, Cano Aguilar (1981: 361), estudando homólogas construcións ás galegas que tamén se encontran no español, mantén que non se pode defender un carácter transitivo en predicacións cal *O ministro falou acerca da*

segundo actante [...] e que probablemente fosen naquela altura tan frecuentes ou máis que *a* nese cometido". O mesmo tipo de variacionismo diacrónico no emprego das preposicións pode atestarse para outras linguas románicas, como o francés ou o español, en que a historia verifica as diferentes posibilidades que houbo canto ao uso de preposicións a indicaren transitividade (e non só). Véxase, neste sentido, Blinkenberg (1960: 45-54) para o francés, López Rivera (1993) para o castelán medieval ou o traballo de Román Fernández (1994) dedicado ao español dominicano do século XVIII.

situación económica, e si, polo contrario, noutras como *O ministro falou da situación económica*. O autor, que alude ao feito de a preposición conservar o seu sentido no primeiro caso, sostén que esta circunstancia vén ser determinante para nun exemplo rexeitar a existencia de transitividade (*acerca de*) e noutro, contrastivamente, se manifestar no sentido contrario.

2.3. Os constituíntes de A₄

Se acabamos de ver o elemento por excelencia que preludia A₄, a preposición, é agora o tempo de expormos que unidades se poden encontrar á dereita desta partícula a desempeñaren a función actancial. En xeral, é doado afirmarmos que corresponden ás mesmas que desenvolven outras responsabilidades sintácticas nucleares, como A₁ ou A₂, isto é, uns constituíntes que axan como FN. Mais, en ocasións, algúns adverbios poden encontrarse nesa posición, ben como determinadas cláusulas de relativo. En síntese, os elementos que se comportan como A₄ son os que seguen, para cuxa exposición nos baseamos en Álvarez / Xove (2002: 104)⁹⁰:

1. Preposición + FN (nome ou pronome nuclear):

80. (a) Dependerá dos teus amigos aprobaren o exame
 (b) Recorreron a eles como última esperanza
 (c) Non repares niso agora

2. Preposición + cláusula de infinitivo:

81. (a) Pensa en ir ao cinema
 (b) Dispuxo de o facer
 (c) Falaban de ficarmos

⁹⁰ Véxase tamén Vilela (1999: 344), que só inclúe catro estruturas posíbeis “que realizan os actantes”. O cadro con que esquematiza tales realizacións é o que segue:

A ₁	Predicado	A ₂	A ₄
SN		SN	Prep. + SN
Frase		Frase	Prep. + Frase
Infinitivo		Infinitivo	Prep. + Infinitivo
Inter. directa		Inter. indirecta	Prep. + Infinitivo

3. Preposición + cláusula introducida polas conxuncións *que* ou *se*:

82. (a) Dubida de se faría ben o exame
(b) O ministro persiste en que a lei vaia adiante
(c) Desconfían de que todo acabe como din

4. Preposición + cláusula de relativo con *quen*, *o que*, *cal*, *canto*:

83. (a) Cumpre con quen se portou ben contigo
(b) Para o reparto? Conta coa que tiña uns brincos dourados
(c) Pensaron como vocalista no que cantaba tan ben

5. Preposición + cláusula de relativo interrogativa con *que*, *o que*, *cal*, *canto*, *onde*, *cando*, *como*:

84. (a) Pensa en que fixeches hoxe pola mañá
(b) Repara no que queredes facer
(c) Non dubides de como imos abordar ese asunto

6. Preposición + adverbio:

85. (a) Falaron de onte todo o día
(b) Renegaron de alá e agora xa non van pola aldea
(c) Basta con mañá para concluímos o traballo

7. Preposición + cláusula de relativo con *onde*, *cando*, *como*:

86. (a) Esqueceuse de onde estaba o libro
(b) Logo de varias reunións convimos en cando saírmos de ferias
(c) Lémbrate de como estaba antes a casa

Estes sete casos de constituíntes non presentan todos os mesmos niveis de frecuencia. A este respecto, talvez os exemplos de (80-81) resulten ser os máis prototípicos, sen por iso anularen a recursividade dos restantes, que, sendo posíbeis, parece seren algo máis inusuais. Por outro lado, o potencial uso dun dos sete elementos determina

en ocasións unha diferente rexencia preposicional con alteración semántica (e mesmo sen preposición)⁹¹ para o mesmo verbo, segundo se observa nos exemplos que seguen:

87. (a) Olla a que chegaches con tanto trouleares!
 (b) Ollou para min con amabilidade
 (c) Olloume con amabilidade
88. (a) Todos cremos na amizade [crer en = acreditar en]
 (b) Todos cren que fixeron un bo exame⁹² [crer = pensar]

Repárese, en contrapartida, nos casos seguintes, en que se modifica a preposición mais non as unidades que conforman A_4 :

89. (a) *Olla para que chegaches con tanto trouleares
 (c) *Todos cren en que fixeron un bo exame [crer = pensar]

2.4. O tratamento de A_4 nas gramáticas galegas

Parécenos tamén interesante comprobarmos como foi analizado A_4 nas principais gramáticas da nosa lingua e para esta finalidade é preciso partirmos de dous puntos iniciais que condicionaron o estudo deste actante e en xeral da sintaxe do galego. En primeiro lugar, como circunstancia extrínseca ao idioma e en paralelo co desenvolvemento xeral da lingüística na Europa, non se pode obviar que a compoñente sintáctica non tivo a dedicación que se lles consagrou a outras disciplinas da descrición gramatical, até ao extremo de que non foi senón na segunda metade do século XX cando de veras se abordou o estudo das relacións e das combinacións das

91 Tamén se observa un comportamento análogo para o caso de A_2 , en que se este actante viñer expresado a través dun infinitivo é de regra a preposición: *Xa aprenderon esa partitura / Xa aprenderon a tocar* (véxase Cano Aguilar (1981: 361).

92 Véxase Vilela (1999: 77) ao falar de “verbos de crença”. No que se refire a *crer*, no entanto, García Negro (2000: 81-82) dubida da galeguidade dunha construción como *crer* + A_2 e prefere restrinxir o uso deste predicado verbal aos casos en que vai seguido de *en* e, subsecuentemente, de A_4 : “O verbo ‘crer’, no canto de ‘pensar’ ou ‘coidar’ (ou calquer outro do mesmo campo semántico) galopa a cada paso máis airoso e seguro [...]. Efectivamente, ‘eu creo’ é inicio de frase extendidísimo para expresar pensamentos, xuízos, opinións, valoracións, posicións..., mais non crenzas. ‘Pensar’, ‘coidar’, ‘entender’, ‘xulgar’, ‘enxergar’... con cadanseu diferencial semántico e contextual, son os verbos que deberíamos utilizar para este sentido”.

palabras a integraren unidades superiores. A lingüística a partir de Saussure, como sinala Brito (1999: 16), abre a “porta para a Fonología estrutural e para a Semântica estrutural, mas non permite o desenvolvemento da Sintaxe”⁹³. A lateralización do estudo sintáctico continúa hoxe en certa medida se repararmos na importancia que se concede á compoñente fonética e fonolóxica e morfolóxica do ensino da lingua nos niveis básicos de aprendizado e a pouca atención que, en xeral, se presta á descrición sintáctica.

Se esta foi a tónica canto á sintaxe nos séculos XIX e XX, non podemos deixar de comentar un outro factor, agora intrínseco á abordaxe científica da gramática do galego, como é o conxunto de circunstancias en que se desenvolveu a nosa tradición filolóxica: quitando as obras máis modernas, algunhas das características que presenta a tradición gramatical galega (escuálido rigor científico, descontextualización a respecto do que se levaba facendo noutros países etc.)⁹⁴ teñen determinado en xeral un tratamento certamente irregular dunha boa parte da fenomenoloxía lingüística, e en particular do tema que nos aquí ocupa. Con relación a A₄, desde a súa inclusión nos complementos verbais que non corresponden ao CD até á súa identificación como SUP, pasando pola súa incorporación aos CC, a súa consideración como un tipo especial de complemento poucas páxinas ten inspirado. Obviamente, isto tamén ten que ver cos poucos estudos sobre sintaxe que existiron no noso idioma, feito que harmoniza co sinalado no parágrafo anterior e que se manifesta na maior parte da nosa tradición gramatical ao esta ter priorizado a compoñente fonético-fonolóxica e morfolóxica. Imos ver a seguir como as principais obras e manuais galegos abordaron o actante que centra o noso interese, comenzado pola de Saco Arce, primeira gramática que merece realmente esta denominación; para o presbítero ourensán, todos os complementos rexidos por unha preposición, sexa cal for esta, deben ficar agrupados cos complementos de rexime indirecto. Nas súas propias palabras, o relixioso indícanos que moitos

verbos exigen despues de sí alguna palabra que complete su significación. Si esta palabra designa el objeto sobre el cual recae directamente la acción del verbo, se llama *complemento ó régimen directo*. Si expresa solo alguna modificación de la acción, ó el objeto en el cual recae esta indirectamente, se llama *complemento o régimen indirecto* (Saco Arce 1868: 184).

93 De parecida opinión é Domínguez Mujica (1998: 14), quen se expresa cos seguintes termos: “En efecto, si los años veinte fueron los años de la fonología y los años cuarenta los de la morfología, desde los años sesenta, fuertemente influidos por la obra de Noam Chomsky, los teóricos de la lingüística empiezan a entender el componente sintáctico de toda lengua como aquel destinado a procesar lingüísticamente la experiencia del hablante y, por ende, generar los mensajes que le permitan la comunicación de estas experiencias”.

94 Para as características xerais das gramáticas galegas, pode verse Sánchez Rei (2005b); para as obras dadas a lume a comezos do século pasado, consúltase Fernández Salgado (2000).

E engade, algunhas páxinas máis adiante, que os “complementos indirectos se juntan al verbo mediante alguna preposición, la cual es vária según las relaciones por aquellos expresadas y la significación del verbo” (Saco Arce 1868: 186). Algúns dos exemplos con que ilustra as súas consideracións son os seguintes (Saco Arce 1868: 187-188):

90. (a) Non te creas n-il
- (b) Mirar ô ceo
- (b') Mirar pr'o ceo
- (c) Parar c'o carro
- (d) Tirar por alguen, tirar pol-o xenio á alguen
- (d') Tirou c'o libro ô chao
- (e) Turrarlle pol-a capa

Deixando de lado outros testemuños, convén repararmos en que nestes casos, excepto en (90b), os complementos actanciais son verdadeiros A_4 en posíbel combinación exclusiva con A_2 . Por outra parte, temos de notar, en relación aos reximes directo e indirecto que sinala o eclesiástico, que desde diferentes e posteriores marcos teóricos tamén transparece esa división; deste modo, en Mateus / Brito / Duarte / Faria (1989: 204) figuran como sintagmas preposicionais as funcións de “objecto indirecto” e de “obliquo”, ao paso que en Cunha / Cintra (1992: 141-146) se diferencia o obxecto directo (= A_2) do indirecto (= A_3 e A_4)⁹⁵. Macambira (2001: 242), por súa vez, considera CI calquera “substantivo que se une ao verbo [...] mediante preposição vazia de conteúdo semântico”, expondo como casos certas construcións cal *Eu gosto do luar serrano*, *Vou pensar no futuro*, *Ele sonha com o passado*, *Não devo nada a este aventureiro* etc.

As informacións que nos proporcionan outros autores da Galiza, cal Santiago Gómez (1918: 244-255) no “Capítulo XVII”, Lugrís Freire (1931: 85-112) na sección dedicada á “Sintáxis”, Carré Alvarellos (1967: 131-184) ou Carballo Calero (1979: 269-338) na parte intitulada “Usos y construcciones” pouco interese teñen para os nosos obxectivos, a non ser que reiteremos algúns dos aspectos que xa viñeron sendo expostos nas páxinas precedentes⁹⁶. Teremos, pois, de agardar até o aparecemento

95 Eis algúns exemplos do que denominan Cunha / Cintra (1992: 144-146) “objecto indirecto” provenientes de exemplos literarios e que corresponden a A_4 : *Duvidava da riqueza da terra*; *Necessitamos de uma cabeça bem firme na terra*; *A mãe contava e recontava as duas malas tentando convencer-se de que ambas estavam no carro*; *está a precisar disto e daquilo*; etc.

96 Así, Santiago y Gómez (1918: 245) só distingue entre SUX, verbo e réxime; Carré Alvarellos (1967: 132), en definindo a “oración gramatical”, indica que é esencialmente formada por un SUX ou un predicado, describindo este último como “aquello que el verbo atribulle al sujeto o que afirma de él”.

de estudos realizados cunha metodoloxía máis acorde coas finalidades da descrición da gramática e cunha preparación por parte dos autores superior á daqueles dos nosos primeiros manuais.

Así pois, a gramática de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993: 521) é a primeira en identificar os vínculos existentes entre o CD e o SUP, isto é, entre A_2 e A_4 , matizando a presenza obrigatoria, para ser considerado SUP, dunha preposición que non sexa *a*. Afirman os tres autores, pois, que hai “casos en que o obxecto directo pode ir introducido por unha preposición distinta de *a*, e nestes casos chámasele suplemento”. A seguir, describen algúns usos desta transitividade preposicional, como, por exemplo, o uso de *en* na fala, onde “é moi frecuente”, a posibilidade de que o obxecto poida aparecer con ou sen preposición (*Agarda por Tareixa / Agárdaa*), ou tamén o feito de que moitos verbos rexen obxectos directos coas “preposicións *de*, *en*, *con*, e outras” (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1993: 521-522).

No entanto, sen negaren as semellanzas entre A_2 e A_4 , outros estudiosos prefiren consideralo como unha tipoloxía de CC, mais con valor terminativo, o que os isola dos CC tradicionais ou máis comúns. Esta visión, ao noso ver, está fundamentada nun criterio estritamente morfolóxico, como é a presenza do nexo relacional, e non na caracterización semántica do verbo e nos complementos de que precisa para poder ter significación plena. É certo que os CC costuman levar preposición, mais non é unha característica de seu, como vimos anteriormente (*Iremos no próximo verán / Iremos o próximo verán; O xoves pasan un filme moito bo / Neste xoves pasan un filme moito bo*). A inclusión de A_4 dentro dos CC con significación terminativa encóntrase en Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 278):

Nalguns casos o verbo pode exixir a función de Complemento Circunstancial con valor terminativo (semellante ao que ten o Complemento Directo e o Sujeito das pasivas) desempeñada obrigatoriamente por unha Frase Preposicional. A diferenza do Complemento Directo, a transitividade non é directa, senón através de un elemento de relación (preposición ou locución prepositiva).

O volume dedicado á morfosintaxe da gramática de Freixeiro Mato (2006, II)⁹⁷ incide de novo na denominación de suplemento. Logo de falar do CD e dos casos en que puntualmente precisa da preposición *a*, o autor afirma que un suplemento non é senón un CD con preposición:

97 Non incluímos nesta relación de títulos o traballo máis recente de Freixeiro Mato (2002) por ser unha síntese da voluminosa obra en varios tomos que este investigador deu a lume con anterioridade.

Visto que en galego por norma o CD non leva preposición, salvo *a* en moi contadas ocasións, e tendo en conta a existencia doutras construcións introducidas por distintas preposicións (*en, con, de, por, etc.*) que establecen unha relación semántica análoga á do CD, véñse falando dun CD con preposición ou suplemento en galego (Freixeiro Mato 2006, II: 639).

Algúns dos datos que sinala este autor para caracterizaren A₄ son os que seguen: (i) a posibilidade de aparecemento de A₂ e A₄ na mesma cláusula; (ii) a imposibilidade de transformación diatéctica en A₄, en contraposición ao que acontece con A₂, que tolera tal modificación; (iii) o feito de A₄ non admitir complemento predicativo, cousa que si se dá con A₂; e (iv) a característica de A₄ precisar dunha preposición.

A gramática publicada por Álvarez / Xove (2002: 102), por súa vez, prefire esquecer a nomenclatura de maior suceso entre os investigadores, SUP, a empregar unha outra, a de CPREP, de certo uso nalgúns estudos lingüísticos⁹⁸, que continúa a manter estreitas similitudes co CD ou A₂: “O *complemento preposicional* (Cprep.), coma o OD, complementa de maneira necesaria e directa o significado predicativo do verbo”. Con todo, os dous profesores da universidade compostelá tamén sinalan certas desemeallanzas entre A₂ e A₄, como as seguintes, algunhas tamén expostas en Freixeiro Mato (2006, II: 640): (i) o carácter obrigatorio dunha preposición, “que pode ser tamén *a*”; (ii) a imposibilidade de pasivización de A₄; (iii) a imposibilidade de deixes textual cun acusativo, pois sempre exige formas pronominais de persoa tónicas; (iv) a circunstancia, xa comentada máis arriba, de que a alteración da orde sintáctica máis habitual en galego (SVO > OVS, por exemplo) non condiciona as estruturas con redobro de clítico, comúns para CD:

91. (a) O Pedro comprou *os libros*
- (a') *Os libros* comprounos o Pedro
- (b) Depende *de ti* aprobares o curso
- (b') *De ti* depende aprobares o curso

O traballo de Feixó Cid (2004: 181-182) recobra a nomenclatura SUP e sinala, conforme obras anteriores, o feito de ir “introducido sempre pola preposición

98 Véxase, por exemplo, Hernanz / Brucart (1987: 262-266) ou Vilela (1999: 336), quen, a facer unha equiparación entre os diferentes actantes coas nomenclaturas máis tradicionais (SUX, CD, CI etc.), denomina A₄ como “complemento preposicional”.

esixida polo verbo, por iso tamén se chama complemento de réxime (verbal)”, ao paso que tamén pondera a vinculación existente entre o CD e este complemento: “poderíase dicir que é un CD introducido por preposición”. Entre as probas para recoñermos cando nos achamos diante deste actante, sorprendentemente, sinala que é “incompatible co CD”, pois, ao seu ver, “non poden aparecer os dous a un tempo”, co que se encontrarían problemas para explicarmos certas actancias de determinados verbos, algúns xa expostos con anterioridade:

- 92. (a) Axudouna a facer o traballo de literatura
- (b) O xogador informou os amigos dos acontecementos novos
- (c) Os cidadáns defenderon a terra das especulacións do alcalde

Por seu turno, a gramática de Hermida (2004), no capítulo dedicado á preposición e á locución preposicional, identifica A_4 como “complemento preposicional”, ao paso que tamén destaca que as “principais funcións primarias desenvolvidas pola frase preposicional dentro da oración son as de complemento circunstancial (*vino no río, fareino pola mañá*) e complemento preposicional (*esquecerse da carteira, conta cos cartos, apañar con todo, beber polo vaso*)”.

Finalmente, a obra de López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado (2010: 424) acode novamente á outra posibilidade terminolóxica, suplemento, e pondera del que torna “completo o significado do PREDICADO” e que desenvolve “unha función semellante á do CD, mais sempre vai introducido por unha preposición”. Tamén se sinala que o termo desta FPrep pode corresponder a unha frase substantiva, unha frase nominal ou unha unidade de rango superior (clausal).

* * *

Á vista, por tanto, destas abordaxes e definicións do que é A_4 por parte da nosa tradición gramatical, xorden, após un confronto entre as distintas perspectivas, algunhas conclusións a que gostaríamos de nos referir. Como primeiro dato, enlazando co sinalado anteriormente, evidénciase unha desigual consideración desa tipoloxía de complemento, pois en canto hai autores que non fan referencia ningunha á súa existencia, cal Santiago Gómez ou Carré Alvarellos, outros contéplano dun modo diverxente: para Saco Arce, que só identifica A_2 , sería un argumento pertencente aos de réxime indirecto, ao paso que para Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira se trataría dunha tipoloxía moito concreta dentro do amplo abano de CC; a este respecto, o sentir maioritario, nomeadamente nos últimos tempos, é a súa definición como SUP ou como CPREP, sempre se indicando a proximidade que presenta en relación a A_2 . O punto de vista dos autores da *Nova Gramática*

parece singularmente próximo dos principios da chamada gramática relacional, que marca tres conxuntos de relacións gramaticais (1, SUX; 2, CD; e 3, CI) a que chama termos, en oposición aos non-terms, que serían os oblicuos⁹⁹.

Como segundo punto a termos en conta, referíndonos á súa nomenclatura, a denominación CPREP presupón, de entrada, que se trata dun complemento coa singularidade de que ten de levar necesariamente un nexo prepositivo. Nótese que, aínda dentro dos parámetros da gramática funcional-estruturalista, existen outros complementos que levan obrigatoriamente un nexo deste tipo (o clásico CI, por exemplo). Aínda que como solución para diferenciar A_4 de A_2 tal nome resulta, pois, acaído, é tamén certo que a dita nomenclatura, sendo inequívoca por non permitir a confusión con outros complementos, prioriza unha compoñente formal face á semántico-sintáctica doutros elementos argumentais (CD e CI).

En síntese, dúas foron as tendencias para identificaren A_4 a respecto doutros complementos: a primeira incide no seu carácter de obrigatoriedade na transitividade verbal e estreitamente ligado ao CD, aínda que se non debe confundir con este a teor das diferenzas manifestas que presentan ambos os actantes; a segunda pondera como característica fundamental, que o singulariza en relación ao CD, a necesaria presenza dunha partícula prepositiva.

99 Véxase García-Miguel (1995: 29-31), quen expón os principios deste modelo teórico a comentar os traballos de Keenan / Comrie, Blake, Van Valin, Li ou Andrews.

3. O verbo e A_4

Unha vez vistos os trazos que permiten caracterizarmos A_4 con relación a outros complementos exixidos polo predicado verbal, e visto tamén como o seu tratamento ten sido irregular por parte da nosa tradición gramatical, imos analizar a seguir os comportamentos que o dito elemento actancial presenta a respecto do verbo. Para este obxectivo, parece conveniente partirmos das posibilidades de construción con A_4 no que se refire ao núcleo verbal, que distinguen, como divisións elementares, a das predicacións con verbos que existen dous actantes e a daquelas en que se encontran tres compoñentes actanciais.

3.1. Verbos bivalentes

3.1.1. Verbos cunha única posibilidade de construción (A_4)

O primeiro dos tipos que imos abordar é o formado por verbos que existen A_1 e A_4 como única construción posíbel, a cal ten sido indentificada cos casos de verbos preposicionais. Con efecto, o feito de A_4 aparecer

guarda una estrecha relación con una clase de verbos que denominamos ‘preposicionales’ o ‘prepositivos’, hasta el punto de ser una función exclusiva de tales verbos; lo que no quiere decir que verbos no prepositivos no puedan llegar a serlo, sincrónicamente incluso, bajo determinadas condiciones (Martínez García 1986: 60).

En xeral, o vínculo entre os actantes e o verbo determina, de acordo con Vilela, unha transitividade fraca (véxase 1.2) a repararmos en que unicamente se precisa dun elemento argumental. Ora, aínda se non podendo negar o seu carácter de verbos bivalenciais, o certo é que ese trazo canto á rexencia transitiva non parece operar do mesmo xeito en todos os casos, xa que, de acordo con Martínez García (1986: 61), o grao de rección varía duns predicados a outros. Así, por un lado, existen verbos biactanciais cos dous actantes presumibelmente obrigatorios, en que a supresión de A_4 tornaría agramatical nuns casos e certamente inusuais noutros as construcións predicativas que de aquí resultasen; pertencen a este grupo, poñamos por caso, os verbos, *versar (sobre)*, *constar (de)*, *redundar (en)* ou *consistir (en)*:

93. (a) O seu novo libro versa sobre o substantivo
- (b) A túa proposta consta de puntos moito interesantes
- (c) Esa lei redundará na falta de liberdades
- (d) O concerto consistiu nunha selección dos mellores temas

Contrastivamente, úsanse outros predicados verbais, igualmente bivalentes, en que o elemento argumental A_4 pode ser eliminado, pois a súa recuperación é factíbel grazas en moitos casos ao contexto. En tales circunstancias, achámonos diante dun actante facultativo, cuxo aparecemento na predicación vén determinado polo utente e non pola rección do verbo. Isto vai ter as súas consecuencias na transitividade verbal, que, sendo xa frouxa nos casos anteriores por unicamente aparecer un complemento, ve minguido o seu potencial canto á rección por xustamente un dos actantes poder ser suprimido; nos exemplos a seguir tal apréciase a sobredita facultade:

94. (a) Discrepan da nova planificación
- (a') Non querían discrepar da nova planificación, mais na realidade discrepan
- (b) Todo iso inflúe nos nosos pensamentos
- (b') Ao primeiro non influía neles, mais acabou por influír contra o seu desexo
- (c) Non prescindas dos seus servizos
- (c') Se tes de prescindir del, prescinde sen remorsos
- (d) Concordan coa nosa opinión
- (d') Élles mellor concordaren, pois así todo iría por consenso
- (e) Elas desconfiaban das súas palabras
- (e') Loxicamente, estás no teu dereito de desconfiar

Aínda así, a distinción entre os primeiros e os segundos non se torna fácil de levar a cabo en ocasións e, en canto hai predicados que claramente non toleran a supresión de A_4 , como *consistir* ou *redundar*, outros, pertencentes ao mesmo grupo, cal *constar*, parecen lexitimar, restrinxidamente, a súa eliminación, aínda se convertendo en predicacións lingüísticas de certo pouco usuais.

3.1.2. Verbos con dupla posibilidade de construción (A_2 / A_4 e A_3 / A_4)

Tendo a totalidade do presente traballo como marco de referencia a análise valencial, gostaríamos de principiar esta sección, porén, a facer unha breve referencia á gramática de casos de Fillmore (1968, 1971) a respecto dos verbos que toleran un máximo de dous actantes, dos cales no segundo poden alternar tres elementos valenciais. O autor presenta un sistema universal, apto para todas as gramáticas das linguas, en que o que prima son as funcións semánticas, motivo de confusión permanente coas funcións sintácticas. A noción de caso, para Fillmore, non ten que ver con conceptos morfolóxicos e sintácticos, mais con conceptos semánticos;

a forma en que se manifestaren aqueles corresponderá antes á estrutura superficial do que a universais lingüísticos, e é aquí onde ten o seu interese para a nosa exposición: se se concordan con este postulado, a situación dos verbos bivalentes con dupla posibilidade de construción non serían senón dúas manifestacións no ámbito da superficialidade sintáctica dunha outra estrutura, a profunda, en que A₂ e A₄ ou A₃ e A₄ ilustrarían o mesmo tipo de caso¹⁰⁰.

Subscribase ou non este punto de partida, o certo é que se non pode negar, nalgúns casos, a estreita vinculación, mesmo na estrutura superficial, entre diferentes actantes (*Segou a herba* / *Segou na herba*; *Axudouno* / *Axudoulle*). En xeral, os postulados de Fillmore teñen sido adoptados pola gramática dependencial nomeadamente desde o marco da valencia semántica, deixando as tipoloxías de actantes en sentido estrito para o ámbito da valencia sintáctico-semántica¹⁰¹. Dado que estas páxinas están centradas nesta última, non imos aprofundar máis na conveniencia dos casos de Fillmore para unha análise aplicada ao galego, mais non quixeríamos findar esta breve nota sen incidirmos no acerto que supón identificarmos os verbos bivalentes con escolla de actante para o segundo lugar como manifestacións dun mesmo caso, en especial se se der a circunstancia de a escolla entre A₂ e A₄ non supor unha mudanza considerábel no plano do significado.

Imos, pois, ocuparnos deseguida dos verbos que presentan as dúas posibilidades de construción e para isto faremos tres apartados.

3.1.2.1. V + A₁ + A₂ / A₄ sen mudanza de significado

Así as cousas, dentro dos predicados bivalentes, existe unha serie de verbos que permite unha construción tanto con A₂ como con A₄, mais é igualmente certo que nalgúns casos a mudanza de A₂ por A₄ pode implicar, e de feito así se verificará no seu lugar, determinadas modificacións no significado, ao paso que noutros, no caso de nos decantarmos por A₂ ou A₄, implica algunha sorte de matices semánticos.

100 Inclusive nos casos de verbos con conflito entre dativo e acusativo (A₂ e A₃), a que xa fixemos algunhas referencias nas páxinas precedentes, e mesmo en máis compoñentes da descrición sintáctica, como a diátese ou outras relacións de dependencia: *O Pedro insultou o profesor* / *O profesor foi insultado por Pedro* / *O profesor, insultado por Pedro* / *O profesor, o insultado por Pedro* / *O insulto de Pedro ao profesor* etc.; *O Xoán narrou os acontecementos* / *A narración de Xoán dos acontecementos* etc. (véxase, sobre este tipo de exemplos, Busse / Vilela 1986: 95).

101 Para a influencia de Fillmore na gramática dependencial, principalmente nas universidades alemás, véxase Báez San José (1988: 109-119), quen salienta, como xa fixeran Busse / Vilela (1986: 97), a figura de Helbig, pois “se plantea el problema de la integración de la teoría casual de Ch. J. Fillmore y sus propios trabajos sobre la valencia sintáctica”. Indica tamén o autor español que Helbig “parte de la base de que es necesario integrar en una combinación el análisis valencial sintáctico y el análisis del significado [...] y, al mismo tiempo, indagar las relaciones existentes entre valencia sintáctica, valencia lógico-semántica y análisis semántico en rasgos de las unidades lingüísticas” (Báez San José 1988: 109).

Destes dous casos é que nos imos encarregar a seguir. Como primeiro tipo, temos de nos referir a determinadas construcións en que a posibilidade de A_2 ou A_4 non implica mudanza semántica, isto é, a utilización de un destes dous elementos actanciais non significa unha modificación na significación do verbo, acaso unha variación de certos matices¹⁰², tal e como se aprecia nos casos seguintes:

95. (a) Meditaron as palabras dos avós
- (a') Meditaron nas palabras dos avós
- (b) Fitoume con cara de poucos amigos
- (b') Fitou para min con cara de poucos amigos
- (c) Falaron todas as cousas e chegaron a un acordo
- (c') Falaron de todas as cousas e chegaron a un acordo
- (d) Desfrutou a vida en canto puido
- (d') Desfrutou da vida en canto puido
- (e) Sospeita que fostes vós
- (e') Sospeita de vós
- (f) Décimo Xunio Bruto combateu os galaicos
- (f') Décimo Xunio Bruto combateu contra os galaicos

Ás veces, a escolla entre A_2 e A_4 semella vir condicionada polo rexistro lingüístico que se usar, do tipo *vestir* (*Viste sempre traxe gris* / *Viste sempre de traxe gris*) ou *usar* (*Usou a túa casaca* / *Usaron das piores caviladuras para os convenceren*); os verbos *precisar* e *necesitar*, por exemplo, son máis doadamente adscribíbeis aos niveis formalmente marcados se construídos con A_4 ¹⁰³, ao paso que o uso maioritario, fóra deses niveis, parece tender á construción con A_2 :

102 Véxase tamén Blinkenberg (1960: 47-48), quen sostén que algúns pares deste tipo tamén presentes no francés, como *pensar algo* / *pensar en algo* ou até *crer algo* / *crer en algo*, non presentan nin mesmo subtilezas diferenciacións de matices. Por súa vez, Bechara (2002: 419) subliña que moitas “vezes aparece despois de certos verbos unha preposición que máis serve para lles acrescentar un novo matiz de sentido do que reger o complemento deses mesmos verbos”. Os exemplos que expón son *Arrancar a espada* / *Arrancar da espada*, *Cumprir o deber* / *Cumprir com o deber* e *Fiz que ele visse* / *Fiz com que ele visse*. O filólogo brasileiro, a se basear en Antenor Nascentes, indica que en tales casos a preposición é denominada “posvérbio”.

103 O portugués popular tamén coñece estruturacións de *necesitar* e *precisar* con A_2 e A_4 , mais as construcións canónicas do estándar lusitano responden aos empregos preposicionais. No galego, por súa vez, coñécense construcións con *gostar* do tipo *Gosto do traxe* / *Góstame o traxe*, a primeira máis formal e literaria e a segunda, sospeitosamente coincidente co español, máis popular entre a galegofonía.

96. (a) Necesita dos teus coidados
 (a') Necesita os teus coidados
 (b) Precisas de axuda ou non?
 (b') Precisas axuda ou non?

Mención á parte neste subgrupo¹⁰⁴ de verbos que non alteran no esencial o seu significado piden aqueles que se constrúen ora con A₂, ora con A₄, do tipo *apañar*, *bater*, *beber*, *comer*, *mallar*, *roer*, *segar*, *sachar*, *tirar* etc.¹⁰⁵, por, en primeiro lugar, constituíren magníficos expoñentes desta dupla posibilidade de transitividade, e, por outro, seren hodiernamente característicos da nosa lingua, en que, de acordo con Rodríguez Guerra (1997: 347), comezan a ser habituais xa no século XIX, como ben o demostra o comentario que lles dedica Saco Arce (1868: 203); o presbítero, a falar dos usos das preposicións, refírese a *en* cos seguintes termos:

Suelen construírse con esta preposición los verbos que designan la acción de comer ó beber, formando un idiotismo que expresa muy bien el afán dedicado á tal operación, por ejemplo: *Cumia n-o queixo como si fora pan [...]*; *Ti bebes n-o augardente hastra non poder mais [...]*; *Mira como roi n-o grau [...]*. Para denotar igualmente mayor intensidad de acción, se pospone á muchos verbos que en castellano piden acusativo ó dativo, como: *Apura n-iles [...]*; *Ben estivo perdicando n-elas [...]*; *Non fai mais que encirrar n-iles [...]*.

104 Parécenos discutíbel o apuntado en Álvarez / Xove (2002: 98-100) para as preposicións que introducen o CD, do tipo *tirar cos libros*, *sacar de navalla* etc., porque, en primeiro lugar, o CD non leva en galego preposición como regra e, cando a levar, obedece a usos e contextos moito marcados; por tanto, a lexitimación doutras partículas prepositivas en tales casos non nos parece aconsellábel a repararmos na xa esporadicidade de *a* como introdutora desa función sintáctica. En segundo lugar, se de duplas posibilidades de estruturación como as expostas se puidese argumentar que se trata de CCDD, tamén se tería de facer o mesmo noutros casos en que se observa a mesma particularidade, cal *precisar de cartos* / *precisar cartos*, *agardar polos amigos* / *agardar os amigos*. En terceiro lugar, o feito de seren alternativas tales construcións non desalicerza os principais argumentos para unha delas, a que leva preposición, ser considerada A₄, pois deictízase cun pronome tónico (*tira con iso*) e non admite, como regra, a transformación diatéctica en pasiva, cousa que si se dá cunha boa parte dos CCDD. E por último, se en toda a lingua unicamente se viabiliza unha preposición como marcadora de obxecto, ficando as demais na lateralidade canto ao carácter transitivo do verbo, non nos parece adecuado ampliarmos esa tan reducida nómima con outros elementos preposicionais que non fan cousa que non sexa indicaren, loxicamente, transitividade, mais a respecto do verbo e A₄ e non en relación ao predicado verbal e A₂.

105 Véxase Rodríguez Guerra (1997: 348), quen salienta, a respecto da preposición *en*, o feito de se documentaren no *corpus* con que traballou “máis de 190 verbos diferentes”, embora con distinta recorrencia: “Só uns poucos presentan dez ou máis aparicións: *comer* (40); *mallar* (39); *roer* (23); *buscar* (19); *facer* (14); *segar* (13); *apañar* (12) e *cortar* (10); outros trinta e un están entre nove e tres aparicións; trinta e cinco contan con dous exemplos e do resto, a maioría, só temos un único representante”.

Os exemplos de (98) demostran a compatibilidade de construción con A_2 , sempre sen preposición, e A_4 , preludiado pola recorrente *en*, que deixa entrever matices durativos no desenvolvemento da acción:

98. (a) Eles (A_1) estaban a apañar as leitugas (A_2) cando comezou a cho-ver
 (a') Eles (A_1) estaban a apañar nas leitugas (A_4) cando comezou a chover
 (b) O Xoán (A_1) batía os ovos (A_2) para a torta
 (b') O Xoán (A_1) batía no neno (A_4) cunha certa frecuencia
 (c) Os nosos pais (A_1) mallaban a herba (A_2)
 (c') Os nosos pais (A_1) mallaban na herba (A_4)
 (c'') Os nosos pais (A_1) mallaban en nós (A_4)
 (d) Os Pereiro (A_1) segaron a herba (A_2) durante todo o día
 (d') Os Pereiro (A_1) segaron na herba (A_4) durante todo o día
 (e) Hoxe (*ela* A_1) andou a sachar as patacas (A_2) e aínda non terminou
 (e') Hoxe (*ela* A_1) andou a sachar nas patacas (A_4) e aínda non terminou
 (f) Ti (A_1) tira iso (A_2) ao chan!
 (f') Ti (A_1) tira con iso (A_4) ao chan!
 (f'') Para movermos a pedra ataremos o guindastre e ti (A_1) tirarás da corda (A_4)

Estas construcións mérecenlle a Rodríguez Guerra algunhas consideracións, como, por exemplo, centrándose na preposición *en* en tales linearidades, a circunstancia de se rexistraren ao longo e largo de todo o dominio lingüístico galego, polo que non corresponden a variacionismos de tipo diastrático nin dialectal¹⁰⁶; aliás, existe unha relación entre o emprego destas predicacións e o nivel de lingua que se utilizar, pois “hai que facer nota-la relación inversamente proporcional entre grao de formalismo do contexto comunicativo e cantidade de exemplos atopados” (Rodríguez Guerra 1997: 347). Para Freixeiro Mato (2000: 389), a súa xénese debe ser entendida “por o galego se manter durante os últimos séculos no ámbito

106 Obviamente, nos territorios españois galegófonos tamén se detecta este fenómeno, tal como se observa nas terras asturianas da Veiga. Nesas rexións o fenómeno é principalmente atestado coa preposición *en*, que se emprega “co complemento directo: *Bate nesa madeira, Come nese pan, Bebín nel auga limpa*” (Frias Conde 1998: 90).

restrito da oralidade e da coloquialidade, lonxe dos usos formalizados”, o que sen dúbida favoreceu o triunfo no dominio da expresividade de tales posibilidades de construción.

No referente a en que época se poden xa localizar nos textos, temos de nos retrotraer até á Idade Media. Mais a situación da lingua medieval a respecto destas posibilidades de proxección argumental é diferente se comparada coa época contemporánea, en que, de acordo co sinalado, son máis doadamente rexistrábeis canto máis popular ou coloquial for o rexistro. Contamos con algún exemplo esporádico de como tales secuencias xa están presentes no galego da altura, aínda que cunha frecuencia de atestamento certamente residual; tal é o que acontece co verbo *ler* no seguinte caso: *Seendo cabo do bordo leendo en hũu liuro, vẽo hũa moy grãde onda* (MS 186). Os poucos testemuños que se desta rexencia se ten na Idade Media explícanse¹⁰⁷, ao noso ver, por dúas causas fundamentais: primeiramente, convén termos presente que se o fenómeno estaba a emerxer nesta época as súas documentacións, por lóxica, non poden ser tan numerosas como cando está xa consolidado¹⁰⁸; e en segundo lugar, non debemos perder de vista que se trata dun fenómeno adscribíbel ás variedades da linguaxe popular e que neste sentido a literatura galega medieval conservada non se caracteriza precisamente por presentar unha estética popularizante.

Tendo o fenómeno, pois, unha orixe popular e estando a lingua durante séculos á marxe dos usos elevados, non é de estrañar que se poida documentar tamén na outra beira miñota, aínda que moito probabelmente o recurso non coñeza unha produtividade tan alta como acontece na Galiza¹⁰⁹; deste modo, a comentar os principais usos das preposicións no portugués contemporáneo, Lapa (1984: 269) sinala como “conhecido da linguagem popular” un caso cal “Comia no presunto como um danado”, a que engade: “A preposição *em* exprime também aqui o alvoroço, o pressuroso interesse dedicado ao acto. Onde é lícito concluir que

107 A este respecto, pode existir a dúbida se na realidade se dá unha equivalencia no marco predicativo do verbo *poboar*, que rexe na actualidade habitualmente cando menos un A₁ e un A₂ (*Poboar unha terra*) e tamén na época medieval (*et por amor de poblou aly Caym hũa çidade*, GE 13; outras *géerações ouverom Caym et Calmana c que poblarom aquela terra*, GE 14; etc.), a teor do seguinte caso: *et os franceses nõ quiserõ pobrar en Galiza porque lles pareceu terra montanosa et braua* (MS 128). Porén, resulta factíbel pensarmos que esta mostra responde mellor ao modelo V + A₁ + A₂, dados os evidentes matices locativos de *poboar*.

108 Por súa vez, como máis un dato da súa baixa documentatción contamos co traballo de Silva (1989: 608), en que se non recolle a estrutura *ler en*, mais unicamente *ler* + CD.

109 E, polo menos en aparencia, mesmo noutras beiras atlánticas de expresión portuguesa. Neste sentido, a profesora Vázquez Cuesta (1994: 641), a quen xa fixemos referencia nas páxinas precedentes, salienta no escritor Mia Couto unha construción paralela ás que se dan na Galiza, como é a que segue: “uma mãozinha gorda lhe agarrou na gravata” [en itálica no orixinal].

muitas das innovacións apontadas por nós como sendo obra de literatos têm raíces profundas na linguagem do povo”. E tamén Buescu (1984: 116) rexistra o fenómeno nalgúñas falas da Beira, concretamente en Monsanto, onde, deixando de lado outras preposicións tamén detectábeis, volta a aparecer *em*: “Manifesta-se, no emprego das preposições, no falar de Monsanto, uma tendência analítica muito marcada, usando-as quando a linguagem normal as distingue, regendo mesmo o complemento de certos verbos transitivos: ‘Agarrou no pão’”.

É digno de nota, igualmente, o parecer de Cidrás Escáneo, quen prefire ver nestes usos vestixios da necesidade de marcaxe do obxecto, proceso de que saíu vitoriosa *a*¹¹⁰. O que explica que non acontecese o mesmo con *de*, *en* ou *con* débese, en primeiro lugar, ao feito de seren “moi pouco restrictivas na selección semántica dos seus termos”; e, en segundo lugar, explícase tamén pola circunstancia de estaren “moi constrinxidas, en canto ás súas condicións de aparición, polo núcleo predicativo de que dependen (ou por outros factores contextuais afíns, no seo da unidade superior na que se integran, proxección máxima dese núcleo)” (Cidrás Escáneo 1998: 575-576). Con efecto, o carácter de restrición a que alude este autor é o que permite entendermos que os seguintes exemplos sexan imposíbeis na lingua a interpretármolos como predicacións con verbos bivalentes en que figura un A_4 :

99. (a) *Elas teñen nas mazás
- (b) *Colleu no manuscrito e queimou nel
- (c) *Proferiu nunha conferencia interesante
- (d) *O xuíz ditou nunhas sentenzas estrañas
- (e) *Mercou no computador onte á tarde

Outrosí, existen verbos que toleran a dupla argumentación tanto con A_2 canto con A_4 , mais o que resulta singular, por un lado, é que, cando se emprega A_4 , se dá a tendencia á eliminación do pronome identificador *o*, *a*, *os*, *as*, tamén denominado artigo; e por outro lado, é notábel a rendibilidade da partícula relacional *de* neste tipo de predicacións. Desde a nosa óptica, coidamos que tales posibilidades de construción parecen ben máis propias de rexistros coloquiais do que aqueles formalmente máis coidados, e nomeadamente das xirias xuvenís, en que parece

110 Para a situación doutras linguas e variedades románicas canto á marcaxe preposicional de obxecto, como o gascón, romeno, occitano, franco-provenzal, picardo etc., véxase Pensado (1995b: 216-224), quen centra a súa atención no pronome persoal. Son tamén de utilidade Rohlfs (1971) ou Zamboni (1993: 803-804, nota 6).

presentaren unha relativa rendibilidade. Conforme Freixeiro Mato (2006, II: 644), a produtividade destas construcións puido ter a súa xénese en frases con valor partitivo (*Saber de política, Dar de berros* etc.), valor que o uso lingüístico se encargou de facer murchar. É notorio que os nomes que integran esas FFNN costumen ser ‘concretos’, en contraposición a outros substantivos de significación máis abstracta, cal *política, historia* etc., e é tamén notábel o sentido de ‘acción repentina’ ou ‘brusca’:

100. (a) Agarrou a porta e saíu
 (a’) Agarrou de porta e saíu
 (a’’) ?Agarrou da porta e saíu
 (b) Sacou a navalla e ameazounos
 (b’) Sacou de navalla e ameazounos
 (b’’) ?Sacou da navalla e ameazounos

Aliás, hai algún exemplo en que a escolla entre unha preposición ou outra selecciona tamén o tipo de A₄ a que se fixer referencia. É o que acontece co predicado *bater*, que tolera ser construído con A₂ e con A₄ mais con profundas modificacións semánticas a dependeren dos nexos prepositivos *en / con*:

101. (a) Bateu os ovos [A₂, -animado]
 (b) Bateu nos ovos [A₄, -animado]
 (c) Bateu no rapaz [A₄, +humano] ‘bourar’
 (d) Bateu co lobo na aldea [A₄, +animado] ‘encontrar’
 (e) Bateu co rapaz na aldea [A₄, +humano] ‘encontrar’

Anteriormente, referiuse aquí o punto de vista tan recorrente de considerar os A₄ como un A₂ preludiado por unha preposición. Todos os casos que expuxemos de verbos que toleran tanto A₂ canto A₄, especialmente os tan rendíbeis na lingua poular, tipo *tirar (con)*, *sachar (en)*, *segar (en)* etc., coñecen, dentro desta equivalencia entre A₄ e A₂, unha nova perspectiva na proposta de Rivas (2002). Para este autor, que se basea na análise de Moure (1995), existe un prototipo de CD (A₂) condicionado por unhas determinadas características (afectación, inanimación e individualización do CD); cando algún destes trazos se non cumprir, “as linguas poderán dar conta disto a través dun cambio na codificación desta función sintáctica ou incluso a través dunha construción diferente”. E acrecenta que nese momento “xorden así as estruturas

preposicionais que son en realidade CDIRs pouco prototípicos ou periféricos” porque non presentan a totalidade dos atributos que caracterizan o exemplar ideal desa categoría.

3.1.2.2. $V + A_1 + A_2 / A_4$ con mudanza de significado

Para alén de *bater*, a outra grande modalidade de verbos con A_2 e con A_4 é aquela en que se produce mudanza semántica, derivada do emprego dun deses dous actantes. Se os casos anteriores redundaban nas semellanzas sintáctico-semánticas entre ambos, agora os predicados verbais inciden na distinción entre A_2 e A_4 . Existindo para un mesmo verbo a dupla posibilidade de construción transitiva con A_2 e A_4 , a diferenciación no significado, se a houber, non parece provocada pola partícula preposicional, mais pola acepción específica do verbo, segundo Cano Aguilar (1981: 362)¹¹¹.

Eis algúns exemplos:

- | | |
|--|----------------------------|
| 102. (a) A rapariga (A_1) conta as moedas (A_2) | [contar = enumerar] |
| (b) A rapariga (A_1) conta cun notábel (A_4) | [contar con = aspirar a] |
| (a) A Ana (A_1) aspirou esa fragancia (A_2) | [aspirar = cheirar] |
| (b) A Ana aspira (A_1) á presidencia do país (A_4) | [aspirar a = desexar] |
| (a) Elas (A_1) recorreron a sentenza (A_2) | [recorrer = apelar] |
| (b) Elas (A_1) recorreron aos amigos (A_4) | [recorrer a = pedir axuda] |

Por outro lado, non faltan mostras de predicados bivalentes que admiten até tres posíbeis construcións, isto é, A_1 e A_2 , A_1 e A_4 e A_1 e A_3 , aínda que non se documenten nun número abondoso¹¹². Tal é o que acontece, con substanciosas modificacións semánticas, co verbo *saber*, en que a terceira posibilidade corresponde ben máis a rexistros coloquiais e populares, ou mesmo con *corresponder*:

111 Acrecenta o autor que a “diferencia de sentido entre *pensar algo* y *pensar en algo* no se debería a la preposición *en*, lo cual impondría un distinto tipo de relación sintáctica, sino que una acepción de *pensar* determina la elección de la preposición que introduce al complemento de objeto. En el primer caso, *pensar* es un verbo de acción ‘resultativa’, de ‘objeto efectuado’; en el segundo indica un proceso que se realiza a propósito de algo: ‘objeto afectado’” (Cano Aguilar 1981: 362).

112 O máis habitual, conforme se indicou anteriormente, é que se restrinxan estas construcións a dativo e acusativo, como nos casos de *chamar*, *imitar*, *querer* etc.

- | | |
|--|--------------------|
| 103. (a) Ela sabe os problemas que tiveron | ‘é consciente’ |
| (a’) Ela sabe dos problemas que tiveron | ‘coñece’ |
| (a’’) A ela sabíalle o leite | ‘gostaba do leite’ |
| (b) Sabe como corresponder os seus convidados | ‘tratar’ |
| (b’) Esa melodía corresponde a protótipos arcaicos | ‘equivale’ |
| (b’’) Agora correspóndechе fалares | ‘é a túa vez’ |

3.1.2.3. V + A₁ + A₃ / A₄

Até ao de agora viñemos falando nesta sección de verbos bivalentes con posibilidade de construción con A₂ ou con A₄, con independencia de se hai mudanza semántica ou non. Mais dentro dos predicados biactanciais temos de facer igualmente referencia a aqueles en que se dá esa mesma duplicidade sintáctico-semántica canto á construción con A₄ e A₃. Non constitúen eses verbos un número considerábel dentro dos romances ibéricos, como ten indicado Martínez García (1986: 86), mais non por iso se deben obviar nunha exposición como esta.

Á parte de enformaren un conxunto pouco relevante en galego, presentan eses predicados verbais unha característica salientábel, cal é o feito de a preposición que introduce ese A₄ ser, como acontece con A₃, outra vez *a*. Esta circunstancia pode tornar dificultoso, ás veces, discernirmos entre ambos os actantes en tales verbos¹¹³ e, en semellantes circunstancias, a proba da anaforización por un pronome clítico de dativo clarifica perante cal tipo de actante nos achamos; a dita anaforización pode implicar o aparecemento de estruturas con redobro de clítico (*A casa perténcelles a eles*), totalmente imposíbeis no caso de *a* + A₄. Do mesmo xeito, tamén ten certa importancia acudirnos á caracterización semántica dese actante, xa que con A₃ o trazo costuma ser [+animado], en canto con A₄ é habitual que corresponda a [-animado]:

104. (a) A casa pertencía á madriña
 (a’) A casa pertencía á freguesía de Pousada
 (a’’) ?A casa pertencíalle
 (b) Fáltalle un dedo e non pode tocar ben
 (b’) Faltou aos principios da comunidade
 (b’’) *Faltoulles

113 Véxase tamén García-Miguel (1993: 173) cando se refire á dificultade de caracterizar *a*, sostendo que se “existe la posibilidad de atribuir un significado único a la preposición *a* [con A₃, A₄ e ocasionalmente A₂], el problema que se plantea inmediatamente es el de determinar qué criterios nos permiten reconocer distintas estructuras para la construcción V + *a* + FN”.

Nótese que estes verbos non se deben confundir con algúns dos que se foron indicando máis arriba, tipo *recorrer* + A_2 / *recorrer a* + A_4 etc., en que a única posibilidade de utilización da partícula preposicional marca precisamente A_4 e a súa omisión indica ás claras un A_2 .

3.2. Verbos trivalentes construídos con A_2 e A_4

Dentro dos cadros actanciais trivalentes, é necesario salientarmos o esquema predicativo $V + A_1 + A_2 + A_4$. Este, que exemplifica o comportamento dos verbos transitivos dúplos, aqueles de ‘transitividade forte’, “abrange um grande número de verbos e conta com vários modelos semanto-sintáticos” (Vilela 1992: 89). Como xa ficou dito anteriormente, desde o marco teórico funcionalista español estruturadas sintácticas en que coubese a posibilidade de figuraren simultaneamente un A_1 , un A_2 e un A_4 non foron contempladas como admisíbeis, afirmándose, en especial por parte de Alarcos, que o SUP non pode ocorrer co CD; mais tamén vimos que o propio Alarcos modificou os seus postulados iniciais e, nos seus últimos traballos sobre A_4 , xa se consideraba a posibilidade de predicacións lingüísticas desta índole¹¹⁴. Con efecto, existen algúns verbos en que a presenza de A_2 e A_4 verifica a existencia de tales linearidades sintácticas, do tipo *defender alguén* / *algo de algo* / *de alguén* ou *libertar algo* / *alguén de algo* / *alguén* etc. Nestes casos, as preposicións preferidas para preludiaren A_4 son nomeadamente *de*, *en* e *a*, ou sexa, algunhas das que anteriormente identificabamos como aquelas de utilización relativamente frecuente a introduciren ese actante:

105. (a) As medidas empurrárono (A_2) a decisións moito serias (A_4)
- (b) Defendéron as súas terras (A_2) desa construtora (A_4)
- (c) Libertou o pobo (A_2) dos seus temores ancestrais (A_4)
- (d) Ese político privounos (A_2) dos dereitos fundamentais (A_4)
- (f) El baseou a súa tese (A_4) na consulta das fontes medievais (A_4)

A mesma tipoloxía de predicación lingüística con A_2 e A_4 é a que se encontra en verbos como *advertir*, *informar*, *avisar* ou mesmo *axudar*:

106. (a) Advertín os teus amigos (A_2) de que xa era tarde (A_4)
- (b) Informou os traballadores (A_2) dos novos acontecementos (A_4)

114 Véxase nomeadamente Martínez García (1986: 90) e Porto Dapena (1997: 39-42).

(c) Avisaches os rapaces (A₂) de que iamos chegar tarde? (A₄)

(d) Axudou os colegas (A₂) a faceren os exercicios (A₄)

O máis habitual en todo este tipo de construcións é que o comportamento de A₄ varíe canto á súa obrigatoriedade ou á súa eventual eliminación. Así as cousas, nalgúns casos pode crear problemas de agramaticalidade ou incorrección, ao paso que noutros a súa omisión non provoca estas eivas; polo contrario, A₂ presenta unha forte tendencia para a súa explicitación, non se podendo eliminar da predicación lingüística na maior parte dos verbos¹¹⁵:

107. (a) Defenderon as súa terras

(a') *Defenderon desa nova construtora

(b) Advertín os teus amigos

(b') *Advertín de que xa era tarde

(c) Axudou os rapaces

(c') Axudou a facer os exercicios

(c'') ?Axudou a faceren os exercicios

Por outra banda, a respecto dun A₂ co trazo [+humano], existe na lingua certa tendencia á anaforización pronominal mediante un dativo, isto é, interpretando ese actante aparentemente como A₃¹¹⁶. Na realidade, trátase dun fenómeno antigo, xa documentado na lingua arcaica, en que, segundo nos indica López Martínez (1993: 189), predomina con todo a substitución por un acusativo¹¹⁷; é o que acontece nos verbos *advertir*, *informar*, *axudar*, *ensinar* ou *avisar*:

115 Di ao respecto Martínez García (1986: 91) que “los núcleos verbales, obligatoriamente determinados por implemto [A₂], exigen la presencia de un sitagma preposicional, difícilmente eliminable en la mayoría de los casos de la estructura oracional”. E engade: “Puede decirse que núcleo verbal + suplemento se hallan en relación de solidaridad: es imposible suprimir ninguno de los términos de la relación, sin que se produzca variación léxica en el verbo o cambie de significado”.

116 Véxase Freixeiro Mato (2006, II: 147) cando fala do conflito dativo / acusativo. Para este autor existen “verbos que admiten dativo ou acusativo de persoa compatibilizándoo con suplemento”, entre os cales salienta *axudar*, *avisar*, *obrigar*, *informar* ou *ensinar*.

117 Escribe tamén López Martínez (1993: 189): “No galego medieval as cláusulas constituídas por verbos como *axudar*, *obedecer*, *servir* deixan constancia da dobre posibilidade de réxime que posuían no latín. Se o complemento destes verbos está desempeñado por un pronome persoal átono, a forma empregada será nuns casos *lle* / *les*, procedente do dativo latino, e noutros *o*, *a*, *os*, *as*, derivadas do acusativo. Deste xeito, o verbo *axudar* pode ir acompañado dunha forma derivada do dativo [...]. Con todo, as formas átonas procedentes de acusativo son maioritarias”.

108. (a) Advertiuno do acontecido
 (a') Advertiulle do acontecido
 (b) Informouno diso
 (b') Informoulle diso
 (c) Axudáronos a limparen a casa
 (c') Axudáronlles a limparen a casa
 (d) Ensinouno a ler
 (d') Ensinoulle a ler

Coidamos que a explicación para tal alternancia, presente tamén no estándar portugués, é debida á proximidade nos dominios da transitividade entre A_2 e A_4 . Habendo un A_2 o máis normal é que o seguinte actante sexa A_3 , cousa que se non dá con este tipo de verbos, en que esa función básica corresponde a A_4 ; como comunmente A_4 non se pode deictizar por un pronome átono, e como este actante garda unha certa proximidade con A_2 , a lingua interpreta precisamente este actante como A_3 , de aí a duplicidade antes sinalada. Porén, sendo lóxica esta dupla posibilidade, parece conveniente sermos congruentes coas predicacións lingüísticas plenas, en que non hai anaforización, e aínda nos casos de substitución por unha forma pronominal átono semella ser igualmente recomendábel manter os clíticos de acusativo como representantes deícticos de A_2 , por congruencia co resto dos predicados verbais en que se achan A_2 e A_4 , e por congruencia tamén cos usos maioritarios do galego-portugués medieval, en que as substitucións por pronomes átonos de acusativo predominan sobre a recorrencia ao dativo.

Aliás, en relación a A_4 , existe tamén a tendencia á eliminación da partícula prepositiva cando este actante estiver representado por unha cláusula, como se aprecia nos exemplos seguintes:

109. (a) Avisou os amigos (de) que xa era tarde
 (a') Avisounos (de) que xa era tarde
 (a'') Avisoulles (de) que xa era tarde
 (b) Informou os colegas (de) que xa saíran as cualificacións
 (b') Informounos (de) que xa saíran as cualificacións
 (b'') Informoulles (de) que xa saíran as cualificacións

Mais estas posibilidades teñen igualmente as súas restricións, pois, en primeiro lugar, na liña do comentado máis arriba, tal eliminación non se produce en contextos en que A₄ non é unha cláusula (*Avisounos diso* / **Avisounos iso*); e en segundo lugar, a preposición que protagoniza esa posíbel omisión é sempre *de*, nunca *a*, de onde se infire un distinto comportamento de ambos os nexos en tales situacións¹¹⁸:

110. (a) Axudei os amigos a limparen a casa
 (b) Obrigou os convidados a traballaren
 (c) Ensinou os alumnos a tocaren aquelas melodías

Por último, nalgúns verbos trivalentes poden alterarse os seus respectivos cadros actanciais e, aínda a conservaren o número de actantes, facilítase a mudanza do carácter semántico destes; é o que se observa na posibilidade dunha das predicacións do verbo *dar* a seguir, en que alterna na lingua a estrutura con A₁, A₂ e A₃ a carón de A₁, A₃ e A₄:

111. (a) Deulle labazadas até que cansou
 (b) Deulle de labazadas até que cansou

Que se trata dunha singularidade deste predicado verbal con relación a outros con idéntico cadro actancial (A₁, A₂ e A₃) e cunha significación próxima ('proporcionar algo a alguén) vén corroborado pola dúbida da gramaticalidade con verbos homólogos, como *entregar*, ou mesmo a certeza da súa incorrección, cal *doar* ou *regalar*:

112. (a) Entregueille os papeis e marchei
 (a') ?Entregueille de papeis e marchei
 (b) Doou ao asilo varios móbeis
 (b') *Doou ao asilo de varios móbeis
 (c) Regalareille rosas polo seu aniversario
 (c') *Regalareille de rosas polo seu aniversario

118 O cal non obsta, porén, para que noutros contextos si transpareza esa tendencia á eliminación inclusive con *a*, sobre todo en certas perífrases e complexos verbais: *Iso volta (a) ser o que era antes*; *Baixamos (a) tomar café*; etc.

3.3. Verbos de valencia variábel

Para alén dos predicados verbais bivalentes e trivalentes, existen algúns que se poden construír, á semellanza dos anteriores, con diversas combinacións de actantes. En moitas ocasións resulta difícil determinarmos o cadro actancial, pois ás veces a identificación do número de elementos argumentais tórnase unha tarefa certamente complicada. A este respecto, tal como se afirma en Busse / Vilela (1986: 67), hai “verbos que apresentam construções com um número variável de actantes, em que é quase impossível dizer se se trata duma construção, digamos, primariamente trivalente, com dois actantes facultativos, o se se trata de duas construções do mesmo nível, também primárias”.

Unha das estruturas típicas destes casos de valencia variábel consiste na escolla entre A_1 e A_4 , dun lado, e A_1 , A_2 e A_3 , doutro. A elección determina que certos verbos, como os que seguen, poidan ser predicábeis biactancialmente ou triactancialmente con subsecuentes e notábeis mudanzas no plano do significado:

113. (a) Xa demos co libro
 (a') Os membros do xuri déronlle un premio bo
 (b) Non confiabamos neles
 (b') Confíalles os segredos aos teus amigos

Como tamén acontecía con *voar* / *sobrevoar* (véxase 1.3.1), a derivación prefixal pode alterar o cadro actancial e mesmo a preposición que introduce o cuarto actante, como se observa nos exemplos a seguir:

114. (a) Confíalles (A_3) o segredo (A_2)
 (b) Confiamos nos vossos amigos (*en* + A_4)
 (b') Desconfiamos dos vossos amigos (*de* + A_4)

Outrosí, hai que facer referencia aos casos comentados anteriormente para complexos verbais do ámbito da oralidade popular, formados con *dicir* ou *ordenar* se seguidos da preposición *de* e dun infinitivo:

115. (a) Dicia de ir ao teatro (A_4)
 (a') Dixéronlle (A_3) a verdade (A_2) sobre o asunto
 (b) Ordenou de limpar o cobertor (A_4)
 (b') Ordenoulles (A_3) que saísen (A_2)

Por súa vez, o verbo *falar* é un dos que máis se prestan á variación do seu cadro actancial, para cuxos exemplos nos baseamos en Busse / Vilela (1986: 67)¹¹⁹. Deixando de parte construcións menos comúns, como *falar para*, habitual, no entanto, no Brasil e en certos falares dialectais e populares de Portugal (Buescu 1984: 116)¹²⁰, chama a atención as posibilidades de estruturación que este predicado verbal posúe. Nin sempre, con todo, tales recursos sintácticos clarifican perante que tipo de actantes nos achamos; as seguintes mostras, que non pretenden ser exhaustivas, ilustran esa ampla gama de estruturación:

116. (a) O Luís fálalle da súa doenza (A₁, A₃, A₄)
- (b) O Luís fala da súa doenza (A₁, ?A₃ facultativo, A₄)
- (c) O Luís fálalle á María (A₁, A₃)
- (d) O Luís xa fala coa María (pop. e col. ‘ser a parella de’) (A₁, A₄)
- (f) O Luís fala coa María da súa doenza (A₁, A₄, ?Circunstante)

Dentro dos verbos de valencia variábel, e partindo da consideración de os clíticos seren morfemas do verbo, resta por falarmos das coñecidas como construcións pronominais do tipo *Lávase*, *Déronse un abrazo* ou *Quéixanse do mau tempo*. Para este fin, parece pertinente en primeiro lugar repararmos no comportamento xeral dos verbos a este respecto, cuestión para a cal seguimos o exposto en Freixeiro Mato (2006, II: 153-161), onde se establece unha clasificación dos verbos pronominais e dos valores que puideren ter se non foren empregados con estas partículas clíticas. Do comportamento xeral dos verbos canto á reflexividade, cómpre observarmos, analogamente ao que acontecía co carácter transitivo ou intransitivo dos predicados verbais (véxase 1.2), que non se manifesta estaticamente en todo o conxunto destes, mais que é unha característica variábel onde se distingue un máximo, obrigatorio, de aparecemento do apéndice pronominal (*queixarse de / por* etc), unha situación media (*parecer / parecerse* etc.) e un punto mínimo de falta de produtividade (*morror, adormecer* etc.). Así pois, distínguense en galego varios tipos de verbos canto ao seu comportamento nas estruturacións pronominais:

119 Véxase, a respecto do verbo *falar*, tamén Vilela (1995: 137-148), quen distingue tres tipos verbais: *falar* 1, que “é un predicado típico de um lugar, concentrando-se apenas no falante como fonte produtora de sons linguísticos, como actividade linguística; *falar* 2, que “implica o estabelecimento de contactos por meio da língua”; e *falar* 3, o cal “pressupõe um grupo de Destinatários e uma Mensagem de certo fôlego e de um conteúdo com certo peso”. É digno de nota, con todo, que na relación de verbos intransitivos (por tanto aqueles que non precisan de ningún complemento para teren significación plena) que achega Martins (2000: 134) o verbo *falar* figure entre os exemplos de tales predicados verbais.

120 Matiza esta estudiosa: “Às vezes a preposição empregada normalmente com um dado verbo é substituída por outra: os verbos *falar*, *dizer*, constroem-se em geral com a preposição *para* substituindo a da língua-padrão” (Buescu 1984: 116).

1. Verbos que non admiten a construción reflexiva¹²¹, tales como *adormecer*, *morror*, *escurecer*, *esmorecer* etc., e nos cales, nalgúns predicados, o seu cadro actancial tolera en ocasións tanto un esquema monovalente canto bivalente:

117. (a) O día escureceu antes de tempo

(b) Ese músico escureceu outros talentos contemporáneos

2. Verbos que, a pesar de xeralmente iren sen construción reflexiva, toleran este índice pronominal e non mudan de significado, do tipo *cansar*, *sentar*, *casar* etc.¹²²; o cadro actancial en tales casos pode ser monovalente (*Sentei*), bivalente (*Sentei os rapaces en primeira fila*) ou mesmo trivalente (*Casei o fillo coa María*)¹²³:

118. (a) O Xoán sentou para ver o concerto

(b) O Xoán sentouse para ver o concerto

3. Verbos que se empregan coas dúas posibilidades, mais a mudaren de significado, como *parecer* ('aparentar') / *parecerse* ('imitar'), *dar* ('entregar') / *darse* ('afacerse', 'ter empatía' ou 'nacer da terra'), *afogar* ('morror por falta de ar' / *afogarse* ('enforcarse'), *conformar* ('dar forma') / *conformarse con* ('resignarse') etc.; o esquema actancial preséntase no conxunto destes verbos sen carácter estático, pois existen os predicados bivalentes (*conformar* 'dar forma') e os trivalentes (*conformarse con*):

121 É digno de nota o feito de que nalgúñas falas portuguesas certos verbos que se constitúen comunmente sen incrementación reflexiva poidan ir acompañados do pertinente clítico. A este respecto, indica Buescu (1984: 118-119) que certos "verbos que, na linguagem normal, não têm conjugação reflexa, são empregados, no falar de Monsanto, reflexamente. Em geral este emprego reflexo tem, aproximadamente, um valor médio, isto é, situa a ação no plano de interesse do sujeito"; entre os casos que expón, figuran, alén doutros, os seguintes: *secar-se*, *morror-se*, *temer-se*, *ficar-se* etc. O fenómeno parece ser común a máis comarcas da Beira, pois, de acordo con Borges (2000: 27), na linguaxe popular do Concelho de Figueira de Castelo Rodrigo, nótase "a particularidade de pronunciar alguns verbos reflexamente, quando não têm essa forma: *dormiu-se*; *morreu-se*, *vomitou-se*".

122 A esta relación habería tamén que lle adicionar posibilidades como *calar* / *calarse*, *despertar* / *despertarse* etc., que se rexistran hoxe en día preferencialmente a se usaren sen construción reflexiva. Esta tendencia actual da lingua é, seguramente, o que pode explicar que outros verbos se atesten no galego dos nosos días sen o índice clítico a pesar de tradicionalmente o levaren. Un destes casos é o exemplo de *pasar* / *pasarse*, para o cal existían as dúas posibilidades de uso no solpor do XIX e para que hoxe é maioritario o seu emprego sen o índice da reflexividade: ¡*Alegría! si a teño / tróuguena da miña casa*; / *dentro do meu corazón* / ¡*sabe Dios o que se pasa* (CPG II, 302); *Quén me dera estar tan alto* / *como está a estrela d'o Norte* / *para ver o que se pasa* / *dentr'o Ferrol esta noite* (CPG III, 100); etc.

123 Cfr. a construción tradicional, hoxe case en desuso, *casar(se) para* + A_s: *Era un rapaz algo corto que se foi casar pra fora* (CLU 115).

119. (a) O pensamento de Castelao conforma o nacionalismo do século XIX
 (b) Non nos conformamos con semellante soldo

4. Verbos de estruturación actancial comunmente bivalente que, sen modificaren no esencial o seu significado, acrecentan novos valores, cal *deixar* ('abandonar') / *deixarse* ('permitir', 'caír no autoabandono persoal'), *perder* ('ignorar a localización dun obxecto cando previamente se sabía') / *perderse* ('derramarse'), *valer* ('ser apto') / *valerse* ('ser capaz por un mesmo') etc.

120. (a) Perdeu as chaves na romaría
 (b) O leite perdeuse por o non ferverdes

5. Verbos bivalentes que admiten a construción reflexiva e a non reflexiva, mais naquela é de regra un A₄, como *esquecer* / *esquecerse de*, *lembrar* / *lembrarse de* etc.

121. (a) A madriña esqueceu o libro
 (b) A madriña esqueceuse do libro

6. Verbos bivalentes que unicamente se constrúen con forma reflexiva, en que o pronome é un morfema lexemático (Cidrás Escáneo 1991: 113-119), do tipo *queixarse*, *atreverse* etc.:

122. (a) Queixábanse dos altos impostos
 (b) O alcalde non se atreveu a acudir ao lanzamento do libro

7. Verbos que, por último, a presentaren comunmente unha estruturación actancial bivalente e estando englobados tradicionalmente nos intransitivos, admiten as dúas posibilidades de construción, aínda que a utilización do pronome acrecente algúns matices, como *ir* / *irse* ou *marchar* / *marcharse*, en que nos segundos exemplos semella ter máis relevancia o carácter definitivo da acción do que esta:

123. (a) Marchou hai dúas horas
 (b) Marchouse para Cuba

E, en segundo lugar, resta falarmos das tipoloxías de construcións pronominais en que aparece o clítico reflexo. Hai xa algo algún tempo, Cidrás Escáneo (1991)

propuxo unha clasificación e caracterización que será adoptada nesta exposición. A termos en conta o comportamento dos verbos canto á reflexividade sinalado anteriormente e resumíndolos o traballo deste estudioso, pode falarse en galego de tres posíbeis estruturacións pronominais¹²⁴:

1. A primeira, en que a partícula *se* é un morfema flexional obxectivo a respecto do núcleo verbal, caracterízase por o pronome átono *se* comportar de idéntico modo do que o resto dos clíticos, distinguindo neste sentido as construcións reflexivas directas (*O Brais lavouse, A María penteouse hoxe*), as reflexivas indirectas, producidas en contextos moito marcados (*Propuxéronse facer o inquérito, Luís non se pode permitir ir a Escocia*) e cuxa entidade dentro da gramática galega é cuestionada por Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 94), e as recíprocas (*Os dous colegas déronse a man e logo abrazáronse*)¹²⁵.

2. A segunda modalidade, en que o pronome recibe a denominación de morfema flexional subxectivo, corresponde ás coñecidas cláusulas de “*se* impersonal” da gramática tradicional (*Véndese terreos a bon prezo e faise arrendamentos*).

3. E o terceiro tipo de construcións pronominais ten como particularidade ser o clítico un formante lexemático do verbo que, caso de non aparecer con el, pode modificar o seu significado (*Riu moito connosco / Riuse moito do asunto*).

Dado que a primeira modalidade non presenta dificultades para entendermos o clítico como unha anaforización dun actante, isto é, comumente A_2 e moito ocasionalmente A_3 ¹²⁶, e dado tamén que o segundo tipo corresponde a un mecanismo

124 Véxase tamén Vilela (1992: 77-80), quen distingue: (a) reflexividade inherente “en que o reflexivo faz parte do próprio verbo” (cal *arrependerse de, atreverse a* etc.); (b) reflexividade inherente en que predicados verbais “são apenas variantes de outras realizações não reflexivas” (do tipo *alegrarse por / alegrar, interesarse por / interesar* etc); (c) construcións análogas á pasiva; e (d) reflexividade xenérica, que se encontra en linearidades cal *Os libros véndense aquí* ou *Os topónimos escribíense con maiúscula*.

125 Dentro dos dominios da reciprocidade, deberíase tamén salientar o que determinados autores, a se basearen en principios fundamentalmente semánticos de identificación entre A_1 e A_2 e entre A_2 e A_4 , denominan como verbos simétricos (Fonseca 1993b) algúns con posibilidade de índice pronominal (*O Brais parece o teu irmán / O Brais e o teu irmán parécense / *O Brais e o teu irmán parecen*) e outros construídos sen a forma clítica (*A María discutiu co compañeiro / A María e o compañeiro discutiron; O Luís concorda co Xoán / O Xoán e O Luís concordan*).

126 Na medida do posíbel, do noso punto de vista, deben evitarse certas construcións con pronome clítico a axir como índice de A_3 , nos casos reflexividade indirecta, do tipo *O xastre fíxose un traxe*,

para indeterminar A₁¹²⁷, circunstancia que pon en relación ese pronome átono co SUX, imos centrar a nosa atención na terceira tipoloxía, ou sexa, naquelas predicacións en que o pronome átono fai parte do propio verbo e en que existe a posibilidade dunha construción con A₄ ou prescindindo deste actante. Isto lévanos, primeiramente, a salientarmos un grupo de construcións pronominais en que A₄ vén exixido polo significado lexical do verbo; é o que acontece con predicados como *arrependerse de*, *absterse de*, *queixarse de* etc.; nalgúns destes casos A₄ goza dunha maior liberdade de aparecemento, polo que ás veces se comporta como un actante facultativo:

124. (a) Arrepéndéronse do que levaban feito
 (b) O Ramiro abstívose de votar
 (b') O Ramiro abstívose na votación
 (c) Queixámonos do voso comportamento
 (c') Queixámonos mais non nos escoitaron

Porén, é preciso ponderarmos que o comportamento dos verbos canto á reflexividade e a A₄ non sempre foi o mesmo se confrontadas as diversas etapas da lingua, xa que a diacronía, segundo aconteceu coa preferencia moderna por unha preposición nin sempre coincidente coa época medieval, modificou algunhas destas construcións. Así as cousas, de acordo con Cidrás Escáeno (1991: 121), *queixarse* “posuíu nas orixes da lingua un uso transitivo co valor de ‘aflixir’ [...], uso este que perdeu axiña ó verse descargado sobre a forma derivada *aqueixar*”; o mesmo se podería sinalar para outros exemplos, cal *esforzarse*, válido tamén no galego-portugués medieval como *esforçar* + A₂, ou aínda *apoderarse*, atestado tamén na lingua antiga como *apoderar* + A₂¹²⁸. A partir destas variacións no plano diacrónico é como talvez se poidan explicar algunhas pequenas diverxencias no dominio da reflexividade entre as utilizacións máis habituais nas dúas ribeiras miñotas, do tipo *mergullar*,

xa que nalgúns ocasións a lingua dispón doutros medios para expresar esa acción (cfr.: *O xastre fixo un traxe para sí*). Réparese en que a existencia de tales estruturas achega o galego ao español, lingua que beneficia especialmente estes usos do reflexivo

127 Sobre esta indeterminación afirma Cidrás Escáeno (1991: 112-113) que o “*se* impersonal, fronte ós outros clíticos, non está en lugar dun elemento nominal determinado, senón que é referente verbal dunha posición argumental baleira (a dun SUX semántico lingüisticamente indeterminado) que pola súa propia vacuidade non é susceptible de sustentar función sintáctica”. E conclúe a indicar que o “*se* defínese pois, nestas” construcións pronominais, “como un morfema flexional subxectivo, índice dun SUX semántico lexicamente baleiro e ó que por esa propia vacuidade non se lle pode asignar función sintáctica ningunha (de onde se deriva a indeterminación sintáctica de toda a construción)”.

128 Para máis exemplos de modificacións nas construcións reflexivas e non reflexivas entre o galego medieval e o moderno, véxase Cidrás Escáeno (1991: 120-124).

en galego adoito trivalente con posibilidade de construción pronominal (*Mergullou os rapaces na auga* / *Mergullouse na auga*), e *mergulhar*, bivalente no estándar lusitano (*Mergulhou no mar*).

Outro grupo de verbos desta clase é construído ora con A_2 (ou con A_2 e A_3), ora con A_4 e incrementación reflexiva, e caracterízase porque o pronome clítico é un morfema flexional obxectivo e polo feito de ir acompañado de A_4 ; isto é, “há também verbos que são tanto autênticos reflexivos como não reflexivos” (Vilela 1999: 76). En tales circunstancias, pode mesmo variar profundamente o significado do lexema verbal, pois a relación entre acrecentamento reflexivo e A_4 é tan estreita que adoito o verbo ten tendencia a adquirir unha significación moito diferente daqueloutra en que figura un A_2 (Martínez García 1986: 135), tal como se observa nos exemplos seguintes¹²⁹:

125. (a) Prestoulle a camisola nova
 (a') Préstome a te axudar¹³⁰
 (b) Os veciños brindáronselles para lles amosaren a vila
 (b') Bríndome a te levar á casa se o quixeres
 (c) O seu pensamento conforma unha ideoloxía coherente
 (c') Non te conformes con aprobares dese xeito
 (d) Desfixeron o valo vello de pedra
 (d') Desfixéronse do valo vello de pedra

Aínda, non faltan actancialidades verbais bivalentes en que se atestan até tres estruturacións, como acontece con *entender*, verbo que valida A_1 e A_2 , A_1 e A_4 , e mais A_1 e A_4 cunha estrutura pronominal:

126. (a) A Xoana entende eses problemas (A_1 e A_2)
 (b) A Xoana entende deses problemas (A_1 e A_4)
 (c) A Xoana enténdese co Xoán (A_1 e A_4 con CPRO)

A este respecto, é significativo o caso de *acordar*, predicado que tolera varias construcións, unha delas monovalente:

129 Algunhas destas construcións están inspiradas en Cidrás Escáneo (1991: 118-119).

130 Repárese tamén na construción *prestar* + A_3 , equivalente a *agradar* ou *apetecer*: *Eses teus colegas non me prestan*; *Non me presta ir de viaxe*; etc.

127. (a) Acordei cedo (A₁) ‘despertar’
 (b) Acordáronme os foguetes (A₁, A₂) ‘despertar’
 (c) Acordou vir (A₁, A₂) ‘decidir’
 (d) Acordouse de vir (A₁, A₄ con CPRO) ‘lembrar’
 (e) Acordáronlle aquelas palabras (A₁, A₃) ‘lembrar’

Tamén se encontran algúns verbos que modifican o seu cadro actancial e poden engrosar tanto a lista dos bivalentes canto a dos trivalentes. Aínda que se non trate dunha situación habitual, é a que se produce co verbo *dar* (trivalente: A₁, A₂ e A₃; trivalente: A₁, A₃ e A₄; bivalente: A₁ e A₄; bivalente: A₁ e A₄ con CPRO; bivalente: A₁ e A₅)¹³¹ ou con *meter* (trivalente: A₁, A₂ e A₅; trivalente A₁, A₂ e A₄ con CPRO; trivalente: A₁, ?A₂ e A₄ con construción pronominal; bivalente: A₁ e A₄ con CPRO). A mudanza de significado en tales casos é certamente notoria:

128. (a) O seu pai deulle un beixo (A₁, A₂ e A₃)
 (b) O seu pai deulle de labazadas (A₁, A₃ e A₄)
 (c) Xa dei coa solución (A₁ e A₄)
 (c') Xa dei na solución (A₁ e A₄)
 (d) O novo colega dáse ben co profesor (A₁ e A₄ con CPRO)
 (e) Esa rúa dá á praza (A₁ e A₅)
129. (a) O Xoán meteu a man no peto (A₁, A₂ e A₅)
 (b) O Xoán meteuse a carpinteiro (A₁, A₂ e A₄ con CPRO)
 (b) O Xoán meteuse a unha casa (A₁, ?A₂ e A₄ con CPRO)
 (c) O Xoán meteuse cos vossos amigos (A₁ e A₄ con CPRO)

Noutros casos, con todo, o que se produce é unha diferenciación de matices entre as dúas posibilidades de construción, subtil nalgúns casos, como no primeiro e no terceiro par de exemplos a seguir, e algo máis evidente noutros, cal se documenta na segunda parella:

131 Nótase que, de acordo con algúns dicionarios (por exemplo Navaza Blanco / Lastra Muruais 1994: 292, s.v.), *dar* é un dos verbos que máis acepcións ten e que máis facilita a creación de frases feitas, como *dar a luz*, *dar as horas*, *dar cabo*, *dar de fociños*, *darlle a alguén por algo* etc., o que sen dúbida debe ter axudado a que se poida construír na actualidade con tanta variación actancial.

130. (a) O fillo alegrou a súa vida (A_1 e A_2)
 (a') Alégrome de que viñeses (A_1 e A_4 con CPRO)
 (b) O avó ocupa toda a súa vida (A_1 e A_2)
 (b') Do avó xa se ocupa el (A_1 e A_4 con CPRO)
 (c) Eses homes envergoñaron os nosos amigos (A_1 e A_2)
 (c') Os nosos amigos envergoñáronse deses homes (A_1 e A_4 con CPRO)

Hai verbos en que a utilización de A_2 ou da construción pronominal con A_4 parece obedecer a cuestións de estilo, como pode ser o caso de *lembrar algo* / *lembrarse de algo*, ou mesmo *esquecer algo* / *esquecerse de algo*. Paga a pena notarmos, neste sentido, que para os casos de *esquecer* e *lembrar* o portugués se decidiu na lingua estándar polas construcións *esquecer-se de* e *lembrar-se de*, aínda que existe igualmente o uso destes verbos acompañados de A_2 , como no galego, embora non máis aló de rexistros populares. Quizais nun futuro se poderían delimitar coas mesmas equivalencias diastráticas na nosa lingua ambas as estruturacións, por as dúas estaren perfectamente vivas¹³², co que non suporía mudanza ningunha, e por significar unha aproximación e reencontro do galego, certamente pequena mais non por iso intranscendente, co seu tronco lingüístico. No tocante ao verbo *esquecer* e ás súas posibilidades de estruturación actancial, hai indicios de que existen preferencias diatópicas canto á escolla de un ou doutro tipo de marco predicativo. Así se recolle en ILG (1995: 214-215), en que a opción (131d), que expomos a seguir, ten certo atestamento nas falas orientais do país:

131. (a) Esqueceu as chaves
 (b) Esqueceuse das chaves
 (c) Esquecéronlle as chaves
 (d) Esquecéronselle as chaves

Tamén se observa a pertinencia dos trazos [+humano] (e talvez [+animado]) nalgúns destes pares, como sucede con *achar* + A_2 / *acharse con* + A_4 , *atopar* + A_2 / *atoparse con* + A_4 ou *encontrar* + A_2 / *encontrarse con* + A_4 ¹³³:

132 E mesmo as dúas construcións posúen testemuños literarios (cfr.: *O meu pai non esquece á miña nai; non m'esquece á min tampouco*, DO 75; *Mais esquecímonos de falar do té*, LC 22), inclusivamente no mesmo autor e obra (cfr.: *Cando o escapulario biques / lémbrete sempre de min*, CAG 13 – *cando estou de ti lonxe / moito a o lembrarte padezo*, CAG 21; *nunca te esquezas de Dios / nin de min, meu fillo*, CAG 13 – *Qu'examais m'esquenceras / dixeches chorando a fío*, CAG 17; etc).

133 Repárese en que *achar* e *encontrar*, por súa vez, tamén admiten predicacións con A_2 e A_{10} : *Eu* (A_1) *encóntrate* (A_2) *moito insolente* (A_{10}); *A Ana* (A_1) *achou esa solución* (A_2) *pouco acaída* (A_{10}) etc.

132. (a) Achamos un portavoz magnífico
(b) Achámonos cun portavoz magnífico
(c) ?Achámonos cun can na rúa
(d) *Achámonos cunha moeda

4. Conclusións

Contrastivamente con outras escolas gramaticais, para o marco teórico da gramática dependencial é o verbo a unidade lexical básica sobre a cal se estruturan as predicacións lingüísticas, até o punto de ser considerado o nó ou rexente dese tipo de unidades sintácticas superiores. Na realidade, desde os inicios da tradición gramatical grecolatina sempre se identificou o predicado verbal como unha caste de palabras á parte, en confronto con outras tipoloxías, en que, a día de hoxe, aínda non hai acordo unanimemente subscrito sobre cantas clases existen ou sobre a pertinencia de subdividir ou reagrupar algunhas das existentes.

